

BOLETÍN GALEGO DE
LITERATURA

A edición desta revista está subvencionada
pola Dirección Xeral de Investigación e
Desenvolvemento da Xunta de Galicia

O *Boletín Galego de Literatura* é unha revista literaria semestral editada pola Universidade de Santiago de Compostela dende o ano 1989 e redactada enteiraamente en lingua galega. Acolle artigos de crítica e historiografía sobre calquera literatura do mundo e tamén traballos de investigación en Teoría da Literatura, Crítica Literaria, Poética, Retórica, Hermenéutica, Semiótica, etc., é dicir, todo o amplo campo de coñecemento de tan longa tradición como o desenvolvido ao redor do feito literario nun senso amplo.

INTRODUCCIÓN		7	
NÚMERO 23, MAIO 2000			
Cuberta	Alex Mene	9	
Creación	Xavier Carro	11	
	Víctor Fernández Freixanes	21	
Sumario		33	
NÚMERO 24, NOVIEMBRE 2000			
Cuberta	Miguelanxo Prado	37	3
Creación	Miguel Anxo Fernán-Vello	39	
	Román Raña Lama	47	
Sumario		55	
NÚMERO 25, MAIO 2001			
Cuberta	Antón Pulido	59	
Creación	Ánxeles Penas	61	
	Xosé Antonio Perozo	75	
Sumario		85	
NÚMERO 26, NOVIEMBRE 2001			
Cuberta	Víctor Casas	89	
Sumario		91	
NÚMERO 27, MAIO 2002			
Cuberta	Amabel Míguez de la Sierra	93	
Creación	Suso de Toro	95	
Sumario		109	

NÚMERO 28, NOVIEMBRE 2002			
	Cuberta	Mercedes Díaz Villarías	113
	Creación	Yolanda Castaño	115
		Xavier Queipo	127
	Sumario		137
MONOGRAFÍAS, <i>VELLO CEO NÓRDICO</i> , 2002			
	Cuberta	Vive Tolli	141
	Sumario		143
NÚMERO 29, MAIO 2003			
	Cuberta	Baldo Ramos	145
	Creación	Ramón Caride	147
		Luísa Villalta	159
	Sumario		169
NÚMERO 30, NOVIEMBRE 2003			
	Cuberta	José Manuel Bouzas	171
	Creación	María do Cebreiro	173
		Luís G. Tosar	181
	Sumario		193
NÚMERO 31, MAIO 2004			
	Cuberta	Jaime Asensi	195
	Creación	Juan L. Blanco Valdés	197
		Agustín Fernández Paz	207
	Sumario		215
NÚMERO 32, NOVIEMBRE 2004			
	Cuberta	Roser Capdevila	217
	Creación	Agustín Fernández Paz	219
		Xabier P. Docampo	227
		Suso de Toro	237
	Sumario		247
NÚMERO 33, MAIO 2005			
	Cuberta	Ana Díaz	251
	Sumario		253

NÚMERO 34, NOVIEMBRE 2005			
Cuberta	Ramón Díaz	257	
Sumario		259	
NÚMERO 35, MAIO 2006			
Cuberta	Alberto Vázquez Rico	263	
Creación	Xaime Asensi	265	
	Manel Cráneo	275	
	José Carlos Fernández	279	
	Kiko da Silva	285	
Sumario		287	
NÚMERO 36-37, NOVIEMBRE 2006			
Cuberta	Gémeo Luís	289	
Creación	Ricardo Martínez Conde	291	
Sumario		305	
NÚMERO 38, NOVIEMBRE 2007			
Cuberta	Vicente Blanco Mosquera	309	5
Creación	Daniel Salgado	311	
Sumario		323	
NÚMERO 39-40, MAIO 2008			
Cuberta	Salvador Cidrás	327	
Creación	Antonio García Teijeiro	329	
Sumario		343	
ÍNDICE DE COLABORADORES		349	
ÍNDICE DE CREACIÓN. LITERATURA E MÚSICA		363	
ÍNDICE DE CREACIÓN. ILUSTRACIÓN		365	

NOTA DA DIRECCIÓN

Outros dez anos se cumpriron dende que en 1999 celebrabamos o décimo aniversario do *Boletín Galego de Literatura* dando a luz das prensas universitarias da USC un volume dobre (núms. 21-22) no que reuniamos unha información que, para a nosa consideración, podía resultar de interese para quen se dedique aos estudos literarios en toda ou en parte da súa complexidade e riqueza, reproducindo os sumarios dos vinte números e unha monografía sobre Álvaro Cunqueiro editados até aquel momento. Ademais daquela información de carácter científico, e coa finalidade de presentar unha pequena mostra da actividade creativa que se estaba a desenvolver en Galicia nos sectores da literatura e das artes plásticas, reeditabamos as seccións de creación literaria onde, número a número, foron aparecendo escritores pertencentes exclusivamente ao sistema literario galego. Así mesmo, ofreciamos unha reprodución de todas as cubertas que lle prestaran á nosa revista unha dimensión plástica que, por outra parte, nunca quixemos abandonar e procuramos agarimar con esmero. Tamén para esta faceta do *Boletín Galego de Literatura* procuramos artistas que fosen de nación galega ou, de non o ser, estivesen plenamente asentados no noso territorio e nel desenvolvesen toda a súa actividade. Só nunha ocasión excepcional (núm. 5, maio 1991) as artes plásticas estiveron representadas por un interesantísimo pintor de fóra de Galicia, o valenciano Jordi Teixidor, que, por certo, máis tarde, no ano 2000, ingresaría como membro de número na Real Academia de Bellas Artes de San Fernando de Madrid.

Cumpre agora a nosa revista outros dez anos máis, co que conta xa con corenta e dous números e trinta e oito volumes en total, pois neste decenio saíron, contando o que ten o lector nas mans, tres volumes dobres e o segundo da serie *Monografías*, que contén unha antoloxía trilingüe, estonio-galego-inglés, da poesía estonia (pos)moderna, preparada por Jüri Talvet e Arturo Casas, coa colaboración de Manuel Barbeito e Manuela Palacios para a tradución inglés-galego, e ilustracións da pintora estonia Vive Tolli.

Non foi esta última citada *Monografía II*, que leva por título *Vello ceo nórdico*, o único volume destas características, é dicir, monográfico, dos últimos dez anos, pois, malia apareceren coa numeración correlativa da revista, viron a luz no *Boletín Galego de Literatura* outras tres áreas temáticas que ocuparon catro volumes, así mesmo, monográficos:

O número 32, dedicado ás literaturas infantís e xuvenís do marco ibérico, baixo o título *Para entenderte mellor*, coordinado por Gemma Lluch e Blanca-Ana Roig Rechou e ilustrado por Roser Capdevila.

Os números 33 e 34, identificados co título *A Literatura Comparada hoxe I e A Literatura Comparada hoxe II*, respectivamente, coordinados por Anxo Abuín González e César Pablo Domínguez Prieto e ilustrados por Ana Díaz e Ramón Díaz, respectivamente.

E o número 35, que versa sobre *Olladas do cómic ibérico*, preparado por Antonio Gil González e Anxo Tarrío Varela, co asesoramento técnico de Manel Cráneo e Xaime Asensi e cuberta de Alberto Vázquez Rico.

Dada a boa acollida que tivo aquel volume recopilatorio de hai dez anos, co cal, ademais, estreabamos novo deseño a cargo de Alejandro Vidal, repetimos agora a metodoloxía seguida entón, con poucas variantes, e ofrecemos, xa que logo, os sumarios de todos os volumes aparecidos dende 2000 a hoxe, os textos de creación literaria que os acompañaron e mailas diferentes cubertas dos dezasete volumes aparecidos, deseñadas por outros tantos artistas plásticos que tiveron a xenerosidade de colaborar con nós.

Agora, como daquela, tamén temos que lamentar a desaparición de persoas moi queridas que contribuíron, dun xeito gratuito e responsábel, a facer do *Boletín Galego de Literatura* unha revista con dignidade e interese suficientes para circular polo mundo. É de obrigado recoñecemento lembrarnos aquí, en primeiro lugar, de Claude Henri Poullain, profesor da Universidade de Nice, moi querido amigo e membro do Consello Científico da nosa revista que faleceu nada máis comezada esta segunda década. Vaia o noso profundo sentimento pola perda de tan grande estudioso da nosa Rosalía de Castro; un sentimento que queremos transmitir tamén á súa viúva, madame G. Poullain, tamén moi querida amiga, e aos seus fillos.

Cunha xuventude que prometía moito máis do que a vida lles permitiu, dixémoslle adeus a tres mulleres entrañabeis, colaboradoras do *Boletín Galego de Literatura*: as poetas Xela Arias (1962-2003) e Luísa Villalta (1957-2004), e a profesora e colega de quen isto escribe na Facultade de Filoloxía de Santiago de Compostela, Cristina Blanco Outón (1964-2004). Con motivo da morte de Luísa, o *Boletín Galego de Literatura* organizou unha pequena, pero intensa e emocionada, homenaxe ás dúas poetas (Cristina iríase uns poucos meses despois) no auditorio de El Corte Inglés de Santiago de Compostela, grazas á mediación de Pati Blanco, para o cal tivemos o privilexio de contar coa presenza e colaboración doutros dous grandes poetas de nós: Miguel-Anxo Fernán Vello e Yolanda Castaño. Recordámolas agora porque cada día, ao chegar a luz, semella que as reclama a vida que a natureza lles releou tan cutremente.

Temos moito que agradecer a persoas e institucións que prestaron a súa xenerosa colaboración para que o *Boletín Galego de Literatura* puidese saír á luz outros dez anos máis, pero é de obrigado cumprimento citar nomeadamente a David Mackenzie, amigo de vello do noso país, *Professor of Spanish* e Director do Centro Irlandés de Estudos Galegos, recentemente xubilado pola universidade de Cork (Irlanda), que, dende o ano 2000 en adiante, está a velar pola calidade das versións inglesas dos resumos preceptivos que encabezan os artigos da revista e que el mesmo se encarga de traducir a *abstracts* dende o galego na súa práctica totalidade para garantir unha homoxeneidade de rexistros na lingua amiga.

Así mesmo, quero agradecer no meu propio nome e no da Secretaría e Consello Redactor e Corrector, o apoio dos membros que compoñen o Consello Científico, pertencentes a varias universidades do mundo, e aos lectores expertos que se encargaron de emitir os informes de avaliación (*referees*) sobre os orixinais que sometimos á súa consideración.

No ámbito das colaboracións, á parte, loxicamente, de saudar e agradecer a cantas persoas contribuíron cos seus traballos teóricos, críticos e documentais a dotar de contido científico a revista, queremos manifestar a grande admiración que sentimos por quen, dende a súa capacidade creativa lle proporcionaron unha dimensión plástica e literaria ao *Boletín Galego de Literatura*, de tal xeito que fan da nosa revista un produto singular no ámbito das publicacións periódicas competentes en materia de Literatura e Humanidades en xeral. Tamén nestes últimos dez anos, coma nos dez primeiros, as ilustracións das cubertas e do interior dos números editados correron a cargo de artistas de nación ou adopción galegas, agás, agora, cinco excepcións de moito mérito: as pintoras manchegas Mercedes Díaz Villarias (nº 28) e Ana Díaz (nº 33); a ilustradora catalá Roser Capdevila (nº 32); o polifacético artista portugués Gémeo Luís (nº dobre, 36-37), e a pintora estonia Vive Tolli (Monografía *Vello ceo nórdico*).

Agradecemos a Antonio Azaustre Galiana, Director Académico do Servizo de Publicacións e Intercambio Científico da USC e ao ex-Vicerrector de Cultura, Elias Torres Feijó, a deferencia con que sempre nos trataron dende que ocuparon os seus cargos perante as consultas que tivemos que lle formular e a información que nos facilitaron acerca dos sistemas de avaliación onde figura o *Boletín Galego de Literatura* (por certo, cunha cualificación máis que aceptábel).

Saudamos agradecidos dende aquí a Marisa Melón, Directora do citado Servizo da USC, de quen sempre recibimos azos e facilidades e a quen desexamos unha feliz e longa xubilación. Tamén a Juan Luís Blanco-Valdés, editor e, neste intre, Director en funcións, quen, á parte da súa colaboración como poeta (nº 31, 1º semestre 2004), axudounos tamén a permancer estes últimos dez anos sen grandes sobresaltos. Sen saírmonos do Servizo de Publicacións agradecemos o bo facer da Imprenta Universitaria, con Manuel Pombo á cabeza, que sucedeu a outro gran entusiasta e amigo do *Boletín Galego de Literatura*, Xosé Piñeiro, que goza tamén xa do seu merecido retiro. Isabel Argüelles, sempre atenta e solícita cara ao noso proxecto, merece toda a nosa consideración pola súa profesionalidade como maquetista. Para ela tamén o agradecemento de todos os que compoñemos o equipo da revista.

Cómpre subliñar a colaboración que Ámbito Cultural de El Corte Inglés, e sobre todo o seu Director, o escritor Ramón Pernas, nos proporcionaron durante estes dez anos, converténdose deste xeito na entidade privada que máis tempo leva axudándonos loxística e economicamente.

Vaia, xa que logo, para todas as persoas e institucións que conforman tan extraordinario elenco o noso agradecemento máis sincero e o desexo de que gocen de boa saúde e longa vida.

Anxo Tarrío Varela
Director

BOLETÍN GALEGO DE LITERATURA

Nº 23, 1º semestre, 2000

ISSN 0214-9117



Servicio de Publicacións
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
2000

NÚMERO 23 / MAIO 2000

9

Alex Mene

Xavier Carro

XAVIER CARRO ROSENDE naceu en Santiago de Compostela en 1942. Fixo estudos de Filosofía e Letras nesa cidade e licenciouse en Filoloxía Románica pola Universidade Complutense de Madrid. Catedrático de Lingua e Literatura Españolas, exerceu como tal no instituto da Estrada (Pontevedra) e dende 1980 en Alacant, onde, dende 1994, é Profesor Asociado de Lingua e Literatura Galegas na Universidade. Foi premiado nas Festas Minervais compostelás en 1959. Publicou o libro de poemas *El Dolor de la Carne* e con *Las horas y los días* obtivo o premio de novela curta "Salamanca", en 1966. No ano 1973 apareceu na colección "Illa Nova" da editorial Galaxia o libro de relatos *As calexas do Cigurat*, que saíu moi estragado pola censura franquista e foi de novo reeditado e restaurado na súa integridade no ano 1996. O libro foi moi gabado pola crítica. Xavier Carro alterna a creación co exercicio da crítica literaria en revistas especializadas. Así mesmo, adoita escribir artigos na prensa diaria. No ano 1993 publicou na editorial Galaxia unha importante monografía titulada *A obra literaria de Eduardo Blanco Amor*.

11

Autopoética

Non me gusta escribir sobre a miña obra. Podo dicir, a maneira de orientación, que en *As calexas do Cigurat* se agrupan relatos de moi diferente factura. Cada un é un exercicio narrativo, dende a realidade instalada nunha situación absurda do primeiro conto ata a gris anécdota cotiá do titulado "Mil oitocentas cincuenta". A pesar das falcatruadas polas que pasou, o libro foi abondo lido. Críticos e profesores ocupáronse del e, co paso dos anos, atopou unha xenerosa acollida entre os lectores máis novos. Na miña última narrativa –case toda inédita– opérase un cambio. Abandono a preocupación formal por unha temática máis enraizada na condición humana e no psicoloxismo. Penso que a intelixencia e o amor, irmandados, son a gran lanzadeira que pode pór en órbita a revolución dunha sociedade nova cara ao milenio que vén.

Contornos

A Metas e Pepe Sánchez Reboredo

Decidíramos facer unha excursión. Por aqueles días, as nosas relacións non pasaban por un bo momento. Os nenos estaban cos pais de Claudia. A viaxe era unha maneira de procurar encontrarnos de novo. Era unha situación delicada, que tiñamos que coidar que non fose a peor. Dende hai uns meses, decatábame de que entre nós crecía unha soterrada tensión. Había un silencio molesto. Unha certa irritabilidade planeaba nas relacións. Tamén de continuo asaltábame a dúbida de se volvería haber un home na vida de Claudia. Eu non aguantaba máis, así que aquela fin de semana collemos o coche e saímos sen rumbo rompendo coa asfixiante rutina que se instalara nas nosas vidas.

12

Gustábanos moito viaxar. Era o noso terceiro coche, hai poucos días que pasara a revisión dos quince mil kilómetros. Levounos case un ano facerlle a rodaxe. Cos anos perderamos mobilidade ao aumentaren as nosas obrigas. Comenzou a chover. O limpaparabrisas barría o po e as pingotas do cristal. Pronto escampou. Púxenme a falar con Claudia. Contestaba por monosílabos e volvía a pechase nun mutismo distante. Deime conta de que eran inútiles os meus esforzos por manter a conversación. Ante tal perspectiva, acendín o radio-casete. Iamos en silencio, como dous estraños sen ter nada que dicirnos, ollando para a paisaxe.

Paramos nun mesón para xantar. Algúns homes acobadados na barra tomaban o chiquito mentres pasmaban ante o televisor. O comedor pequeno e limpo daba a unha horta con parra e con mazairas ao fondo. Sentamos nunha mesiña dun recuncho. Unha muller saíu da cociña secando as mans no mandil. Ofreceunos cun sorriso o menú da casa, caldo de nabizas ou sopa, pescada fresca ou bistés con patacas. Fruta do tempo ou papas de arroz. A lista de pratos era escasa pero dunha excelente calidade. As voces do televisor reverberaban nas paredes do local.

Aos postres, Claudia rompeu o silencio e díxome que non andaba ben, que non sabía o que lle pasaba. Sentíase rara e sen ánimos. A vida convertérase nun enrugado e baleiro cucurucho de papel de estraza, nun cucurucho gris sen nada dentro. Eu escoitaba todo canto ela ía relatando. O traballo fixéraselle dunha monotonía agobiante e os compañeiros eran bultos envoltos en batas brancas que non paraban de dicir parvadas e de ir dun lado para outro polos

corredores do hospital. Polo menos, iso era o que lle parecía a Claudia, quen por outra parte traballaba ausente, como unha autómatas.

Tratei de sacarlle importancia. Foime imposible que me contara algo máis, a pesares dos meus esforzos por sonsacarlle a nódoa do seu malestar. Cando Claudia entraba nese estado, eu tamén comenzaba a anguriarme. Quizais o meu egoísmo desataba uns sentimentos contrariados que alimentaban unha certa desconfianza. Era unha situación que se ía deteriorando, enrarecida pola miña actitude. Eu preguntábame moitas veces se sería un covarde por ter medo a perdela. Aquela obsesión paralizábame. Despois do que me contou, eu non podía desbotar da miña cabeza hipóteses que algún día se fixesen realidade. Eu sigo queréndoa, aínda que ás veces volven como negros agoiros as palabras que non logro esquecer. Aquela conversa átame á infelicidade. Átame ao que pasou. Non me deixa ser feliz por moito que eu queira olvidar e non queira darlle máis importancia que a que tivo naquel momento de sinceridade de Claudia. Eu aprendín daqueles días moitas cousas, pero sobre todo, a ter calma, moita calma para que as augas non rebordasen as ribeiras da nosa convivencia e tornasen á súa canle. Pero o seu estado, volve a me pór nervioso. Desacógame. O seu equilibrio era tamén o meu equilibrio. Cando a vía sufrir, sufría eu. Era descorazonador, pois sempre que lle preguntaba, contestaba cun lacónico ‘nada’, e volvía ao seu silencio. Eu non podía evitalo, pola miña cabeza pasaban pensamentos entolecidos que me perturbaban. Desde entón, procurei controlar os meus medos e convivir con eles. Vendo os anos da miña vida familiar agarrotados pola anguria e substraídos á alegría, puxen lindes e cortalumes para que os incendios fantasmagóricos non arrasasen a miña mente. Fun capaz de converter as imaxinacións torturantes en materia novelesca. Estaba esgotado como escritor pero a historia de Claudia precipitoume nas augas submariñas das miñas obsesións e buceando descubrín que a depresión de Claudia me contaxiara. Eu tamén estaba xa metido noutro mundo habitado por monstros. As miñas novelas xa non interesaban a ninguén, pero cando fun capaz de poñer distancia e sobrepoñerme ao que estaba vivindo, a escritura foi quen me salvou. Non tiven máis que lle dar forma a aquel dramático labirinto no que estaba pechado e describir aquel mundo abafante e destrutor. Dábame conta de que a depresión de Claudia tamén me alcanzara, que estaba collido dentro da mesma rede e que eu me deixaba colonizar por pensamentos que estaban envelenando día a día a nosa xa difícil convivencia. Como digo, púxenme a escribir o diario do que estabamos pasando e foi un dos libros que máis éxito de vendas tivo. O noso inferno era un espello no que

moitos lectores se vían reflectidos. Non sabía se quería ou odiaba a Claudia. Quedarémonos sós no comedor. As súas palabras viñan cansas, apagadas, envoltas nun esforzo, nun lento rodar. Non parou de enrugar o pano de mesa e de xogar coas migas do pan. Confesoume que se sentía desgraciada, que vivía nunha permanente anguria que a paralizaba, que era consciente do dano que me estaba a facer, pero que era superior ás súas forzas. Había días que non tiña ganas de ver a ninguén dos da casa, por iso en canto volvía do traballo procuraba pecharse no dormitorio... E volveu a repetirme que non estaba segura se me quería ou non. A voz quebrouse e as súas últimas palabras fixéronse saloucos. Un moscardón atoutiñaba o cristal na brancura da luz.

A sobremesa alongárase. O ruxe-ruxe da brisa abaneaba nas follas dos maizos. A luz esbaraba nun mar en calma. Cando estábamos sentados e cos cinturóns postos, un chisco antes de darlle á chave do contacto, decidimos camiñar pola praia. O silencio era un bálsamo naquela inmensidade azul. Sentámonos ao arrimo das dunas. O sol iluminaba o rostro de Claudia arrincando raiolas do seu cabelo. O rumor da mar petaba nos pulsos e eramos levados polo arran-deo dunhas inmensas ondas que nos mergullaban suave e lentamente. Era media tarde cando volvemos ao coche.

14

Puxemos gasolina nunha estación. Atendeunos un home malhumorado queapestaba a coñac. Levaba barba de días e o seu aspecto infundía temor. Non parou de rosmar polo baixo mentres nos enchía o depósito. Claudia repousaba a caluga na cabeceira do respaldo. Pronto quedou durmida. Eu ía pensando nos argumentos que empregaría para convencela de que fose á consulta do Dr. Senra, para que non o demorase máis. O seu sufrimento danábanos aos dous. Quizais era ese abandono, esa nugalla que se apoderaba dela negándoa como persoa. Estaba distante e tensa. Refugaba as miñas caricias. Así un día tras outro. A miña cabeza argallaba cousas raras que me torturaban, non soportaba que Claudia puidese andar en brazos doutro home. Era un pensamento que ía e viña cunha insistencia torturante. Non admitía que a infidelidade me alcanzase, non vía a nosa vida feita anacos, irremediabelmente rota, falaba dos casos alleos, dos amigos que pasaran por tal situación, pero non aceptaba de ningunha forma que o noso amor puidese rematar nunha separación. Non, iso non, que fora abandonado pola muller de quen eu estaba namorado. Resistíame a que esa realidade se dese na nosa vida. Queríaa e queroa dunha maneira posesiva, ata obsesiva. Tampouco recoñezo que tralo meu amor se agachen uns celos que de cando en vez emerxen reflectíndose nuns

sentimentos encontrados e nunhas análises nas que sempre hai homes arredor de Claudia. Cismar que puidese haber outro na súa vida con quen se puidese marchar desencadeaba en min unha treboada de desacougos que me corroían por dentro. Por iso, ás veces, o seu comportamento fóra da casa, a súa espontaneidade cos amigos, esa maneira de ollar que levaba un brillo de malicia e as cousas que me contaba do traballo acendían en min reaccións que cavaban unha trincheira de receos, de xordos cabreos e de cambios de humor. Non lograba borrar aquela desgraciada conversa que un día principiou ela. Desde que mo contara non podía vivir. Loitaba contra aquelas palabras que me perseguían. Vencíaas e convencíame de que xa pasara, pero tornaban de novo á miña mente. Houbera un home, que coñeceu no Hospital, segundo as súas palabras, por quen se sentiu atraída. Ela confesoume que cortara a tempo pero aquilo desbaratouna, levándoa a unha depresión.

A nugalla e a tristura volvérona a conquistar. Apoderáronse dela de novo. Despois da súa confesión volví a aconsellala que fora ao psicólogo. Adoptei un ton sosegado para insinuarlle que o mellor sería non darlle “cancha” a aquilo que anda por dentro fodéndonos todo o día, que mellor é pensar noutra cousa e a ser posible máis agradábel. Tratei de convencela de que aprendese a convivir coas súas teimas para non sucumbir. Mentín cinicamente porque daquilo non era capaz de liberarme. Eu tiña moito medo de que xa non me quixese, de que o amor entre os dous se murchase e de que irremediabelmente houbese outro home... As pantasma andaban soltas dentro de min. Tiven que me baleirar. Tirar a carga que me ía afundindo e atravesar un túnel de dúbidas desde aquel instante en que relatou coa voz velada pola anguria a historia que gardou en secreto.

Claudia ía sentada ao meu lado, relaxada, durmía tranquila. Os brazos soltos, abandonados nas coxas, un pouco separadas onde o vestido debuxaba os contornos do seu corpo. Mirábaa de esguello, ollaba o seu perfil, o afiado pincel negro das súas pestanas. Claudia transmitía o seu abandono. A súa presenza levantou unha inmensa vaga de cariño que viña vindo desde moi dentro de min. Adormiñada a carón meu, pechada nun soño distante, sentín que os dous estabamos sós, terriblemente sós nunha estrada que se abría a un horizonte polo que medraban nubes ameazadoras

Claudia vivía tomada polos seus medos. Eu sacáballe importancia a todas as historias que a atormentaban, que lle desfiguraban a realidade sumíndoa na

tristura, que me atormentaba tamén a min. Ela e mais eu eramos vítimas das súas dúbidas que chegaban a min como mareas que encrespaban o meu mundo cotián. Claudia, desde aquela, vivía habitada tamén por estraños visitantes, por teimas que a sepultaban na anguria, na escuridade dorosa do desacougo.

Espertou. Restregou os ollos e bebeu uns grolos de auga dunha botella. Abriu o bolso e despois de remexer sacou un peite e alisou os cabelos. A brisa entraba pola xanelas do coche e a tarde íase nubrando. O suave bruar do mar resoaba no silencio. Collínlle a man esquerda e apreteilla. Atravesamos un pobo baleiro, comercios e casas tiñan botados os peches. Non había ninguén polas rúas. Os barcos estaban amarrados no peirao. Do mar viña un arrecendo salobre. A desolación era unha lousa de preguiza mentres rodabamos pola estrada principal. Nas aforas atopamos un enterro. Unha masa compacta de xente troupeleaba sobre a finta do asfalto tralo cadaleito. O cemeterio na aba dun outeiro abríase ao mar aberto. Minorei a marcha e puxémonos en cola. De lonxe oíase o toque de defuntos das badaladas da igrexa. Cando a comitiva se meteu por un carreiro, desfíxose o tapón e a estrada encheuse de bucinazos e aceleróns.

16

Claudia comentoume que quedara durmida. Pregunteille se había algo máis que non me dixera. Ela calou. De todas todas, animeina e faleille da gran axuda que neses casos poden prestar os psicólogos xa que nunhas cantas sesións ela mesma se notaría mellorada. Abondei en que non se deixara levar polas ideas que lle pasaban pola cabeza xa que non sempre podemos gobernala. Expliqueille que se lembrara de aquilo que de nena estudiara no catecismo sobre os malos pensamentos, xa que iso, os malos pensamentos, pódennos amargurar a vida tentando contra a nosa felicidade, polo que hai que desbotalos, coidar de que non encallen dentro de nós. Imaxinacións que non teñen máis realidade que seren pensadas de costas á nosa conciencia e pensar tendo o convencemento de que xa pasarán. Teimas que non podemos facer nosas. Despreocupármonos do que nos anda ruando por alá dentro. A brisa axitaba os cabelos de Claudia. Fixemos unha parada para tomar un café. A tarde entolárase. O ceo con grandes e escuros nubarróns ameazaba chuvia. Estabamos cerca de Faro. Aproveitamos no bar para consultar a guía e ir pensando onde pasaríamos a noite. Por alí preto non había ningún hoteliño. Aínda había unha tirada ata chegar á Pousada que estaba pasada o Cabo. A medida que avanzabamos, a zona facíase máis abrupta. Ao saír do bar ofrecínlle as chaves do coche pero non quixo conducir. Non lle apetecía. Estaba cansa de collelo todos os días por obriga.

Terras ermas de toxeias e uces. O silencio voaba nun vasto ceo sen paxaros. Os piñeirais gardaban redondos toda a calor do día. Unha mancha de sol escintila nunha lámina de mar gris e unha luz furiosa esbaraba metálica nas pizarras batendo contra os cantís. Algunha casa ciscada nunha paisaxe despoboada. O coche comezou a facerme uns ruídos estraños. Subindo unha encosta perdeu velocidade. Logo dun chocoleo afogou, de maneira que se foi parando. Levantei o capó e andei no motor. Despois de esgarabellar nas válvulas e apretar toda canta peza estaba ao meu alcance, intentei poñelo en marcha. O motor rosmaba. Claudia púxose ao volante e empuxei o coche pero toda manobra foi inútil. O único que tiñamos a noso favor era unha paisaxe espléndida cara ao mar. Esperamos por se pasaba alguén que nos puidese botar unha man. Sentados á beira do camiño, contemplabamos cómo a tarde se viraba gris e ameazadora. Mirámonos e sorrímos. Pola estrada non pasaba tráfico ningún. A uns catrocentos metros había tres ou catro casas xuntas. Decidimos pechar o coche e fomos andando ata alí para pedir axuda. Na primeira casa, un chalet batido polos ventos e descolorido polas chuvias, había unha muller coidando un xardinciño. Dende a cerca que nos separaba saudeina. A señora veu onda nós. Contámoslle o sucedido e chamounos ela mesma ao único taller da vila. Mentres chamaba, sentamos nunha banca do xardín á espera de que rematase de falar. Tardarán en vir –díxonos a muller, pero virán, son formais e débenme moitos favores.

17

A muller era bastante maior, ben conservada, delgada coma un fuso. Sacou a pabela e apareceron uns ollos grises. As mans estaban afeitadas ao traballo, aínda que desvelaron que noutrora estiveran coidadas. A señora escoitaba o que lle dicía Claudia. Nese intre levantouse vento e comezaron a caer unhas pingotas deuvia que foron en aumento. Uns nubarróns cubriron a serra. A muller obrigounos a pasar dentro. Mostrábase curiosa e falando como quen non quere a cousa quixo saber para onde iamos. Quedou un pouco estrañada cando non lle soubemos dicir cál era o noso destino. Explíqueille que estabamos de excursión aproveitando a fin de semana e que o máis inmediato era pasar a Asturias. O serán metérase enuvia e unha luz aceirada enchía a xanela da cociña. Preparou un café.

Estabamos sentados arredor da mesa. A señora falaba da súa vida, facía interrupcións no soliloquio e reclamaba a nosa intervención, para logo preguntarnos por nós. Do taller viñeran a recoller a chave do coche. Contounos que vivía nas Xuntas desde que se xubilaran, ela e o seu home, hai unha tira de

anos. Os dous exerceran de mestres por escoliñas da Serra ata que viñeron xuntos para o grupo da vila. Trafegaba pola cociña sen deixar a súa torrencial conversa e nós, forzados pola situación, sorriamos agradecidos pola súa xenerosa acollida. Preguntoulle a Claudia se traballaba, e cando ela contestou que era enfermeira no Provincial, a súa cara cambiou e unha ollada desconfiada cravouse nela. Despois dun silencio, arrepúxose e deu un suspiro. Díxonos que alí estivera o seu único fillo. Si, perdéao para sempre. Un accidente, cando voltaba do traballo. Ingresárono moi grave, non daban un pataco por el. Pero os doutores sacárano adiante. Un mes na UVI e medio ano internado coa rehabilitación, total para perdelo para sempre. Mellor estaría morto porque nese tempo, unha enfermeira, unha lurpia, encaprichouse con el. Si, como o oen, unha mala muller porque sabía que estaba casado. Por unha lercha botou pola borda a súa vidiña, arruinouna. Desfíxoa e non quixo escoitar consellos de ninguén. Por aí anda solto como un animal... –comentando a vella o comportamento do seu fillo.

18

Cando estaba oíndo o relatorio da viúva, sentín que me daba un brinco o corazón. Os pulsos batíanme forte e unha sensación molesta e moi incómoda estalaba dentro de min. Lanceille unha ollada a Claudia que miraba ausente pola fiestra. Uns relampos iluminaron a cociña e ao lonxe oíronse uns tronos. A chuvia arreciaba esbagoando a paisaxe. A turbación e o nerviosismo tíñanme collido. Non daba creto ao que escoitaba. A historia que estaba a contar a vella era a mesma historia de Claudia. A casualidade esmagábame contra unha realidade que me afundía no desconcerto. Odiaba a Claudia. De novo, sentíame traizoado e burlado. A raiba empuxábame a romper alí mesmo, naquela cociña diante da vella... Abrín a porta da casa –era pola noitiña–, cando a voz de Claudia me chamaba dende a habitación. Fun directamente alí, nin sequer entrara no salón para darlles un bico aos nenos, que desde a mañá non os vira. Estaba sentada no borde da cama e tiña os ollos chorosos. Díxome que tiña que falar comigo. Confesoume que non podía seguir vivindo así, sen dicir-me, que vivía atormentada e que o tiña que saber. Nese momento invadiume unha grande serenidade. Coñecera un home no hospital. Sentíuse atraída por el e namoráronse. Era da Coruña. Non quixen saber máis, aínda que me aguilloaba a curiosidade. Coincidira aquilo cando Claudia facía turnos de noite. Tiveramos que recorrer á miña sogra para que atendese os nenos ata que chegase eu do traballo. ¿Claudia foime desprazando pouco a pouco ou namorouse de súpeto? Non o sei nin llo quixen preguntar. Cando se deu conta, estaba feita un lío. Non sabía que facer, polo que aquilo desembocou nunha

depresión que veu deteriorar as nosas relacións. Entón entendín por qué o seu carácter se virara tristeiro e estaba enfadada con todos nós. Confesoumo cando non puido máis. Ela non estaba segura del. Tampouco estaba segura se me quería a min. Eu calei, tiña un nó na gorxa e deixei a falar. Pedínlle que se serenase. Eu quedei asombrado da miña reacción e do apromo con que oíra as súas palabras. Aínda que pensaba que o noso estaba a piques de se acabar, que a separación estaba xa aí, o que tanto medo me daba, irremediabelmente chegara tamén á nosa vida. Argumenteille que algunha vez iso pódenos ocorrer. Díxenlle que o pensase, que se tomase o tempo necesario para pór en orde os seus sentimentos e que contara co apoio de alguén que a puidera axudar. Pedínlle que, por favor, non se precipitase. Que eu a seguía querendo. Os ollos enchéronseme de bágoas. Indiqueille que non estaría de máis que se puxese en mans dun psicólogo. Mentres que eu lle dicía aquelas cousas, un sentimento de soidade estábame crescendo por dentro. Pero os celos que sempre me asexaban, que sempre me estaban a torturar desapareceran e unha mágoa silente, unha inmensa mágoa estaba asomando no meu corazón. Coido que foi nese intre cando me decatei de que quería a Claudia, pero asaltoume a dúbida de non saber querela e unha sensación de fracaso e de tristura alentou dentro de min...

19

As palabras da vella case non se oían. A súa voz fíxerose escura, rouca. Para aquela señora, as mulleres, todas as mulleres excepto as mais, eran unhas pendangas perigosas e falsas, putas todas, criaturas diabólicas, cunha inclinación ao mal que a maternidade purificaba. A vella peroraba entolecida a súa historia familiar. Maldicindo das mulleres, reiteraba monocorde a desgracia do seu fillo con pequenas variacións. Claudia escoitaba abraçada, sen dar creto ao que oía. Para a vella, aquela muller, Claudia, todas as mulleres, roubáranlle o seu fillo, o seu neno, aquel rapaz estudioso e formal ata que o desgraciaron. Mellor sabelo morto que vivindo cunha candonga que o apartou dos seus...

Uns bucinazos soaron fóra. Un coche parou diante da casa. Escoitamos unhas voces e uns pasos pola grava do xardín que viñeron romper o monólogo da muller. A cabeza estalábame. Eran os mecánicos do taller que achegaran o coche á casa da señora Carme. Saín ao porche para pagarlles e recoller as chaves. Cando voltei á cociña, ollei con rabia a muller e díxenlle a Claudia que marchabamos. Antes quixen chamar por teléfono. A vella ergueuse da silla e movéndose con lentitude, levoume ó comedor. Ao acende-lo interruptor, oín ás miñas costas a voz da señora que me dicía que aí tiña o seu fillo, o fillo que

lle roubaran. Cando, ante a miña sorpresa, descubrín unha chea de fotos de Paul Newman postas polo chineiro e mesiñas.

Ninguén contestou á chamada. Ela miraba con tenrura unha foto que sostiña entre as mans. O corazón petábame forte, saín do comedor que ulía a pechado. Collín a Claudia e dándolle as gracias, saímos correndo. Fóra diluviaba.

A chuvia repinicaba xorda e incesante no coche. Aquel rumor abrazábanos por todas partes. Os faros furaban a escuridade e unha cortina de auga impedíanos ver o camiño. Collín a man de Claudia e apreteilla. Sentín unhas ganas inmensas de chorar e abraceina. O limpaparabrisas renxía esborrando os perfís de fóra.

Xavier Carro
Alacant 1996

Víctor Fernández Freixanes

VÍCTOR FERNÁNDEZ FREIXANES (Pontevedra, 1951) é editor, xornalista e profesor. Doutor en Filloxía Románica pola Universidade de Santiago cunha tese sobre a lingua galega nas industrias da comunicación e a cultura, é Catedrático de Lingua e Literatura Galegas de ensino medio (en excedencia) e actualmente profesor titular de Comunicación Audiovisual na Facultade de Ciencias da Información (Santiago de Compostela).

A súa obra literaria comenzo en 1980, data en que recibiu o Premio Modesto Figueiredo de narracións curtas, polo relato "A caza das cascurdas" (Edicións do Castro). En 1982 gañou o Premio Blanco Amor de Novela con *O triángulo inscrito na circunferencia* (Galaxia), Premio da Crítica Española e da Crítica Galega ao ano seguinte. En 1988, con *O enxoval da noiva* (Galaxia) recibiu tamén estas dúas distincións. En 1993 gañou o Premio Torrente Ballester coa novela *A cidade dos césares* (Xerais).

En 1976 publicou *Unha ducia de galegos* (Galaxia) e en 1980 *Memoria dun fuxido* (Xerais), títulos que debemos considerar dentro do xénero xornalístico. Tamén é autor de ensaios sobre cultura e comunicación, todos eles recolleitos en obras de carácter colectivo.

21

Autopoética

Non sei de onde vén todo isto, sinceramente. Seguro que dalgún pozo escuro. Dalgún recanto da memoria. ¿Onde nace a literatura? No territorio do ser, pero tamén entre as pantasma, moi especialmente entre as pantasma, que cruzan diante de nós, inaccesibles, e fan acenos dende detrás das portas. Así entendo eu a literatura, os territorios da ficción sobre todo: mundos que habitamos e dos que nos imos desfecendo lentamente.

Unha avelaíña na lámpada

Manuel Fandiño Maquieira, alcumado o Maragato, ou tamén o Monfortino, segundo quen llo dixera, trouxo a Vilanova de Alba a primeira máquina de cine. Nós chamabámoslle o Eléctrico. Nunca souben se á máquina ou a el. Quizais ós dous. Tamén puxo tenda de ultramarinos na praza da

Galera, moi ben posta, durante algún tempo, con aquel arrecendo a pimentón e especias que enchía a baranda toda nas mañás dos sábados, e unha taberna con mesas de mármore na parte de atrás, onde despachaba viños de Castilla, brancos e claretos. A xente do salazón non era moi daqueles viños, máis propios das casas do señorío, tan diferentes da viña do avó, vella uveira do país, de acios gordos, azucrados, nos que pastaban as avésporas nas tardiñas de agosto, e os merlos, e a bubela, pero no mostrador da taberna atendía os siareiros a Niña Colinda, que disque era sobriña, afillada ou algunha cousa do señor Fandiño, e o mundo era así, entón igual que agora.

A nós o que nos interesaba era o Eléctrico.

Nas mañás do domingo poñían películas para os rapaces, logo da cataque-se. Na noite dos sábados, cine para os vellos. Fandiño Maqueira repartía papeliños na taberna durante a semana anunciando os títulos e os artistas, que viñan de América, de Francia, de Italia, e que agora non lembro, nin vén ó caso, pero que alabaraban diante dos nosos ollos coma deuses máxicos, moito máis cás estampas de santos de tía Encarnación.

22

As sesións eran no verán. Facíanse ó descuberto, cunha lona que arranxaban no salido dos Exploradores, contra o muro da horta dos Escolapios. Pero tamén noutros lugares. O Eléctrico, cando chegaba o tempo das películas, que primeiro se recibían na estación de Vigo e viñan logo na liña da Unión ata Vilanova, armaba a algarabía por toda a costa, ás veces ata Fisterra, e mais pola banda do Miño ata Melgaço de Portugal; e daquela levaba sempre consigo a Niña Colinda.

Tamén ela era de fóra. Iso aggrandaba o seu misterio, parte esencial da súa inquietante beleza. Morena, case que moura de tan cobriza, tiña uns ollos tan intensos, tan luminosos, que che revolvían por dentro cando os encontrabas.

“¿Que vai ser...?”.

Unha vez, na cataquese dos Escolapios, o padre Gurmea, que viñera de Bilbao a predicar as misións e botou connosco unha chea de tempo, case que ata que Tito Fandiño proclamou a República, explicounos como fora realmente a perdición do Paraíso. O padre Gurmea falaba case que tan ben coma as películas do Eléctrico. Víanse as cousas, segundo el as ía dicindo. Primeiro

a luz do xardín: as árbores, as froiteiras, aquelas pavías gordas, enormes, coloradas coma mundos, tal que o cura as pintaba, aquelas fatoeiras, aquelas mazás camoesas, que arrecendían na mesa igual que arrecenden as rosas. Logo, a Serpente. A ollada da serpente relumbraba no xardín tanto ou mellor cás flores, as pereiras, os fatóns e as camoesas. Era tan irresistible, tan poderosa que Adán, aínda en sendo tan temeroso de Deus, caeu no seu deslumbramento. Disque así relumbraba tamén a mirada de Eva cando, logo de trabar na mazá, virou o rostro cara onda o seu compañeiro e o atravesou con aquela luz capturadora. Mentres escoitaba o relato do padre Gurmea eu non podía deixar de pensar nos ollos acesos da Niña Colinda a despachar viño detrás do mostrador.

“Medio cuartillo para meu avó”.

E alí estaba ela.

Detrás da casa había unha horta, e na horta unha figueira. Unha figueira vella, corpuda, coas pólas deitadas ata o chan e unhas brevas enormes, que chamabamos vendimiñas, de tan maduras que se lograban. A figueira asombraba o xardín do Monfortino. Semellaba un enorme parasol de seda a debullar a luz entre as follas, tal que unha choiva de douradas bolboretas. Era moi graciosa de ver.

23

Foi alí onde por primeira vez me traspasou –tamén a min– a mirada da Niña Colinda. Pilloume desapercibido. Eu estaba empoleirado no valo da horta, agardando por Zacarías, e apareceu dende o fondo do xardín, sen avisar, cunha carabela de flores na man, ou se cadra de reinetas, non sei, transparente coma unha fada. Lucía unha saia branca, ata media perna, lémbrome ben, e a choiva das bolboretas acendíalle o pelo coma o veo dunha noiva. Fitou para min, que non reaccionaba, e non me dixo aquilo de “lisca, rapaz, da parede”, nin “¿e logo non tes onde enredar?”, simplemente me mirou, cunha faísca nos ollos, como se por primeira vez me recoñecera, e pasou lixeira, a penas sen pousar no chan, cara ós baixos da taberna.

A casa do Eléctrico era unha feira. Non faltaba de nada. As carretas de Zamora descargaban as pipas e os pelexos detrás da praza e, ás veces, cando algún deles rachaba, corría o viño polo empedrado coma unha catarata. Os soportais arrecendían a pimentón. O despacho, a azafrán e a canela. E a loureiro verde. E a fantasía. O Maragato mandaba naquel reino coma un príncipe de África. Tamén había dous mozos, moi brancos, moi esmacelados, e a

señora Benigna, que atendía a casa cando eles saían a poñer cine polas vilas da costa. Pero eses non contaban. Niña Colinda era daquela o centro único do universo. Abriámonos paso por entre o estrondo dos siareiros ata o mostrador: “¿Que vai ser...?”. “Medio cuartillo...”. E volvíamos co eco da súa voz pegado dentro, a aloumiñarnos toda a noite, coma unha música de merlos.

Cando a República, revolveuse todo. Nós non entendíamos, pero a xente botaba o tempo na Casa dos Cataláns, e nos discursos dos sindicatos, e nas xuntanzas do Concello, debouras que continuaban logo no piso baixo da nosa casa ata ben entrada a noite. O Eléctrico seguía poñendo cine, cada vez con máis aceptación, e daquela mercou un coche: unha especie de camioneta, cunha lona cerrada na parte de atrás na que metía a máquina, e coa que percorría as rías anunciando as películas. Niña Colinda ía sempre canda el. Chegaban á vila, armaban o estaribel, repartían o programa, e en chegando a noite a xente presentábase na praza, ou no cerrado que houbera, coas súas banquetas, os seus tallos, as súas cadeiras para presenciar a sesión do Gran Mago, a Raíña de Babilonia, Castigo e Redención... Prendíanse as lámpadas, deitábase o gran sabo de lona contra a parede, tal que a vela dun barco, e a Niña Colinda anunciaba o principio do espectáculo.

24

Entón aparecía o Eléctrico.

Non o dixen antes. O Eléctrico era coxo. Cambaleaba coma un galeón no medio da tormenta. En sendo mozo, nas minas de Villablino, perdera unha perna e tivera que abandonar o oficio da minería. Foi entón que se botou ós camiños, ó comercio dos coloniais e as mulas, que se cadra de aí lle viña o alcu-me de Maragato, non doutra cousa, e apareceu en Vilanova de Alba cos pipos de Zamora e as saquetas de pimentón. Niña Colinda veu despois. Era bastante máis nova. A xente dicía que, ademais de sobriña ou afillada, traíaa canda si de querida. Explicóunolo o Zacarías, que o sentira contar na casa: “O Eléctrico marchou a Buenos Aires e volveu cunha tanguista”. Pero os ollos seguían sendo os mesmos: magnéticos, aniquiladores.

O Eléctrico tiña unha perna de metal. Era un invento marabilloso. Cando a explosión do grisú ficara entalado entre os cascallos, trabado debaixo da vagoneta, coma un can. Baixaran doce á negrura do pozo. El foi o único que librou. Había ter daquela quince ou dezaseis anos, non máis. Sacárono das profundidades coa perna arrastro, collida polas puntas, igual que un cerello.

Dábano por morto, tan desfeitoño parecía; pero rexurdíu, logo de case dous meses fóra de si, e a Compañía pagoulle unha perna nova de madeira. Era xente xenerosa. Unha perna e a pasaxe para América, que foi algo que endexamais esqueceu. O Fandiño contaba a historia diante da parroquia. América. Buenos Aires... Tiña un curmán. Chamaron por el. A familia é a familia. Onde está un, han saber estar os outros. Mais cando o viron naquel estado, eivado de medio corpo e turrando da pata de pau, desentendéronse. ¿Onde aparcar semellante trangallo? O mundo non admite medios homes. Non hai sitio para eles. Quere corpos enteiros, para aguantar e empurrar arreo; músculos de ferro, non de cristal. Deixárono ó ventimperio. Coma un danado de Deus. Nin cartos tiña para volver á terra. E aínda que os tivese, ¿a que había de volver? Fandiño Maquieira pensaba renacer home novo do outro lado do mar, nos territorios inmensos que van de Córdoba a Tucumán, das chacras de Mercedes ás estremeiras de Chile, carretando sal, apupando mulas, apañando coiros, esganando infieis, trasegando capital, removendo prata, tal que vía que facían outros, que igual subían montañas que baixaban ós infernos; pero non podía. A perna aquela, maldita, arredábao dos demais mortais. E meteuse a argallar saraos polos conventillos.

25

No serán dos domingos. Xuntaba cinco ou seis familias, poñía unha acordeón, un pipo de sidra, mociñas para namorar, unha ola de ponche, e cobraba a entrada. Tiñan sona as festas do coxo Fandiño, que era como o alcumaban. As festas e disque o mullerío, ben surtido, moi ben aquelado. Pequeno como era, e atrangallado, gobernábao con man de ferro. Viñan moitos alemáns, sobre todo. Bebían, berraban a grandes voces, ollando de esguello para as mulleres e, aínda que as máis das veces acababan no trollo, asañados e a pancadas entre eles, non eran mala xente. Pagaban ben. Podía arder nunha tarde o xornal dunha semana. O coxo Fandiño gostaba daquel trato. Máis ca dos galegos. Os galegos eran outra pasta, metíanse para dentro, recuaban, non gastaban un pataco. Foi cos alemáns que descubriu o cine. Cos alemáns e na casa dun italiano, que poñía películas para arriba do Riacho e algo había ter que ver coas mozas do Monfortino, seguro, sempre de acá para alá, algarabiando tabernas e consolando emigrantes. Non se fixo rico, pero sobreviviu, e arrombou para o regreso, así o contaba, xunto coa Niña Colinda e a máquina luminosa.

Había outras versións. Meu tío Alfredo dicía que o Maragato durmía cunha pistola de prata debaixo da almofada, que nunca se separaba dela. En realidade non podía durmir se non a sentía. Foi o aquel que trouxo desoutros

mundos, ademais do trato de emprestar á usura e a perna de metal, arraxada á medida polos mellores enxeñeiros pouco antes de embarcar. Leváronlle un mangado de cartos. Pesos de prata, dos de antes, a petar na mesa, coma pellas de xogar á chave. Nunca máis lle habían dicir coxo Fandiño. Articulábase coma as de verdade, cunha andrómena de ferriños e entrambilicadas gramalleiras, amarrada pola parte de arriba cun aparello de correas contra as virillas, e polas noites, a carón da lareira, limpaba e maquina nela coma nun trebello de relojería, armándoa e desarmándoa de cada vez, e poñéndoa a brillar, que de tan brunida case que cegaba. O Maragato sentíase orgulloso do invento. Case que tan orgulloso coma da máquina das películas.

O momento máis impresionante era cando empezaba a función nos Exploradores. Niña Colinda recibía á xente, cobraba as entradas e acomodaba o público nas bancadas do principal. A tropa arremuiñábase detrás, no terraplén e nos valos da horta. Máis ca por ver a película, moitos ían pola Niña Colinda, igual que no sarao da taberna. Era outra das nosas fascinacións: fantasía de satén, coroada cunha especie de diadema de brillantes, coma as artistas, “coma as princesas antigas”, dicía Zacarías, o cabelo apretado para atrás, talmente coma a muller do Paraíso que o padre Gurmea pintaba na catequese diante dos nosos ollos cativos. Malpocado o padre Gurmea. Canto medo e canto pecado a correr por entre os bancos. Eu tamén estaba namorado de Niña Colinda. Era un amor desacougado, revoltado, que me proía por dentro e me daba medo, consciente de que hai cousas que non acertamos a gobernar. Eu e tódolos demais. Amabamos a Niña Colinda e odiabamos ó Monfortino, a súa fachenda de amo da tenda, o seu arruallo de feirante, e sobre todo, a súa perna de metal, á que atribuíamos estraños poderes, acaso un secreto feitizo que encadeaba a vontade da rapaza. ¿Como serían as noites naquela casa, cando o Fandiño trancaba a porta e empezaba a desenlear as correas da perna? Entrábanme arrepiados só de pensalo, e soñaba coas películas, cos heroes aqueles de pistola e cabalo branco a correr a chaira, o vento na cara, a furia dos cascos levantando a terra, e ela na cancela co seu vestido de artista, o seu colo de garza, os ombreiros espidos, a trenza escura, van de finísima traza, e aqueles ollos negrísimos, paralizantes, fitando para min, que chegaba: “¿que vai ser, rapaz?”, “un cuartillo de viño...”.

Entón, aparecía en escena o Monfortino, alumeado polas luces do local. Entraba vestido de branco, ¡el tamén!, pero con chaqueta de entroido, sombreiro de aba ancha, o rostro colorado tal que acabase de emborcar cinco ou

seis netos de clarete. “¡Velaquí, señoras e señores, o Gran Espectáculo!” anunciaba. Era impresionante. Poñíase diante do público, ó carón da máquina. Os rapaces deixabamos de respirar. A xente acoraba, sabedora do alto risco que a ocasión presentaba. Atento á expectación do respectable, oupado coma un galo millarengo, o Eléctrico alzaba na man dereita un ferrancho de ferro cun cabo gordo de cobre semellante ó que empataba na máquina de cine para poñela a funcionar. Amosáballo a todo o mundo, coma no circo o lanzador de puñais. Igualíño. Daba dous ou tres pasos. Apañaba coa man esquerda a outra estrema do cabo, arremangaba o pantalón e alí estaba a perna, escintilando coma un lóstrego, pulida coma un espello, resplandecente; acenaba no aire, xuntaba as dúas puntas, aplicando unha delas á ortopedia de metal, e o efecto era fulminante: un estourido de tralla, unha explosión. O Monfortino aparecía no medio da fumeira coma un titán victorioso, a máquina a funcionar, alampando contra a parede branca dos Escolapios, as letras en inglés, os nomes dos artistas, as primeiras figuras luminosas rebulindo, coma bolboretas fantásticas, e os ollos de Niña Colinda a arder, prisioneira daquel home que se erguía diante de nós coma un xigante.

“Fai masa”, explicou logo o Zacarías.

27

Ben que o amolaba a el tamén a exhibición do Monfortino, o coxo Fandiño, o Maragato. Pero non podía disimular a admiración. A xente aplaudía a rabiar. Alí e en todas partes, pois a función se repetía do mesmo xeito e con idéntico pasmo nas vilas que a parella percorría coa máquina na camioneta, dende as rías á raia de Portugal. O cura Gurmea vía doutra maneira. ¿E logo non xorde o mesmiño Satanás por entre as bafaradas da fumeira, fedendo a xofre e cos ollos acesos coma lumieiras? ¿Non sabe El das mil mañas de engaiolar para nos chuchar a alma e prender o entendemento? ¿Non anda o Inimigo agochado detrás de cada recanto, detrás de cada silveira, moi especialmente metido nesas artes novas que tanto nos embelesan e nos turban a razón con fantasías? Na cataquese dos sábados o padre Gurmea pintaba escenas da Apocalipse, sobre todo en chegando as vésperas das sesións de cine. ¡Os ollos da Serpente! Pero non podía coa fascinación luminosa da máquina do Monfortino, o Eléctrico, nin co seu cegador estampido, aínda sabendo como sabíamos que el era certamente a encarnación do Maligno, ¿de onde se non aquela arte prodixiosa a desafiar as leis do Noso Señor?, nin moito menos coa beleza da Niña Colinda, vestida de artista, a nos roubar o corazón. Cando sucedeu o que sucedeu, xa o curiña Gurmea non estaba connosco, e eu sentín

a ausencia da Niña Colinda coma un buraco no estómago, pero tamén me alegrei, porque no fondo quizais era o que ela buscaba, se cadra sen sabelo, ata que o atopou: asas para voar, un buraco na gaiola.

Tío Alfredo dicía que as mañas do feirante non eran de lei. O mundo andaba revoltado. Veu a República. Non quero contar o que daquela ocorreu. Nós non estabamos niso. Lembro as bandeiras, os discursos, a xente nas rúas, a radio agochada no cuarto do avó. Lembro os ollos de Zacarías, arrepiados, máis de incredulidade que de espanto: “¡Mataron a tío Alfredo!”, antes de que alguén o dixera na casa, moito antes, e a miña incapacidade para reaccionar, coma se o esperase, coma se estivese escrito nalgures, quizais nos libros do padre Gurmea, nas profecías da Apocalipse, na luz cegadora que o Fandiño facía estourar diante do público dos Exploradores, coma un disparo, para poñer en marcha a máquina das fantasías.

“¿Que vai ser...?”.

28

Unha noite sentiron voces na casa do Monfortino. Non eran novas as voces. Pero nunca tan bravas. Nos últimos tempos, o Maragato virárase caprichoso, colérico, tornacido de máis, ou iso parecía. Non é que antes non o fose. Arruallo e maneiras tiña dabondo, pero agora eran moito máis descaradas. Buscaba á xente na pelea, coma os gatos no calexón. Non paraba na casa. Disque era a perna que o toleaba. Cousas do material de ferro, ou das aleacións, ou daquel halo magnético que o acendía por dentro cada vez que arranxaba a operación da máquina. Outros dicían que era o cobre, que entraba daquela con moito segredo dende Portugal, e que había moito diñeiro por medio, moito máis do que o Monfortino tiña. Niña Colinda pagábao despois. Aparecía na tenda con marcas, algunhas do coiro do cinturón. Era imposible disimulalas. Aquela noite houbo rebumbio no río, na ponte vella, e o Maragato volveu furioso. Entrou coma un lubicán, botando chispas polos ollos. Tivéronlla que sacar das mans. Outra noite, logo de pechar a taberna, vírono saír coa camioneta. Volveu de madrugada, case que na raia do día. Foi entón que se empezou a falar de certos pasos escuros que ninguén se atrevía a levantar, porque o Eléctrico xa estaba cos novos amos, e mandaba, e puxaba forte nas prazas, petaba nas feiras, armando recados de acá para alá. Outros desconfiabamos, sen embargo, que aquilo algo había ter que ver tamén coa sobriña. A penas saía da casa, só para servir na taberna, porque os siareiros a demandaban, que o viño sabía mellor con aqueles ollos de garza alumeando os

pipos e os pelexos novos, pois daba gloria mirala. E tampouco ía ás festas, nin á fonte por auga, nin paseaba os soportais da praza. Vivía detrás do mostrador, encadeada ó tirano, agora o sei, e mais para as sesións dos Exploradores, transfigurada entón en luminosa bolboreta que aseñoraba os nosos soños coma unha fantasía.

“¿Que vai ser...?”.

“A filla do faraón”.

Foi a derradeira película. A derradeira que recordo, quero dicir, case que fotograma a fotograma. Aínda agora téñoa toda na cabeza, podo revivila, e contala mil veces. Houbo outras, pero esquecinas. Esa foi a derradeira. Zacarías veu co prospecto. Despregouno diante de nós. “Bótana esta noite”, dixo. Saltamos a cerca e descolgámonos pola viña vella. Dende a eira da señora Hermelinda víase a tapia do convento, axigantada pola luz que proxectaba a máquina. Mais eu traía entón un segredo que a ninguén aínda contara. A ninguén. Nin o Zacarías o sabía. Nin o cura na confesión. Abrasábame dentro. Era coma unha pexa e, ó mesmo tempo, unha docísima agonía.

29

Unha tarde, cara á noitiña, sentín cruzar contra o río unha sombra cativa. Viña eu para a casa dos avós, alancando por riba das hortas, e sentina correr a rente da cerca, e desaparecer lixeira onde a árbore vendimiña. Daquela eu coñecía tódalas sombras da vila. Incluídos os gatos e os leiróns do río. Esa non era das nosas. E pensei, de súpeto, na Niña Colinda debaixo da figueira, coroada coa aura de bolboretas. Fiquei quieto. Coma un can á espreita. Pasaron uns minutos. Volveron cantar os grilos. Cando rexurdín, case que sen alento, batín de fronte cos ollos da rapaza. Mirábame coma unha aparición. Como aparecen as santas ou as fadas nos camiños. E entón pronunciou o meu nome. Foi a única vez. Eu sentía correr alá abaixo a sombra, despendurándose cara á auga, chapuzando entre as espadanas, unha barca na arcada da ponte, a ansiedade da fuxida. Pero non quería mirar. A voz de fada, pronunciándome, ardía no aire coma un balbordo de pombas, estrondo de pólvora a rebentar as paredes do corazón.

Dende o muro da eira, encrequeñados, axiña nos decatamos de que algo extraordinario sucedía. Relumbraban as correas, as fibelas metálicas, botas de charón, insignias encarnadas... Tamén había bandeiras no portal dos Exploradores. Bandeiras negras. Niña Colinda non estaba. Buscámola cos

ollos. Pero non estaba. Mesmo a xente parecía distinta, a remexer nos bancos, como perdida. Logo dixeron que a cousa viña dun portugués, xente da raia, da parte de Melgaço, que dende había tempo lle andaba a facer as beiras, e que alí foi onde o Monfortino, o Eléctrico, empezou a perder pé. Pero eu sabía o que sabía. No prospecto aparecían as pirámides, as palmeiras, os carros do faraón adobiados con plumas, cabaces cheos de frechas, e contra o fondo do deserto, os ollos da princesa. Os ollos da Niña Colinda, igualiños, negros coma acibeches, coma os gatos na escuridade, coma lumieiras. A xente aplaudía, asubiaba. O Fandiño abriu a función facendo, coma sempre, estourar a máquina coas extremas de cobre aplicadas á ortopedia. Oufaba. Xa non eran cinco nin seis netos. Desta vez entrara o pipo enteiro. Poñía a abalar no aire a ferramenta, arremangando a perna, e repetía, ¡trassss! ¡trassss!, os estampidos, coma relampos, trallazos estarrecedores a fumar no patio. Zacarías e mais eu asistíamos abraizados ó espectáculo. ¿U-la Niña Colinda? ¿U-los ollos da princesa de Exipto? Entón empezaron as imaxes: bosques de palmas, enormes colosos, ringleiras de escravos trasegando pedras á beira do gran río... Alí estaba. Deslumbrante. Avantaba coma unha raíña, acomodada nunha especie de cadeira de rosas, enriba de musculosos portadores, e nada se lle comparaba. Nada que coñecesemos ou puidesemos coñecer podía asemellarse a aquela aparición. Nin a Virxe do Carme, nin a Santa Amalia dos curtidores. ¿Que non daríamos nós, malpocados, por ser un daqueles atletas e poder levala coma pluma xentil, coma un suspiro por enriba das nosas cabezas? Lucía unha fantástica coroa, que había ser de ouro, ou dalgún outro material finamente labrado, tal era a magnificencia que presentaba, e os seus vestidos semellaban dalgún tecido especial, tal vez riquísimos damascos, que logo viraron en transparencias, turbándonos a vista e mailo entendemento ós dous, Zacarías e mais eu, cazadores furtivos, a axexar dende a tapia coma o mundo desfilaba: música de bailarinas, broches, arracadas, escintilantes abrazadeiras sobre a pel bruniada das escravas, cadoiros de flores, balbordo de trompetas... Non se oía, pero dende o noso escondedoiro albiscabamos os figurantes. Fandiño Maqueira, alumado o Maragato, ou tamén o Monfortino, ás veces o Eléctrico, mantiñase de pé, fardado co seu novo uniforme de gala: pano azul, insignias e correas, a man dereita pousada na pequena cartucheira de charón onde de seguro gardaba a pistola de prata. Pasaron os tambores, os exércitos, as plumas... O faraón contemplaba o mundo dende a solaina. Ós seus pés, a xente ruxía, coma as augas do río. Iso parecían: un gran río lamacente a baixar dende a montaña, asulagando as agras... Os ollos da princesa alumeaban coma faros contra o murallón. Zacarías e mais eu nin respirabamos.

Nunca máis volvemos ver a Niña Colinda. Algunhas veces penso que aquela noite veu, coma quen, a despedirse. Era bonito e terrible imaxinalo así: ela na luz imposible da máquina, cruelmente encadeada, mais a piques de voar, e nós agochados no muro, o bafo quente da terra debaixo dos nosos corpos, o río avanzando na escuridade, coma un animal monstruoso, imposible de tanguer. Ó día seguinte houbo música na praza. Veu o gobernador, xente de Pontevedra, máis bandeiras... Dende aquela odio as bandeiras, as músicas, aquel balbordo de goma e tambores tripando a esplanada, o Fandiño enriba da camioneta, xa non vestido de branco, senón dun entroido diferente: negro e azul, príncipe do conventillo. Coa máquina detrás. Mais sen a Niña Colinda, que xa non estaba. O avó non nos deixou saír de casa. Mandou cerrar as contras. Pero era imposible non oír a música, nin o estrondo da auga a medrar. Esa noite viñeron buscar a tío Alfredo.

Durante moito tempo meu amigo gardou o prospecto da película. Dacabalo das pedras do malecón, coas pernas para fóra, desembrullabamos o papeliño e alí estaba: a princesa de Exipto, talmente como a derradeira vez, cos seus ollos acesos coma labaradas, enchendo a parede dos Escolapios. Era o tesouro que compartiamos. O único que nos quedou. Co tempo, o papeliño, de tan usado, foise estragando, coméronselle as beiras, empezou a romper polas dobraduras, tiñamos que compoñer os anacos cada vez que o despregabamos. Xa non se vían os ollos da princesa, medio riscados polos costuróns. E o peor non foi iso, o peor foi que pouco a pouco fomos perdendo tamén a memoria dela, a Niña Colinda, aquela do outro lado do mostrador, coma unha raíña: “¿que vai ser?”, “medio cuartillo para meu avó...”, e o seu sorriso, ¡agora o viamos!, coma unha chiscadela, “leva tamén o prospecto, anda”...

Fandiño Maqueira morreu en Lugo, no 43. Na vila de Sarria, para sermos exactos. Disque ía para gobernador. Méritos abondo fixera. De cando en vez chegaban novas de Asturias e da parte de León. Pero tamén da raia, limpando tobos, levantando toxeias, dende a Cortegada de Miño a Melgaço de Portugal, pola ribeira toda, coma un can de presa. Cerrou a tenda. Un dos mozos fíxose cargo dela, coa vella Benigna, que non falaba, agochada detrás do mostrador. Disque a el xa non lle interesaba. Outra cousa buscaba que non encontrou. Algún bicho rabioso que levaba dentro. Ás veces pensabamos en como sería o regreso de Niña Colinda se con ela dera. Asustábanos imaxinar que puidese suceder. No prospecto xa case que non se distinguía nada: unha nube sen tinta no papel. A xente de Pontevedra trouxo a noticia. ¿Ou xa non

foi así? Anunciárono no concello, a corporación toda fardada de gala, a máquina das películas no medio do salón. Don Florentino Acuña, o alcalde, botou un discurso, pero non na praza, todo entre eles, como se lles dera medo. Aquela noite, acaso por derradeira vez, quixen recuperar nos meus soños o recordo da Niña Colinda, a súa voz no valo da horta, pronunciando o meu nome, e aquel desacougo interior, coma un puño no estómago que se nos poñía cando pensabamos nela, vestida de artista, encerrada no relampo que o amo gobernaba, furia de Satanás, levantando o pasmo do público, ¡trasssss!, as dúas puntas de cobre contra a ortopedia de metal... “¡Fai masa!”. Non fun capaz. Coma no prospecto, a imaxe fuxía, non era a mesma, a penas unha sombra, un vagalume pequeniño.

32

Fandiño Maquieira perdeu a vida porque se lle foi a man no instrumental. Iso soubémolo despois. Non foi o maquis, nin a vinganza de Tito Fandiño, como algúns dicían, acosado no monte cos restos da República, nin o namorado da raia, nin unha bala de prata. Foi a mala centella que non soubo gobernar. Sen a Niña Colinda, por máis que teimara, xa nada era o mesmo. Tamén as películas eran outras: novos heroes, trompetas da victoria. Chegaba ás prazas, convocaba as autoridades, arremuiñábase a xente, entraba a máquina precedida de fanfarrias, o Maragato na estribeira, adobiado coas novas insignias do caso... Pero non era o mesmo. Niña Colinda non estaba. Víramola voar, libre, pola escada de luz que proxectaba a máquina, ela, avelaíña de prata, que non quería ver o que aquí quedaba. Disque cando o foron acudir, rebentado polo estampido dos ferranchos, porque algo fallou, un mal contacto, un neto de viño de máis que emborcara, non sei, cheiraba á carne podre dos matadeiros, coma un pozo de gangrena, e ninguén o quería apañar. Houbo que lle botar cal. Enterrárono na nada.

ESTUDOS

*Teresa Amado**Pilar Lorenzo Gradín*

Os estudos de poesía lírica galego-portuguesa (1978-1998).... 7-38

*Santiago Díaz Lage*Noventa e seis páxinas: a novela de vaqueiros como xénero
paraliterario..... 37-76*Xabier Etxaniz Erle*

Literatura infantil e xuvenil vasca..... 77-100

*Xerardo Fernández Álvarez*A Thousand Acres, de Jane Smiley: entre a traxedia
shakespeariana e o melodrama..... 101-118

NOTAS

*Manuel Fernández Rodríguez*O feminino desexante. Transgresión e deconstrucción
xenérica nos relatos de Valente..... 119-136*Laura Lojo Rodríguez*

Notas ao redor dun libro sobre Virginia Woolf..... 137-141

Xosé Manuel Moo Pedrosa

“O neno suicida”: cara a unha teoría do fantástico 143-151

Claudio Rodríguez Fer

Ánfora: a primeira luz..... 153-160

Mario Romero Triñanes

Producción bibliográfica sobre Roberto Blanco Torres.

Día das Letras Galegas 1999 161-181

DOCUMENTOS

Xosé Luís Axeitos

Dos arquivos de Rafael Dieste..... 183-188

Xulio Pardo de Neyra

Tres inéditos galegos do Cura de Fruime. Contribución ao corpus lírico da Galicia do XVIII..... 189-203

LIBROS

Ángel Abuín, Carmen Becerra e Ángel Candelas (coords.)

La creación literaria de Gonzalo Torrente Ballester

(*Antonio J. Gil González*)..... 205-212

Aristóteles

Poética

(*M^a Teresa Amado Rodríguez*) 212-216

Cristina Blanco Outón

Introducción a la Narrativa Breve de William Faulkner

(*Laura Lojo Rodríguez*)..... 216-219

Aida Fernanda Dias

Cancioneiro Geral de Garcia de Resende. A temática

(*Ignacio Rodiño Caramés*) 219-225

A. Fernández Guiadanes, F. Magán Abelleira, I. Rodiño Caramés,

M. Rodríguez Castaño, X.X. Ron Fernández, M. del C. Vázquez

Pacho (eds.)

Cantigas do Mar de Vigo. Edición crítica das cantigas de

Meendinho, Johan de Cangas e Martin Codax

(*Gerardo Pérez Barcala*) 226-230

<i>Antón Figueroa, Xan González-Millán</i> Communication littéraire et culture en Galice (<i>Carlos Pérez Varela</i>)	230-232
<i>Manuel García Barros</i> Contiños da terra (<i>Miguel Louzao</i>)	232-234
<i>María Rosa Lojo</i> Sábado: en busca del original perdido (<i>Luis Martul</i>)	235-238
<i>Anne MacCarthy</i> A Search for Literary Identity in Irish Literature (<i>Susana Domínguez Pena</i>).....	238-240
<i>Frank Norris</i> “Las responsabilidades del novelista” y otros ensayos/ The Responsibilities of the Novelist” and Other Essays (texto bilingüe) (<i>Xerardo Fernández Álvarez</i>)	240-243
CREACIÓN	
<i>Xavier Carro</i>	245-254
<i>Víctor Fernández Freixanes</i>	255-266

BOLETÍN GALEGO DE LITERATURA

Nº 24, 2º semestre, 2000

ISSN 0214-9117



Servicio de Publicacións
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
2000

NÚMERO 24 / NOVIEMBRE 2000

37

Miquelango Prado

Miguel Anxo Fernán-Vello

MIGUEL ANXO FERNÁN-VELLO (Cospeito, Lugo, 1958), poeta e dramaturgo, realizou estudos de Música, Psicoloxía e Filoloxía. Como autor dramático publica, entre outras, as obras *Cuarteto para unha noite de verao* (1988) e *A casa dos afogados* (1989), ambas galardoadas co premio A Biblioteca do Arlequín e a última estreada polo Centro Dramático Galego con dirección de Manuel Lourenzo. En colaboración con Francisco Pillado, e no eido do ensaio xornalístico, é autor das obras *Conversas en Compostela con Carballo Calero* (1986) e *A nación incesante. Conversas con Xosé Manuel Beiras* (1989). Como poeta está en posesión, entre outros, dos premios Celso Emilio Ferreiro do Concello de Vigo (1983), Esquíu (1984), Premio da Crítica Española (1985), Premio Xacobeo de Poesía (1992) e Premio Martín Códax (1996), sendo tamén finalista do Premio Nacional de Literatura nos anos 1985 e 1997. A súa obra poética, presente en numerosas antoloxías, foi traducida ao francés, inglés, italiano, ruso, español, portugués, catalán e eúscaro. Obra poética: *Do desexo en corpo e sombra* (1984), *Seivas de amor e tránsito* (1984), *Memorial de brancura* (1985), *Livro das paisaxes vivas* (1985), *Entre água e fogo. Cantos da terra posuída* (1987), *Trópico de luas* (1992), *Poemas da lenta nudez* (1994), *As certezas do clima* (1996).

Na actualidade é Secretario Xeral da Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) e director de Edicións Espiral Maior, empresa editorial que fundou no ano 1991.

39

Autopoética

Con razón estableceu Schiller un “estado musical” no dominio da poesía. Dificilmente sen melodía interior, sen música verbal, exista a poesía completa: a poesía en toda a súa extensión. ¿Poesía sen ritmo? Poesía morta antes de nacer.

A poesía –escribín un día nun prólogo*–, ese “alimento que non sacia”, como a denominaba Maritain, ascende das fonduras do ser para liberar un movemento, unha “especie de melodía”, sobre o mundo.

* *Luminoso lugar de abatimento*, Xosé María Álvarez Cáccamo, Ferrol: Esquíu, 1987.

A raíz da poesía é unha vibración profunda do espírito: un asombro, un arreuizo, un desexo, un abismo, unha fenda, un vocema.

E a forma –o froito– da poesía é unha respiración rítmica da voz e da linguaxe. O poema é un alento que canta ascendente aínda na desolación.

Rimbaud defendía unha “articulación deleitosa das palabras”: fundamental para que a poesía exista. Unha erótica do ritmo. Unha espiral sonora. Ou un adagio de dor. Ou a beleza que queima nun nocturno “pianísimo” de versos escritos contra a morte. O resto é non-poesía, poemas que nacen mortos, poetas que perden o tempo sen música.

Miguel Anxo Fernán-Vello

Cantiga Finisterrae para múltiples voces de luz¹

A Ruth

40

País das terras verdes que van morrer ao mar,
unha cantiga nova estremece no vento
o labirinto puro de todos os confíns.

Dende as albas insomnes que palpitan o día,
no florecer da auga na raíz da mañá,
o tempo foi labrando unha saudade antiga

até esta luz que invade o corazón de luz.
Nas gándaras abertas, nos vales silenciosos,
nos bosques que declinan o seu misterio azul;

¹ A música da Cantata que ofrecemos a continuación é obra de Juan Durán e será estreada pola Orquestra Sinfónica de Galicia no ano 2001.

Juan Durán, pianista e compositor, ex-profesor do Conservatorio Superior de Música da Coruña, é actualmente Asesor Técnico de Ensinanzas Artísticas da Consellería de Educación da Xunta de Galicia. Autor de numerosas obras de música de cámara e dentro do xénero liederístico, a súa música escoitouse en diversas salas europeas: Auditorio Nacional de Madrid, Fundação Gulbenkian de Lisboa, Palacio de Congresos da Coruña, Palau de la Música de Valencia, Stathalle de Heidelberg, Conservatorio de Barcelona, etc. Entre os seus intérpretes figuran Antonio Arias, Carmen Durán, Antón de Santiago; os pianistas Jean Pierre Dupuy e Emmanuel Ferrer e os cuartetos Arcana, Sonor, Europa e Prejevalsky.

nas sonámbulas veigas que tremen de frescura,
nas praias onde a brisa é invisíbel nudez,
unha cantiga nova acende a lonxanía:

alta terra diúrna, a espiral do fulgor,
os camiños brillando, láminas inflamadas
da exhalación do sol. Sobe o mar nos espellos,

sobe a chama no ceo. Arborece a distancia
un labio transparente até queimar a voz:
toda a luz, toda a luz entrando, entrando en nós.

País das terras verdes que van morrer ao mar,
entre semente e soño, entre vertixe e flor,
campos iluminados que se inclinan ao sul.

O tempo aquí non foxe. A nave do mencer
tocou a estrela firme, a pedra xerminal.
País das terras verdes, enraizado fervor

dun enigma no tempo: a camelia no ar,
o horizonte que nace poboando os segredos
do noso propio ser; a palabra inicial,

a visión interior dun asombro no abismo
cando a luz é outra luz e a primavera avanza
fundando a cor da brasa no noso sangue insomne,

nós que levamos o sol ardendo na memoria,
astro vital e seiva de luminosos días.
Contra a sombra que paira na nosa negra sombra,

contra o gris neboeiro e contra a triste chuvia
dos séculos que foron, ancorados na historia,
esta luz que penetra a ruína dos muros,

as fábricas escuras, as neveiras do medo,
as confusas feridas, longos túneis de inverno;
esta luz que inaugura terras anchas que brillan,

territorios sen cinza, nidias amañecidas;
luz que borra a oxidada materia da tristura,
os remuíños do odio, as provincias da guerra,

a capital obscena da dor que nunca cesa;
luz que vence as esquinas pedernais dos suburbios,
os aramios violáceos que transita a pobreza,

os ángulos da casa que dobraron os ventos
nas devesas de Europa, nos cercados sen nome,
nas aldeas rendidas que vaciou a noite.

Esta luz como febre amordazando a néboa,
escavando no frío dos países que somos,
revelando no sangue unha esperanza acesa

como as terras que arden no corazón alzado
dunha alborada branca; constelación nevada,
a luz, a luz triunfando fecunda e solidaria;

a luz sen fin nos faros, no ronselar das chairas,
nos fíos que nos unen apurando as palabras,
na orientación dos días, na comunal labranza

do tempo renovado. Todo o mar é un abrente,
o perfecto desexo desta cantiga nova,
a claridade viva que se funde cos sonhos.

Aquí estamos, no límite increado do mundo,
na pulsación das horas, no sopro do destino,
imantados a un himno de poderosa urdime:

o mar e a multitude da súa alta harmonía,
a espiral que transmigra a flor da liberdade,
as terras que proclaman o dominio da luz.

Cando vibra no corpo a emoción demorada
das paisaxes do norte, cando se instala a alba
nos ollos que adiviñan a duración do incendio

debuxado no sangue, sabemos que hai un astro
entre a sede e o fogo, a floración do centro
que conmove o espazo, a cúpula dun clima

de mercurio insaciado, a latitude ardente
dunha maré que ascende no devalar do ceo.
Oh luz do mundo fiel, terras do alborecer,

a lucidez do sol sobre os campos centrais,
a razón do porvir, a irmandade total
entre os seres e a luz, a ondulación feliz

dos corpos na mañá. Oh luz do mundo real,
delicada estación entre comezo e fin,
rozando a pel do abismo a música triunfal,

o espírito da voz, o escintilar da alma
ateigada de luz. País das terras verdes,
territorio solar, queimadura interior

cando renace a vida, a materia futura,
o soño doutro tempo, a aparición do día;
cando a luz é un milagre que regresa do mar,

alta e definitiva, liberada e final,
para borrar a morte e regresar entrando,
entrando en nós máis pura, no país pensativo,

na duración do tempo, na espiral da cantiga,
no vento estrelecido, na harmonía entrañada;
a luz, a luz cantada irradiando a figura

contra as sombras pasadas, contra as fendas escuras;
a alta luz construída sobre as terras amadas,
a alta luz incesante sobre as patrias futuras.

Canto nº 4 da *Cantiga Finisterrae para múltiples voces de luz*
 Poema de Miguel Anxo Fernán-Vello Música de Juan Durán
 (1999)

Barítono

Piano
pp (deixar soar)

p A - quí es - ta - mos no lí - mi - teín - cre - a - do do mun - do

na pul - sa - ción das ho - ras no so - pro do des ti - no i - man ta - dos a un him no *p* de po - de - ro - saur - di -

me *p* A - quí es - ta - mos no lí - mi - teín - cre - a - do do mun - do

na pul - sa - ción das ho - ras no so - pro do des ti - no i - man ta - dos a un him no *p* de

Meno mosso $\text{♩} = 66$

po - de - ro - saur - di me de po - de - ro - saur di - me o mar ca - mul - ti tu - de da sí - a

p *legato*

al - tahar - mo ní - a a es - pi ral que trans mi - gra a flor da li - ber -

da - de as to - rras que pro - cla - man o do - mi - nio da luz *pp* o do - mi - nio da luz

Tempo primo $\text{♩} = 66$

p Can - do vi - bra no cor - po ac - mo - ción de - mo ra - da das pai - sa - xes do nor - te can - do se ins - ta la

al - ba nos o - llos que a - di - vi nan *p* a du - ra - ción do in - cen - dio de - bu - xa - do no

appassionato
san - gue sa - be - mor que hai un as - tro entre a se - de do fo - go a flo - ra - ción do cen - tro que comoveos pa - zo a cí - pu - la dun

cli - ma demer - curiosa cia - do a la - ti - tu - deas den - te dum ha ma - ré queas cen - de no do - va - lar do

poco a poco cresc

Poco rit... *ten* A tempo

ce - o no do - va - lar do ce - o o mar ca mul - ti tu - de da sá - a al - tahar - mo

f

nf - a a es - pi - ral que trans mi - gra *sempre f* a flor da li - ber

f

da - de as te - rras que pro - cla - man o do - mi - no da luz o do - mi - no da luz as te - rras que pro - cla - man

ff luz

Román Raña Lama

Naceu en Vigo en 1960. Doutor en Filoloxía galego-portuguesa pola Universidade de Santiago de Compostela. Catedrático de lingua galega e literatura no IES do Castro de Vigo. Comezou a súa actividade literaria como narrador. No ano 1979 foi Accésit no Vº Concurso de Narracións Curtas "Modesto R. Figueiredo" co relato "Botella náufraga" (Publicado no volume *Pacífico Sul e outras narracións*, Edicións do Castro, A Coruña, 1980). Ao ano seguinte obtén o premio "Celso Emilio Ferreiro" de poesía do Concello de Santiago de Compostela co libro *Retrato de Sombra en Outono* (Edicións do Cerne, Santiago, 1981). Tres anos despois obtén o premio "Cidade de Ourense" coa obra *Nas areias de outro mar* (Edición do Concello, Ourense, 1985). Foi finalista do premio "Esquíu" co poemario *Extramuros da noite* (Edición Esquíu, Ferrol, 1985). No ano 1985 retornou á prosa gañando o primeiro premio do Xº Concurso de Narracións Curtas "Modesto R. Figueiredo" co conto "O último hexagrama" (Edicións do Castro, A Coruña, 1986). No ano 1987 obtivo o premio "Esquíu" de poesía co libro *Da muda primavera* (Edición Esquíu, Ferrol, 1988). Publicou unha edición crítica da poesía de Manuel-Antonio (*De catro a catro e outros textos*, Edicións Xerais, Vigo, 1989). De novo como narrador, no ano 1989 consegue o premio de novela longa "Eduardo Blanco-Amor" coa obra *O crime da rúa da Moeda Vella* (Edicións Xerais, Vigo, 1989). En 1997 gañou o premio "Martín Códax" de poesía coa obra *Ningún Camiño* (Galaxia, Vigo, 1997). Publicou *A noite das palabras (unha aproximación á poesía galega de posguerra)* (Sotelo Blanco, Compostela, 19). Ten publicado artigos de crítica literaria, ensaios e reseñas nos xornais *Faro de Vigo*, *El Correo Gallego* e *A Nosa Terra* e nas revistas *Grial*, *Escrita*, *Nordés*, *Luzes de Galiza*, *O mono da tinta*, *Nó* e *Clave Orión*. Foi membro do consello de redacción do suplemento literario de *Diario 16 de Galicia* e do "Faro das letras". Actualmente colabora coa revista de crítica *Guía dos libros novos*.

47

Autopoética

Máis que repetir aquelas ideas que definen a reflexión sobre o quefacer poético (a necesidade de nomear aquilo que nos estremece e facelo verso, ritmo e diapason da paixón), e que xa expliquei en numerosas ocasións (cada prólogo de cada poemario, algunhas poéticas aparecidas en revistas diversas) prefiro, neste momento, falar dos poemas que agora publico por vez primeira.

Trátase de doce pezas inéditas con algúns elementos comúns. Case todas foron escritas no antigo ano de 1983, cando estudiaba en Compostela e residía nunha casa da rúa Caramoniña, ouvindo a pedra de Bonaval mentres ardía o peito nunha mañá inundada de neves. O primeiro poema, “O lupanar e Manuel-Antonio”, naceu do amor infindo que profeso ao autor de *De catro a catro*, imaxineino visitando un prostíbulo e deixando un anaco do seu corazón entregado a algunha escura concubina; no segundo, “Artur en Fisterra”, segúin a lenda segundo a cal o fatigado espírito do defunto rei da Mesa Redonda visita a nosa Terra en peregrinación á Costa da Morte; o terceiro, “Ebn Duban”, recolle un relato de *As mil e unha noites*, cando alguén trama unha vinganza orixinal, deposita veneno no bordo das páxinas dun libro para que o lector seguro deste, cando humedeza os dedos nos labios para pasar as follas, morra coa pezoña (procedemento que, por certo, copiou Umberto Eco na súa famosa *O nome da rosa*, polo que eu, cando a lin, non me vin afectado pola sorpresa); o cuarto, “Espello tráxico”, trata da eterna dualidade do amor, que fere e deleita a un mesmo tempo; o quinto, “Julius Ceasare”, plasma a conmoción que sentín polo episodio da morte de César, convertido por Shakespeare nun mito indelével; o sexto, “O sosego de Dante”, expón a necesidade de transcendencia para saber levar a morte da amada, cuxo rostro se vislumbra en cada cousa, en cada instante; “Gautamma” rexistra a miña vella devoción por Buda; “La prostitute” deseña unha pregunta acerca do estraño oficio destas mulleres que, a cambio de diñeiro, fan que algúns homes coñezan o que habita na pel neses minutos; “Un inmortal” é o primeiro soneto dunha serie que escribín conmocionado pola lectura dun conto de Jorge Luis Borges onde a eternidade é unha horribel condenación que padece un grupo de individuos; “Vello soneto” contén o triste estupor que me embargou cando souben a noticia da morte de Celestino Fernández de la Vega; “Pensamento de Heráclito” denuncia que, aínda que quixese pensar como o filósofo presocrático, ninguén pode pensar dúas veces o mesmo pensamento porque a dor do home é distinta en cada segundo das nosas vidas, así como a súa felicidade; por último, “O inmortal” constitúe o segundo dos sonetos dedicados á figura borgesiana, sendo escrito un ano antes que todos os poemas ata aquí vistos. Todos eles, xa o dixen, teñen máis de dezasete anos. Agora sei que a nostalxia, máis que a vaidade, motiva a súa publicación.

O LUPANAR E MANUEL-ANTONIO

Vexo un dourado rostro neste exergo
E as lágrimas empapan a remota
Paixón por terte amado na derrota
Dos meus dedos perdidos en ti. Ergo
Esta moeda turba que deslumbra,
Pido o seu don de cervá e doce rumo
E emerxe a tua memoria, como o fumo.
Busquei o teu contorno na penumbra,
Sentín cálida a brisa e sobre o dorso
Das papoulas creceu o sol no albor
Máis pródigo e secreto. Sen remorso
Descín a un suavísimo limiar.
Somente agora sei que todo é dor
E funme, sen amor, para outro mar.

ARTUR EN FISTERRA

49

A espada no regazo desta pedra
Non é de claudicante bronce, elo
Subtil do que non vemos, eu anheló
A súa posesión. A noite medra.

Merlim non aparece e unha révoa
De páxaros de cores é que irisa
A miña espera e esta débil brisa
Que me converte en hóspede da névoa.

Dormitan sempre trémulas as lanzas
Que non vou empuñar. Nun areal
Sen luz as almas van para outro mundo.

Da liña inescrutábel das lembranzas
Ven unha voz transida. É o Graal
Que serpea e se perde no profundo.

EBN DUBAN

(sobre un conto de *As mil e unha noites*)

Teño os iris feridos. Non habito
As follas dun presente que se esvai
Como a sigla dun nome, como un pai
Que se perde nun pó case infinito.
Agora sei, decerto, que a lectura
Dará morte ao rei grego. Con certeza
Será o seu fin, tamén da sua rudeza.
Decapitado estou e non perdura
Mais que a vinganza, sabre dun eunuco
Que vinga o meu castigo, a represalia
Contra quen me matou (morreu a dalia
Nun alxibe e na tarde en que caduco).
Dentro do rei o tóxico se expande
Con cruel devastación. Alá é grande.

50

INVERNÍA DA CAMELIA
ESPELLO TRÁXICO

Cando unha flor se agosta e se consuma
E unha luz negra na retina incide
O corazón que late e que me abrume
Quer que esta miña tempestade olvide.

Páxaro de asas onde habita a bruma
Vehemente como un lume que divide
A noite nosa, algún delirio, a escuma,
que foxe no albor, sobre esa vide.

Desexo que retorne a aurora, o canto
Da breve chuva, o doce territorio
Do xílgaro e das algas, da ardentía.

Os meus ollos agardan o esponsorio
Das luces e das sombras encuanto
O soño que morreu xa se esvacía.

JULIUS CAESARE

Agora vexo un grupo numeroso
Que alberga unha intención cruel. Aumenta
A miña desazón perante a lenta
Chegada cara a min. Non é moroso
O meu pesar. As mortes enaltecen
A memoria dos homes se na guerra
Entregan as suas vidas e na terra
Destilan o seu sangue e, logo, tecen
destino co alento das espadas.
Mais morrer deste modo desigual
Deixa nos labios un sabor a cuarzo.
Fillo da miña sombra, agora nada
Entre estes dous anhelos. Un puñal
Torvo postula a miña morte en marzo.

SOSEGO DE DANTE

Non vou xemer a morte de Beatrice.
Non poderei chorar a amada cinza
Convertida na terra que escurece
sempiterno ébano da noite.
Non debo xa chorar por esa morte
Na gozosa prudencia das palabras,
Só podo ter o xúbilo do esposo
Cando os astros converxen nun só ardor.
Non chorarei a morte de Beatrice,
Pois contemplo nas nubens o seu rostro,
E descubro nas brisas as suas pálpebras,
Os ollos que acharei no Paraíso.

GAUTAMMA

(1973)

Para ver entre as flores a oferenda
Da névoa e do claror elevo os duros
Ollos nas fendeduras, extramuros
Dos lumes que se apagan nesta senda.

Non posúo a mañá neste confuso
Ir e vir que chamamos vida, sina,
Calquer nome da morte ou da ruína
Do que somos, relámpago difuso.

Para aquilo que morre unha só dor
Abonda, mais tamén o brillo avaro
Do amanecer na súa lenta marcha.

Para aquilo que foi o desamparo
Que non direi, vocábulo de escarcha
Ou algunhas palabras de vapor.

52

LA PROSTITUTE

Que Odiseus incrustase no único ollo
Do monstro unha madeira incandescente;
Que Teseu exterminase os foraxidos de Istmos
E derrotase o Minotauro coa forza dos seus puños
E soubese saír do labirinto;
Que noutro tempo as naves de Jasón
Sulcasen o intérmino oceano
E el mesmo puxese xugo a dous touros
De pezuños de bronce
E sementase os dentes do dragón de Cadmos
Que logo serían homes...
Perante estes incertos sortilexios
Que a memoria rexistra desde a noite
Digo, acaso non é máis prodixioso
Que en troca deste círculo de cobre
Poda brotar un beixo dos teus labios?
Que a cambio desta esfera de metal
O teu xemido vibre fronte á aurora?

UN INMORTAL

Condenado por Quen. A miña infancia
Prolongouse, ben cedo, na penuria
Das estacións. Bebín unha substancia
Imprecisa nun cálice de Etruria,
Coñecín a balestra de Cartago,
Un grego innumerábel dixo: nada
É eterno. E unha morte levou cada
Átomo do seu verbo para o lago
De Hades. Cuase sentín a morna frecha
Cravarse no meu peito, na batalla.
E escoitei na poeira a voz grisalla
De Artur, que me chamaba, nunha endecha
De Edimburgo, que nunca foi ouvida.
Inmensas vidas foi a miña vida.

VELLO SONETO

53

(á memoria de Celestino Fernández de la Vega)

Agora é que regresa a luz tardía
Ferindo estes meus ollos, como un dardo,
Resuscitando a alba encanto a gardo
En min amadamente, esa outonía.

Unha noite fulgura fuxidía.
Entro nun soño sinuoso e tardo
En ser outro e contemplo como ardo
Sen min nos labios dunha sede fría.

Queiman voces, supuran cicatrices.
O inverno transparente xa ma invade,
Como un corpo ondulante en preamar.

Orvállase o que eu amo, eses felices
Arrebatos de luz, o que se evade
No río escuro en que me vou bañar.

PENSAMENTO DE HERÁCLITO

Como te vas na lágrima do río
Diluír, inquietude deste mar
Que morre diriamente, sen parar
De entregar os despozos. Este fío
De luz vai perecer noutro vacío,
Aquel que chega da lembranza e diz
Que o meu fin está perto e son feliz
Sentindo no meu seo o calafrío
Daquilo que deixei, o meu reflexo
Nesta agua tranquila e poderosa
Que decorre sen min. Somentemente pido
Que conclúa o seu non e vexa o nexo
Que me une a unha sombra dolorosa
En que penso que son quen non tes sido.

54

O INMORTAL

(Sobre o conto homónimo de Jorge Luis Borges)

Eu descoñezo esa temíbel lanza
Que chaman morte ou thánatos, indicio
Da outra beira que chega ou precipicio
Do non ser que nos deixa sen bonanza.
A paixón é quen salva e quen me deixa
Amar eternamente esta alborada.
Soño ás veces coa sombra nunca dada,
Nese lugar translúcido en que a queixa
Non existe. Desertos e baías,
Sonámbulas mañás, cidades vagas,
Deseñan o meu sempre. Son aciagas
As gotas desta chuva, os mesmos días
Que vivo cada día e penso: “exento
Estou do lodo turbo e do lamento”.

Compostela, 1982.

ESTUDIOS

María José Olaziregi

O universo literario de Bernardo Atxaga 7-22

*Xulio Pardo de Neyra*Evaristo Correa Calderón, a consolidación do
nacionalismo galego e a introducción do vangardismo
poético na literatura galega 23-56*Andrés Xosé Pociña López*As aventuras de Ulises: Algunhas concordancias e
discordancias entre as versións da *Odisea*,
a *Crónica Troiana* e a *Historia Troyana* 57-71

55

NOTAS

*M^a Teresa Araújo García*Obra descoñecida de Manuel Amor Meilán en
Galicia Moderna (A Habana)..... 73-76*X. Bieito Arias Freixedo**¿e u era?* ¿a clave da cantiga de Meendinho? 77-82*María do Cebreiro Rábade Villar*A ‘Síndrome de Stendhal’: contra a lírica cruel,
poesía do esquenzo 83-98*María Luis Gamallo*

A narrativa galega: cara á consolidación dunha nova novela 99-109

<i>Antonio Francisco Pedrós Gascón</i> Santiago de Compostela: Urbe e identidade na obra de Suso de Toro.....	111-123
<i>Xosé María Rei Lema</i> Francisco Romero Lema ou unha vida de homenaxe a Enrique Labarta Pose.....	125-132
<i>Isabel Seoane</i> Un escrito de Murguía en galego. O recoñecemento de Valentín Lamas Carvajal	133-143
ENCONTROS	
<i>Manuel Barbeito</i> Encontro con Terry Eagleton en Compostela	145-168
DOCUMENTOS	
<i>Xosé Luís Axeitos</i> Vida, paixón e morte de Lorenzo Varela	169-175
LIBROS	
<i>Alberte Pagán</i> A voz do trevón. Unha aproximación a “Finnegans Wake” (<i>María Francisca Llantada Díaz</i>)	177-182
<i>Celso Emilio Ferreiro/Antonio Blanco Freijeiro</i> Musa Alemá (<i>Xosé Manuel Dasilva</i>).....	182-187
<i>Claude Bremond e Thomas Pavel</i> De Barthes a Balzac (<i>Maximino Cacheiro Varela</i>).....	187-191

<i>Cristina Blanco Outón</i> Introducción a la narrativa breve de William Faulkner (<i>María Francisca Llantada Díaz</i>)	191-194	
<i>José Alonso y Trelles</i> Paja Brava de El Viejo Pancho e outras obras (<i>Luis R. Martul</i>)	195-198	
<i>José Luís Forneiro</i> El romancero tradicional de Galicia: una poesía entre dos lenguas (<i>María Xesús Nogueira</i>)	198-201	
<i>Karen Levenback</i> Virginia Woolf and the Great War (<i>Laura Lojo Rodríguez</i>)	201-206	
<i>Ramón Nicolás Rodríguez</i> (coord.) Manuel Luís Acuña (<i>Xabier Campos Villar</i>)	206-209	57
CREACIÓN		
<i>Miguel Anxo Fernán-Vello</i>	211-218	
<i>Román Raña Lama</i>	219-226	

BOLETÍN GALEGO DE LITERATURA

Nº 25, 1º semestre, 2001

ISSN 0214-9117



Servicio de Publicacións
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
2001

NÚMERO 25 / MAIO 2001

59

Antón Pulido

Ánxeles Penas

ÁNXELES PENAS naceu en Teixeira (A Coruña). É licenciada en Filosofía e Letras pola Universidade de Santiago e en Belas Artes pola Facultade de San Fernando en Madrid, ademais fixo estudos de música no conservatorio da Coruña e de Maxisterio. No ámbito plástico ten a dobre faceta de escultora e pintora e leva feitas máis de cincuenta exposicións. Ten no seu haber nove premios literarios, entre eles o Premio Abrente de Teatro de Ribadavia (1974), o primeiro Premio Nacional "Jorge Manrique" (1979), o primeiro premio das Festas Minervais da Universidade de Santiago (1970), o primeiro premio Festa da Cantiga da Coruña (1971) e o primeiro premio Cidade da Coruña (1981). É membro de AULIGA (Universidade Libre Iberoamericana en Galicia) e pertence ao Consello asesor da revista *Serta*, da UNED. Colabora asiduamente con revistas literarias como *Zurgai*, *Serta*, *Festa da palabra silenciada*, *Clave Orión*, *Historia y vida* e outras. Na revista de Internet, *EON MAGAZINE* ten unha colaboración fixa, co tema "Arte y sacralidad" e é crítica de arte de *El Ideal Gallego* da Coruña. Ademais tivo durante varios anos unha sección fixa en *La Voz de Galicia*, sobre temas de cultura da nosa terra, co título de "Faíscas". Ten feito numerosos ensaios acerca de arte e literatura de Galicia, sobre Cunqueiro, Celso Emilio, Rosalía de Castro, Xohana Torres, Labra, Grandío e Laxeiro, entre outros. A súa obra publicada inclúe os títulos *Con los pies en la frontera* (1976), *Ya soy para tu muerte* (1980), *Galicia, fondo val* (1982), *O santuario intocable* (1992), *Fondo en malva*, no colectivo dedicado a Miguel González Garcés, feito pola Deputación coruñesa. Presentou comunicacións para varios congresos literarios: "Humorismo e humanismo na obra de Castelao", para o congreso realizado na Universidade de Santiago de Compostela pola Fundación Castelao; "A poesía feminina en Galicia" para a Fundación Santa Teresa de Ávila; "O poder da imaxe visual na plástica e na literatura de Galicia" e "Un século de literatura en lingua galega" para dous congresos organizados pola Asociación de Escritores en Lingua Galega; "A poesía de Antón Avilés de Taramancos" e "A poesía de Eusebio Lorenzo Baleirón", para o primeiro Congreso Internacional de Traducción de Rianxo, organizado por AULIGA. Tamén para AULIGA traduciu *Os cantos caucanos*, de Avilés de Taramancos e unha *Antología poética*, de Eusebio Lorenzo Baleirón, recentemente publicados por Espiral Maior. A súa obra poética está presente tamén en varias antoloxías e revistas literarias: *Palabra de muller*, *Poetisas galegas do século XX*, *Nordés*, *Grial*, *Atenea*, *Revolatura*, etc. Entre os seus próximos libros están *A vara do zahorí*, *Os anales do vento* e *Amor deshabitado*.

61

Autopoética

Tratar de definir a poesía é como querer medir a inmensidade do mar. A poesía, como o amor, non se deixa atrapar, acode traspasándonos con lóstregos

de comprensión, fai falar ao silencio por un intre, abre leiras de sentido e logo vaise polas ondas ocultas, polas augas arcanas e secretas de cada verso iluminador. Pola súa mesma natureza, o fenómeno poético móvese nuns terreos riquísimos e ambiguos, de irracionalidade, de misterio e de extrañeza diante da grandeza do universo e do enigma de existir; ten tamén moito de grito orixinal, de berro para escorrentar a dor, a anguria polo paso do tempo e a inevitábel cita coa morte.

É, pois, en principio, unha resposta emocional, unha descarga da sensibilidade diante do incomprensíbel que nos abraia, nos aguilloa ou nos galvaniza.

O poeta é ese alguén que se atopa sobre o fío dunha navalla na beira dun precipicio; ou, noutras verbas, alguén que vive a vida co espírito aberto a todos os ventos e entón estes entran a cachón deixando innumerábeis mensaxes que intenta descifrar. Desá capacidade de vibración depende tamén a calidade da súa poesía, porque se pode ser un bo escritor e dominar as regras da versificación, pero sen o sopro do Verbo, sen a Voz, os poemas nacen mortos.

62

Porque a verdadeira poesía é iluminación, é unha *forma auroral de coñecemento*, pura intuición limpa de intelectualismo, sentimento lírico no que late a o espírito da música. E, do mesmo xeito que a música nos conmove sen palabras, a poesía debe lograr que a palabra se achegue o máis posíbel aos arredores do inefábel onde se escoita esa “*soidade sonora*”, esa “*música calada*”, da que falaba San Juan de la Cruz. Este é o gran paradoxo da palabra poética, pero tamén a súa grandeza, porque significa, deixando abertos, detrás do que di, innúmeros sentidos, resonancias que ecoan no silencio con imaxes perturbadoras; digamos que, con frecuencia, os versos son só os chanzos para penetrar nos pazos do invisíbel e que debaixo de cada relampo de luz cognitiva que acaso nos cega hai un venero xenetriz, unha semente que está para alén do expresado.

E esa fonte, ese venero é a matriz, a vea amorosa e feminina da poesía; esa é a *ánima*, a Nai Escura na que se xestan todas as formas, a sombra que vela para revelar, o útero no que todo se “sabe” sen dicirse e que, de cando en vez, abrolla pola mesma atracción do aire que o reclama: o *animus*, o sopro fecundador.

Medran así os versos como medran as plantas, cara arriba, inevitabelmente cautivados polo amor que “move o sol e as outras estrelas”. E, mentres o sol

quenta as follas desa fráxil plantiña e fai a súa función vivificadora, a raíz permanece enterrada na terra, na matriz da que se alimenta, sen poder “ver” o que se está operando nela.

Alquimia do espírito, pois, que ten unha dobre dirección, *participación mística* na que o corpo-psique se converte en campo para que opere a Palabra e en espacio adoitado para acoller, tanto as pulsións anímicas do fondo canto a grandeza do Cosmos. Nesa inmensidade escoita ecos, cantos, chamadas que veñen do infinito, do océano ilimitado do Ser, música das esferas que nos fai recobrar “*a memoria perdida*” –como diría Fray Luis. É como un espertar, como un abrir os ollos aos arcanos do universo; e logo vén a percura de claves, a indagación para poder captar –aínda que só sexa a través do paradoxo– o sentido oculto. Entón abrolla a palabra pola súa propia necesidade de fluír, de axeitarse aos cursos da alma, escoa graciosamente coma o Viño do cantar místico no Grial namorado do corazón.

Acoden as cantigas, os himnos, as elexías, as odas... e eu déixoos que canten e reverberen nos espacios musicais que só a eles se reservan. Son poemas que falan de luz, que piden a luz; pero tamén dan conta do seu contrapunto inevitábel: da *sombra* e na sombra lostregan como chispas emocionadas, como respiracións do Gran Espírito Universal que sopra onde quere. Estalan sobrecolli-dos diante do formidábel enigma que nos arrodea, como epifánicos reflexos.

63

Os versos son para o poeta o fío de Ariadna co que calettra esa materia escura, ese pazo do Minotauro que garda, teimosamente, as chaves do que un verdadeiramente é. Por iso non hai poeta auténtico que non estea destinado a abandonar o Edén e a petar nas portas do inferno, como Orfeo, para rescatar a Eurídice e poder así, xa completo, voltar á terra da promesa, ao Pardés da sabedoría. Tamén pode ocorrer que perda a Eurídice definitivamente e, entón, xa sabemos que os laios de Orfeo facían chorar as pedras. Algúns dos máis fermosos poemas do mundo son os que naceron desa esgazadura, desa terríbel experiencia da perda irrecuperábel que non é allea á miña poesía.

A imaxe do perfecto amor persegue o poeta como verificación mítica do arquetipo: Amigo-Amiga, Amado-Amada, Laura-Petrarca, Dante-Beatrice, Garcilaso-Elisa (léase Dona Isabel de Freyre), Cervantes-Dulcinea...; ou Esposo-Esposa, nos místicos como San Juan de la Cruz; e pode chegar a identificarse coa totalidade do mundo visíbel e invisíbel, así en San Juan o

Amado son as “montañas, os vales, as ínsulas estrañas, os ríos sonorosos ou silbo dos amorosos aires”. Esta *participación mística* co universo atópase, de igual xeito, no primitivo e no poeta; e dáse, dende logo, en moita da miña poesía, especialmente en *Galicia, fondo val* (que algún comentarista despistado confundiu con “ruralismo”), pero aí está xa ese “*suco de semente viva*”, ese amor do que estou a falar, esas “*tres feridas: terra, morte, amor*”, e ese “*ancho Miño do misterio*”: o río da vida que leva ao mar a través das estacións e viacrucis da encarnadura amorosa que pode ter “*brazos de mareiro vento*”, porque é inmenso, inabarcábel, unha arela que xamais se apaga. O espírito do poeta anda sempre aqueloutrado e non sabe cómo expresar esas aguilloadas que o feren a cotío, nin esa lingua intraducíbel que vén dos Algures ou dos Ningures ignotos, senón é a través de imaxes ardentes, queimantes que o levan de si: “*e síntome fuxir; fuxir arreo, a me guindar de min, a espaxerme no espírito levián do chan queimado...*”.

Recoñécese a poeta nun territorio físico, no que fai pé para non esfrangullarse, pero sabe tamén que este é só unha metáfora *desoutro territorio* da inmensidade cósmica, deses largacíos inmedíbeis nos que se cumpren todas as probas de paso, todas as iniciacións posíbeis de quen leva “*na frente unha estrela, no bico un cantar*” –como dicía Curros Enríquez. A primeira ordealía da poeta cúmprese no *amor*; a derradeira –cecais a máis importante– debe agardar ao remeiro Caronte para cumprirse, pero, no entanto vive moitas pequenas *mortes* que van desfechando, paseniñamente, as lacres do *santuario intocábel*.

A miña poesía respondeu sempre –e responderá, posibelmente, máis cada día– a ese cruce de forzas, a ese magnetismo dúplice *terra-ceo*, enerxías telúricas e enerxías espaciais, coordenada eterna do temporal e do atemporal, *cruz astral* que xa aparece prefigurada nos signos que os nosos antergos nos legaron e que vai engastada, coma unha xoia preciosa, no camafeo do máis apaixonante dos enigmas: a vida.

Este é tamén o eixo inspirador, a tónica emocional destes poemas que vos ofrezco e que titulei *Territorio* polas razóns devanditas; a xeografía, o chan, a casa non son senón para min “*unha parábola do infinito*”. Tamén o é ese poema dedicado a Picasso, porque o pintor utiliza a *poética da ollada* para mergullarse nos *adentros* do mesmo inabarcábel.

A Coruña, 20 do San Xoán de 2001

Territorio

Unha esquina do mundo,
Un puntiño na curva do mar
que se abre coma unha interrogante ¿
e no puntiño
eu,
invisible,
chantada nos cons como si realmente existise,
acenándolle ao vento que barre a Torre
eu,
cos átomos lixeiros e alporizados que piden voar,
pero antes
han de recoñecer o territorio que tripan
e preguntarlle ás penas cómo aturan as zoupadas do mar
e sentir con elas a dor do xiro das edades,
a teimosía dos soles que furan a inmensidade,
eu,
eiquí,
agarimando orcelos,
bagullando a beleza que me fire,
desacougada diante de tanto incomprendible,
avincallada por este amor,
por esta cósmica gratitude
para todo o que vive neste arredor enorme,
nestas noites de estrelas...
Eiquí,
tan senlleira,
e tan chea de corazóns
que latexan abeirados coma min do infinito,
coma min abraiados,
tecendo teas e días,
sachando terras,
plantando hortos
e soñando,
firmes no amor que levan no peito
Por eso afirmo a miña lei
e xuro manterme eiquí,
con eles,
aínda que os meus átomos pidan fuxir no vento...

Así, recoñezo este espacio mandálico
e sitúo no centro o eixo do meu corazón,
el tamén torre solar ergueita sobre a testa de Xerión:
as tebras.

II

Distancias imposibles,
noites:
sempre as mesmas estrelas noutro lado do ceo,
eu,
antena baixo o silencio pendurado,
lanzando un morse,
clavada contra os puntos cardinais,
atada a esta terra,
a este orballo que me humedece o ser,
a este relembro de fogares con fume de toxo
e ringleira de avós -
coma sombras quentando os tentos,
xogando a vida á brisca,
chinescos grimoiros pasando polo fondo do cadro,
ou cecais augas vivas que aínda me alimentan
Pois sigo eiquí,
medio e medio do ceo,
pedindo espacio,
máis espacio
e perfumes que o enchan

Ou, cecais,
O espacio está dentro de min,
Con seiva toda dos antergos,
e os países todos
e as humidades todas das augas fondas...
Pero agora son esta hora presente,
esta leira antiga,
este prado pequeno,
verde territorio fechado de salgueiros

III

Recupero a paisaxe:
o cadro de grisalla de humidades de fondo,
sobor dela os azuis,
o violeta lonxano con cortinas de choiva
e un manto de carqueixas:
o añil todo estendido entre o verde dos montes,
puntiños amarelos de chorimas e xestas,
os lombos dos penedos imitando ás ondaxes,
agochados casares nas brétemas cincentas

Este é un país de auga,
unha enorme acuarela de manchóns esluídos
nun papel enrugado;
é un país de horizontes
no que as nubes se apousan para ciscar as bágoas
que choran as estrelas
I, entón, chove a cotío
e os hidróxenos deixan unha pel esvarante
no corpo da paisaxe,
un blanquecino mofo no tronco dos carballos
e un continuo salouco no corazón das fragas
E si expremes os peitos tamén soan a chuvia
coma os foles das gaitas...

67

IV

Como unha parábola do infinito
a casa dos avós estaba soa ollando o cordal,
onde os deuses primitivos trazaran signos de pedra
e rotas megalíticas...
Tamén as lexións romanas pasaran por alí
enfiando camiños e desfiando inxeles corazóns,
alí o cristián chantara cruces
e cecais o mouro deixara o eco de Alá...

Pero só o espacio permanece,
o silencio do monte e as queiroas,
a raia do horizonte que bica o ceu,
¡i eu!
a enxergar a toxeira e as lúas que devalan
e o paso calmo das estacións

Alí, agora, mentras esculco o enigma
mergúllome nas horas que fuxen,
sosteño a casa para que perviva,
mundo testigo do que fun,
do que foron os anterigos
que agora alimentan o Camposanto

Eiquí estou arromedando á eternidade,
eiquí, como as herbas, como as hedras
que non deixan de medrar:
canle do antigo sangue dos devanceiros,
memoria desfeita nos séculos
que agora ecoa en milleiros de linguas pequeniñas
polos regatiños do monte
e, como eles, sabe o que non di
e o que di leva un selo.

Eiquí –alegoría do ser–
ollo a mañá, o sol morno
que docemente quenta,
sinto nos ósos a humidade desta terra de auga,
apalpo os liquens ancestrais,
máis vellos que o mundo,
máis vellos que toda forma viva
e véxome no centro do arcano
sin máis misión que ollar,
ou cecais que cantar,
para que o malvís exista,
para que o piorno, o sabugo,
a abrótega, a xesta...
poidan ser nomeados;
para que a rela, a carqueixa, a silva...
poidan ser nomeadas;
para que o ameneiro, o carballo, o sanguíño...
poidan ser nomeados.
Para que poidan ser nomeados o cerne i o sámago:
aquele que pervive
e todo o que se vai

V

Sempre enxerga a noite,
furaba na inmensa chaira de galaxias
e o abraio purraba por min,
aberto i engaiolante,
feríame as meniñas
e deixábame no peito unha delicada dor,
un sabor a ozono e a bágoas
Besbellaba verbas miúdas para defenderme da inmensidade,
mais a inmensidade entraba por tódalas fendas,
polas táboas da solaina,
polas regañas das fiestras
que non acadaban a deter o paso do vento,
o salaio do cordal e dos codesos
que cantaban aquela cantiga antigamente deprendida

Só o berce nai protexía contra tanto espacio
e o pan da boa avoa alimentábame
sin que eu soubese do milagre,
comíao como comía o medo dos anoiteceres húmidos.

69

“Saber é relembra”

Pero Platón aínda non existía para min
e a miña xeografía remataba no mar de Mármara
ou nas terras boreais ;tan ignotas!
onde a Raíña das Neves gobernaba pazos conxelados
e adubiábase con nenos brancos e xertos.
Tampouco escoitara a Mozart,
Pero a Raíña das Neves xa tiña estrañas semellanzas
coa Raíña da Noite.
E a noite tamén tiña, coma elas, ollos duros e fríos.

Nunca estivera alí –xa o dixer–
onde Dimitri Karamazov tripaba restrebas nevadas,
mais os seus laios pertencíanme.

E non sabía eu que tiña no corazón
unha vara de abelaira para medir a profundidade,
que tiña un abismo tan grande como o ceo,
que o meu corpo novo levaba a memoria das edades,
o ADN do espacio dos códigos antigos.

A ollada de Picasso

(Na homenaxe da AELG o 25 de abril de 1991)

Málaga, A Coruña, Barcelona, París, catro cidades definitivas na vida de Picasso. De tres tense falado moito; da Coruña, menos. Pero eses catro anos coruñeses (dende os 10 aos 14 anos), por ser a etapa do paso da nenez á adolescencia, tiveron que ser importantísimos para o pintor: primeira visión do mundo nórdico e das súas luces grisallentas; primeiro amor, na nena Ángeles Méndez; primeiras experiencias plásticas importantes e primeira exposición, aos 13 anos, na que amosa unha madurez insólita para a súa idade.

Cecais, cando marcha da Coruña, levaba xa na alma aquela estética –que eu gustaría chamar de *luscofusco*– que lle descubría unha realidade complexa, de planos entreverados e perspectivas múltiples; tamén aquela visión anticanónica, feramente expresionista, primitiva. O descubrimento da escultura negra, do que tanto se ten parolado coma xénese das *Señoritas de Avignon*, pode que non fose máis que a billa que abriu a fontana que xa lle abrollaba dentro.

70

Alí bulía aquel mundo, entre bárbaro e estilizado, aquela dualidade apolíneo-dionisiaca que nace do asoiro mítico entre a luz e as tebras. Picasso, por paixón, por temperamento, por reflexión, sabía moito deste lexendario combate.

Na cidade herculina, ao pé da torre onde Hércules vencera ao xigante Xerión e lle encetara a testa, o neno Picasso empezou a comprender o lado escuro e mísero da vida e os seus primeiros temas amosan inclinación pola piedade e un entendimento precoz da dor.

Logo viría a vida dura de París, a experiencia dunha bohemia miserenta, os desditados que atopaba a eito pola rúa; a ollada de Picasso era implable: gravaba intensamente canto vía. Deste xeito, converteríase, non só no retratista do home do seu tempo, senón aínda máis no creador dunha verdadeira antroploxía plástica. Fixo auténticas *radiografías morais*, ou, por mellor dicir, desvelou as *múltiples máscaras* do home contemporáneo: facianas riseiras, tristesiras, doentes, anoxadas, choronas, ledas, sufrintes, rexoubantes, amorosas, odiosas... Cando lle preguntaron si os seus persoaxes semellaban aos que camiñaban

polas rúas, respostou: “*Pode que aínda non, pero xa se semellarán*”. I engadiu que tamén os seres humanos pintados por Goya comezaron a asemellarse aos das rúas, despois que el os pintou.

O que viña a dicir Picasso é que el pintaba ao *home interior* e, polo tanto tamén, *a realidade interior*.

Para desvelar esa humanidade e esa realidade interna, a forma ten que ser sometida a unha *matemática da ollada*, a unha sistemática deformación, para recompola logo segundo os cánones da *visión profunda*, única que busca atinar co nó das cousas.

A ollada de Picasso é *psicolóxica, simultánea e atemporal*; con ela homes e natureza amósanlle as súas *faces inéditas*, os seus intrínquilis e relacións ocultas, os seus labirintos, pasadizos e pesadelos. Pero, ante todo, desvélanlle as *misteriosas conexións* que se dan entre os *obxectos* e o *espacio*. O espacio non é máis algo no que se apousa un obxecto ou que lle sirve de fondo, senón algo que se interacciona con el, que actúa con el, que crea campos magnéticos e configura e conforma; poderíamos dicir que é como unha especie de *cuarta dimensión* que de ningún xeito pode atoparse nas leises da perspectiva tridimensional.

71

Pensamos que Picasso non só facía pintura senón auténtica cabalística visual, porque procuraba as xeometrías e cifras que enguedellan e entrambelican os seres, co cal a realidade experimentada viría dar un xigantesco *puzzle* ou rompecabezas que xamais se remata de compor e do que cada cadro eran anacos.

Decatouse de que todo xeito de representación non é máis que *outra ilusión*, un engadido da ollada, un *xogo de eidola* e de imaxes superpostas a esas outras imaxes ou eidolas que nos entran polo ollo e de cuxa ficticia substancia da que xa falara abondo Platón.

Hai unha realidade aparental e outra agochada. Entre as fendas da primeira, percorrou a segunda; xa polos medios do cubismo, do expresionismo ou do simbolismo. Tomemos, como exemplo, a representación do mítico Minotauro (o propio pintor) que só pode ser domeado pola man inocente dunha nena (¿aquela que ficou perdida na infancia da Coruña?).

O meu poema e estas verbas só queren ser unha pequena aportación para ilustrar esa ollada lúcida, desenganada e aberta: é dicir, *picassiana*.

A poética da ollada

A Picasso, con pombas e vento, cen anos despois de chegar á Coruña

Abril, 1991

72

Abril trouxo con lilas aquel soño augacente,
púxolle á luz do Sur o Norte airado:
bretemosas mañás, pombas e vento
e unha raíña nena saudosenta.
Descubriulle que o mundo ten *adentros*
e ten covas fondísimas
e rúas que se alongan no gris
e se enguedellan
e que hai mares ferísimos
e raias nas que se perde o tino
e fan terteres a rentes de tombar os home todos;
e invisibles buracos que foradan
lombos, peitos, costelas, faces, ollos...
e azuis mentireiros e furneiras
polas que escoan formas coma engado;
e que hai faros finais e sereas
tan grandes coma montes e mulleres
e tamén que hai mulleres apousadas
no remate do mundo pra sostelo...

E sentiu que o Nordés afía chuvias
para esgazar olladas e raiolas
e que tripa as pradeiras espaciais
para tronzalas en anacos todas
i esmiuzar o vértigo en cachenos.

Pois que ten medo o vento das esquinas,
dos pasaxeiros fríos, baleirados,
que con pasos solemnes, rituais,
espellean no azouge as enfonduras
e van para ningures, aló embaixo,
dacabalo das fouces que os encetan.

Alí se vía o neno: alí encadrado,
cos ollos a frangullas nos cristais

daquel novo espellismo fronteirizo
que de alén se achegaba ás galerías.

¿En que mundo me atopo?
¿Que é este mundo no que arrualla o mar
e o Nordés zoa coma un tritón enorme,
unha balea de brazos toleiróns e abaneados?
¡Ese vento outra vez, arrodando
 xirovagando
 abrindo
 escagallando
os infinitos todos
en chumbo calofrío azul abraio

por lenzos do futuro!

A remuíños viñan os sinais polas rotas do Orzán,
chiscaban ollos no luscofusco foscas perspectivas;
acoitelados,
ríos de sombras do mañán pasaban
coma si xamais foran ou serían:
copas guitarras gatos Minotauros galos xornais xerras violines
uvas coitelos cans mazáns fenestras
naipes paisaxes sillas arlequines nenos fruteiros
rostros caliveras nais pipas mostros homes e mulleres
bicos apertas touros e toureiros mesas cabalos panos partituras
músicos berros

73

¡e o pintor pintando!

Non ten remate o mundo, non é craro,
non é como o miramos ou nos pintan
¡Tanto mundo non colle en ningún cadro!
Ten adentros e aforas, viravoltas,
remuíños, recunchos, labirintos
e dimensións extrañas nunca olladas
E argallaban os ollos interiores daquel Picasso neno:
¡HAI QUE INVENTAR O MUNDO!
¡HAI QUE INVENTAR O MUNDO QUE NON VEMOS!

Xosé Antonio Perozo

XOSÉ ANTONIO PEROZO naceu en Llerena, Estremadura, no ano 1951. Dende 1970 vive en Galicia. Logo de dedicarse ao mundo do teatro como actor e director e outras mil ocupacións, como decorador, escaparatista, vendedor de froitas, xornalista, presentador e director de programas de televisión e radio, creativo de publicidade, debuxante de capas de discos, asesor de imaxe, director de empresas de comunicación, entrou no mundo editorial e na actualidade é director de Ir Indo Edicións e da *Enciclopedia Galega Universal*. Traballou en medios de comunicación como *La Voz de Vigo*, *El Pueblo Gallego*, *Faro de Vigo*, *La Voz de Galicia*, a Radio Autonómica e a Televisión de Galicia, pero o que en realidade lle gusta e como mellor o pasa é escribindo. No seu oficio de escritor ten publicado vintecatros libros de todo tipo, xornalísticos, obras de teatro, novelas para adultos e libros para rapaces, a meirande parte deles editados orixinariamente en galego. Algúns dos seus títulos de literatura infantil e xuvenil son *O enigma de Embivicus* (1992), *Camiño de Fantasía* (1998), *Don Ogro de papel* (1993), *Rato e Gato, unha tarde de teatro* (1994), *A increíble historia de Claudina* (1990), *Claudina volveu* (1998), *Contos máxicos* (1995), *Aquellos días malditos* (1997) e *Papá Ogro* (1999). De estilo xornalístico son os libros *Quen é quen no primeiro Parlamento Galego* (1981) e *Celso Emilio Ferreiro, compañeiro do vento e das estrelas* (1981) en colaboración con María Xosé Porteiro. De matiz divulgativo é *Compostela, Patrimonio da Humanidade*. No terreo do erotismo publicou *Misterios gozosos* (1991) e *Coral de lirios morenos* (1994). Novelas para adultos son *La furia del carnero* (1994) e *Rosalía* (1998). En teatro estreou as obras *Suburbios*, *El vendedor* e *Tal vez, Francisco de Zurbarán* (1998).

75

Autopoética

Dúas premisas e unha afirmación antes de partir. Primeira: a obra literaria, como calquera obra de arte, ou explícase por si mesma ou non paga a pena tela en conta, polo tanto sobran argumentacións sobre o escrito ou o que se quere facer. Dúas: estou de acordo coa afirmación de García Lorca de que o escritor nace pero precisa do coñecemento da técnica para comunicar aos demais os seus universos. Afirmo: non obstante a todos nos gusta falar de nós, do que facemos, das técnicas que empregamos e dos impulsos que nos moven.

Se por algo nos distinguimos os escritores é porque somos quen de espíritos sen pudor en cada folla dos nosos escritos. Os diaños particulares quedan

expostos á lupa do crítico tanto como á análise dos psicólogos ou ás pesquisas doutorais dos psiquiatras. O proceso da creación literaria é para min un enigma que só pode explicarse en función dalgunhas reaccións químicas descoñecidas producidas no cerebro. Non teño dúbida de que andando o tempo, os investigadores darán coa mecánica e a fórmula química da creación. Un bo día relacionarán por orde alfabética as hormonas, bacterias e elementos que interveñen no nacemento dunha historia dentro do cerebro. Isto non é ciencia ficción, do mesmo xeito que non o é que as feromonas determinan o namoro, a paixón e outras emocións semellantes ata hai pouco atribuídas ao espírito do corazón. Pero mentres ese día chega, eu gosto de crear e crer no territorio da intuición.

76

Os meus libros, as miñas historias, son sempre produto da intuición e permanecen fieis a dúas débedas. Unha, o exercicio de converter a realidade en fantasía de xeito que esa fantasía non traizoe a realidade nin a realidade estrague a forza fantástica da historia que trato de contar. Dúas, a miña relación incestuosa co erotismo como forza primixenia da humanidade, permanentemente satanizado pola cultura xudeocristiá que padecemos. Logo están a sutileza da ironía aprendida en Galicia, a tenrura que traía do sur, a retranca que quitei do exercicio do xornalismo, a paixón polas paisaxes e a paisanaxe, a vinculación coa política...

Reivindico o erotismo explícito na literatura como elemento do que foron castradas as grandes historias narrativas. Nunca entendín por qué o pracer de comer, como outros praceres (lectura, deporte, música, festas...), pode describirse nunha novela ata o extremo de dar as receitas do que degustan os comensais e non sucede o mesmo cando os personaxes fan o amor, que sempre queda implícito entre liñas. Ambas as dúas accións son cotiás, reais e, polo tanto, enriquecedoras da obra literaria. Sempre que podo, deixo que os meus personaxes vivan o seu erotismo.

No que respecta á reivindicación da intuición sobre a planificación e a técnica, teño que dicir que me deu moitas satisfaccións íntimas deixarme levar polas descoñecidas reaccións químicas do meu cerebro creativo. Por exemplo, o conto que publicamos nesta revista. Naceu do interese por vivir dun dos personaxes. Eu ía contar a simple historia de Martázul viaxando a Madrid, era un conto pedido por unha revista. Martázul viaxaba á capital para rematar unha historia de amor, ao chegar á estación apareceu o personaxe do home na

plataforma, eu non contaba con el, sucedeu o que sucede no conto. Ao rematar, por mor dese descoñecido, descubrín que a historia non comezara. Ese personaxe obrigoume a seguir os pasos de Martázul durante máis de trescentos cincuenta folios. A novela publicareina o ano que vén. Está chea de vida intuitiva e de erotismo.

Estación de partida

O día do primeiro encontro percorrín a estación sen présas. Merquei unhas revistas, un acto normal, algunhas lambetadas e chocolatinas. Sobre todo chocolatinas. O tren con destino a Madrid sae ás 21,20. Tomo un sándwich e unha *Coca-cola* antes de camiñar pola plataforma, antes de desafiar a ollada dun ferroviario que agarda recostado nuns vultos, antes de subir ó meu vagón e arrecuncharme xunto á ventá. Sei que o meu andar é desafiante, gústame este ritmo dos meus ombros. Sobre todo dos ombros e cadeiras. Desprázoos con certo cansazo harmónico. Observeino moitas veces nos vídeos. Dixéronme: tes un xeito de camiñar moi particular, vas pedindo guerra e iso faite parecer perversa. Unha moneca de porcelana perversa e seguramente pervertida. ¿Que é a perversión? preguntome. Miro máis alá do cristal embazado, límpoo co antebrazo e estampo os beizos de carmín na frialdade da superficie. Ó outro lado das vías, na plataforma paralela, un home moreno, alto, delgado, con certo aire de distinción, pode que de profesor de inglés nun centro elegante, observa os meus xestos. Sorríolle. Non me importa sorrir ós descoñecidos. Este arróibase, como case todos os homes cando unha muller lles entra. ¿Ou é polo meu aire de seguridade inxenua, de inxenua perversa? Non alcanzo a comprender qué é a perversión. E naquelas circunstancias moito menos. O home moreno retira a mirada, recolle o pequeno maletín e o paraugas e camiña a modiño pola plataforma deserta, fronte á vía solitaria. El tamén espera un tren. Agardo a que a tentación lle poida e dobre novamente o semblante cara a min. Faino. Volvo sorrirlle. Detense como distraído. Consulta o reloxo. É atractivo. Maduro e atractivo. Está dentro dos canons das miñas preferencias. Agora sorrime, engurra a boca nun bico fráxil buscando a resposta cómplice. Outra vez estampo o perfil dos beizos no cristal. Ó retiralos, rapidamente borro as marcas co dedo e o antebrazo. O home ponse en marcha. Apresura o paso. Estou segura de que rodeará a vía, cambiará de plataforma, subirá ó vagón e sentará ó meu carón. Felicítome pola perversa provocación. Cando

penetra no compartimento estou lendo unha revista distraidamente. El non existiu nunca. ¿Cara a onde viaxas?, pregunta. ¿É a min?, respondo inocente, como se alguén máis ocupase os asentos. Tén un rictus interrogante na mirada. Non di nada e inicia a retirada. A Madrid, ¿e vostede?, dígolle antes de que acabe de saír. Vólvese a mirarme e entón analizo o sombreiro e as lentes. Sobre todo gústanme as súas lentes de montura transparente, como de carei acaramelado. O sombreiro é de feltro gris, case da mesma cor que a gabardina. Leva os zapatos ben lustrados e a raia do pantalón adivíñase impecable. É deses homes que podo imaxinar viaxando en limusina, rodeado de servidores, ante grandes mesas de consellos de administración. Aquí resulta anacrónico. Solitario, agardando un tren. Quén sabe se un tren económico de proximidades. Todo nel semella ser impecable, perfecto, ata a mirada de desconfianza. Di: teño a intención de ir a Santiago. Pois vai enganado neste tren, digo. Balancea a cabeza e analizo o seu sorriso. Tamén é atractivo. Tanto que empeza a resultarme cargante. Quita o sombreiro e desvela o segredo do pelo case cinza. Media melena que lle sobe polas orellas. Cos dedos ara a raíz desconxestionando as guedellas sedosas. Podo cambiar o meu destino sen dar conta a ninguén, non me importaría espertar mañá contigo en Madrid, di. Non se anda con rodeos, vai ó gran. Directo. Dígolle: cometería un grande erro; Madrid queda moi lonxe de Santiago e alguén pode estar agardándome alí; alguén moi importante. Non o atúo. Garda silencio. Mantén o sorriso sopeando a miña perversidade. Instintivamente axústase as lentes, cala o sombreiro e recolle o maletín de coiro marrón. Vai saír. É probable que non haxa ninguén esperándome na plataforma de Madrid, provócoo. As miñas palabras obríganos a xirar cando xa estaba no corredor. Regresa mirándome ós ollos. ¿A que xogas? Levántome para facerlle sentir a forza de toda a miña figura. Queda prendido nas cadeiras despois de percorrer as miñas coxas e os meus peitos coa mirada. Como quen merca gando. Sacudo a saia e tomo asento de novo. Cruzo as pernas e comprendo que a visión o desacougue. Armando, o meu colega da alma, asegura que estas extremidades son o espello da miña maldade, que sei ensinalas nos momentos cruciais, que son máis provocativas que os beizos ou a mirada, algo inxenua e moi poderosa, coa que adoito engaiolar os machos. Pode que sexa certo. Sei que as miñas coxas espertan paixóns, por iso as ensino. O meu corpo está concibido para ser mostrado, visto, acariñado. O home despóxase novamente do sombreiro, colócao coidadosamente coa gabardina, o paraguas e o maletín no portavultos. Senta de fronte. Os seus ollos, azul/gris, a un palmo do meu alento. Retráiome intencionadamente. Digo: non xogo a nada, simplemente viaxo. Mantén o suspense tentando derrotarme a mirada.

Ten máis de corenta anos. É interesante. Di: xogas con lume e logo farás pis na cama. Sorrío e descubro o seu perfume. Ole ben e posúe mans góticas de pianista. Evidentemente non é un profesor inglés, pero tampouco ten acento galego. Dificilmente podería ter adivinado a súa profesión. Recórdame os galáns do cine americano dos anos corenta. E, sen embargo, tamén a Indiana Jones. De súpeto imaxino que se trata dun aventureiro. Un home de mundo que vive co único fin de narrar as súas vivencias. Por iso viaxa en tren. Acaba de apoiar os cóbados nas coxas e sostén o queixo con ambas as dúas mans. Trata de analizarme e eu véxoo fotografado a contraluz, nun xogo de sombras e penumbras interesantes. Calculo a distancia focal, a apertura do diafragma, a velocidade... Digo: non se mova. Tomo a cámara cun xesto mecánico, enfoco e disparo. Repito unha e outra vez axustando os ángulos. Coloca unha palma sobre o obxectivo. Non desperdicias carrete, di, non tes luz suficiente. Son 400 ASA, digo, en branco e negro, sairán. ¿Fotógrafa?, pregunta. Pode, digo e záfome. ¿A que vas a Madrid?, quere saber. O ambiente distendeuse. O moi cabrón está empezando a gañar terreo. Resulta máis hábil do previsto. Na vía paralela colocan o tren de Santiago. As ventás iluminadas e solitarias frean xunto á nosa. Vou cometer un crime, digo. Abre moito os ollos. Solta unha gran gargallada. Inesperada para min. Recompoño a seriedade e distánciome. Non lle vexo a gracia, digo. Di: é a resposta máis ocorrente que teño escoitado en moito tempo. Sostegno o semblante sereo, seguramente anoxado. O home moreno deixa xear o seu sorriso. Axusta o xesto e as lentes. Xa está ben de bromas, di, creo que es unha rapaza travesa, perigosamente travesa, perigosamente atractiva. Manteño o tipo e recupero terreo. Inquiétase, como cando o mirei por primeira vez na plataforma solitaria. Perderá o tren se non se apresura, digo. Di: non me importa, interésasme. Penso que pode ser antropólogo ou psicólogo ou sociólogo. O mesmo dixo EL o día que nos coñecemos. Eu acababa de cumprir dezaioito anos e encontrámonos bailando na pista dunha discoteca. Gústanme os homes maduros, díxenlle, teño un amante de corenta anos. Era mentira mais EL quixo crelo. Dixo: non me importa que teñas un amante, interésasme. Iso é certo. Agora digo: a miña vítima agárdame en Madrid, irá recibirme á estación; a el tamén lle intereso dende hai moito tempo. Polo corredor circula xente cargada de paquetes e maletas. Aproxímase a hora de partir. Fágollo saber unha vez máis. Quero que se vaia porque me inquieta, porque xa empecei a desexalo. Atráenme a súa pel morena e o perfume. Tamén esa mirada azul/gris. As mans. Deben de ser unhas mans expertas, acostumadas a acariñar corpos de muller. Di: hai un instante pensabas que podía non esperarte ninguén. Xamais dixen iso, respondo. Fluxo. Tomo a

revista e folleo rapidamente as páxinas. O príncipe Andrés atópase con Sara en algures. Os dous teñen aspecto de porcalláns, pero cáenme fenomenal porque sempre supuxen que na cama debían de funcionar ben, como só saben facer os viciosos de verdade. Coméntollo ó home moreno de pelo cinza. Daría un bo presentador de Telediaros “progres”. Reflicte unha interrogante coa mirada: a ónde quero chegar con este xogo. Non penso dicirlllo. Un matrimonio maior, case anciáns, con indumentaria campesiña pregunta se pode ocupar os sitios libres. Afirmo e o home moreno repróchame cos ollos. ¿Van vostedes a Madrid?, pregunta a señora. Respóndolle positivamente e o vello sitúase para poder ver as miñas pernas con comodidade. Escorrego no asento e a minisaia de pana vermella sóbese un pouco máis, case ata o bordo final das medias negras. O meu acompañante observa o movemento e colócame unha man no xeonllo. Faino con elegancia mentres fala da familia real inglesa. Parece un xesto involuntario, mecánico, de confianza. Acéptoo coa mesma hipocrisía. Pero a calor da súa palma acrecenta o desexo. Entón decido que non, que xamais me deitarei con el. Aínda non sei cómo se chama, nin sequera reparo niso. Impórtame un carallo a familia real inglesa, digo. Proponme tomar un coche cama. Véxome levantándome para estirar as pernas e saír ó corredor onde me reclino contra o ventanal pechado. A xente despídese na plataforma. Só faltan cinco minutos e o formigueiro é intenso. Pola megafonía anuncian unha chegada, logo a nosa saída. O home moreno segue os meus pasos. Púxose o sombreiro a gabardina, colleu o paraugas e o maletín. Murmúrame ó oído: seguro que es unha puta perversa. E marcha polo corredor pedindo desculpas e permiso ós viaxeiros que se instalan. Contemplo as súas costas flotando entre a xente e deséxoo. Non sei o seu nome, nin o debería saber nunca, sen embargo deséxoo. Bulo e logro alcanzalo na escaleira. Agarda, digo. Mírame un instante, escapando. Intento bicarlle os beizos pero rexéitame con serenidade. Estou húmida e foxe. Desaparece entre as columnas de formigón e as figuras humanas da plataforma. Personaxes que charlan ou miran para os viaxeiros. Os ocupantes do tren achandan as meixelas contra as ventás. Sei con precisión cal será a miña reacción. Non me sorprende. Véxome encerrándome no lavabo. A cara, conxestionada pola contradicción, reflectida no pequeno espello esportelado. Pecho os ollos e téño pegado a min. A man sobre o xeonllo. Estou excitada. Moi excitada. Mentres me masturbo, o tren ponse en marcha deixando a estación de Vigo. O home moreno de pelo cinza e lentes de carei estará sentándose noutro tren paralelo ou intentará localizarme por última vez dende as ventás iluminadas. Imaxino que non puido resistir a miña provocación e tamén se masturba no seu vagón, pensando nas miñas pernas, nos meus

beizos, na miña mirada perversa. Como facía EL nas tardes de soidade. Ou era o que dicía para excitarme, para poñerme cachonda, cando acudiamos ás primeiras citas no seu apartamento. Dicía: pecho os ollos e vexo o teu traseiro e deséxoo de inmediato, aínda que estea traballando no estudio, non importa, ou nunha reunión con clientes; pecho os ollos e vexo o teu traseiro, as túas pernas e imaxino que te penetro, non me importa o que me arrodea, quen sexan e ónde; o pene quéimame apresado nos calzóns e teño que saír de socate; aínda que estea traballando, non importa, pido desculpas, vou ó baño e mastúrbo-me; mastúrbo-me mentres te penetro con forza, acariñándoches os peitos ou as nádegas, ou trabándote no pescozo, os beizos ensarillados co teu pelo negro; e escoito o teu laio de gata en celo como agora e un único desexo embriaga a miña mente: chamarte; berrar que veñas ou saír correndo na túa busca; ata que por fin me corro e o seme estala contra as paredes do cuarto de baño, os espe-llos, o lavabo...; e preciso sentarme a descansar, a cortar o arquexo, cos ollos ben abertos para non imaxinar o teu traseiro prominente, redondo, tan ben formado, nin ver os teus ollos, nin a túa boca coméndose a miña polla, porque do contrario teño que comezar de novo e sei que me esperan, ou que o traba-llo está sobre a mesa de debuxo, aínda que non importa, pero non quero morrer extenuado co pene entre as mans. Cumprira dezaioito anos e EL coren-ta e catro, era pouco máis novo có meu pai. En máis dunha ocasión pensei estar sendo vítima do complexo de Electra. ¡Á merda Freud! EL gustábame. Gustábame a personalidade que se forxara. E eu xa tiña decidido ser perversa, ser unha puta, porque intuía que nacera para amante. Non para o matrimonio. Amante clandestina e nunca dun só home. Tiña que romper co modelo de mamá e da miña irmá. Vinte anos e xa casada. Moza vella, moi vella. Antes de empezar a vivir. Inés, pobre Inés, agora o marido quedóuselle calvo e tamén é vello pasados os trinta. Van de responsables pola vida. Inés é melindrosa. Non é como mamá. Ela tería sido coma min, por iso sente envexa de min. Cando chamei por teléfono díxenllo: voume, voume de Vigo, vivirei uns anos en París, ó mellor en Roma ou en Berlín, non sei cantos. Dixo ela: ¿que farás en París? Vivir, gozar a vida, gozar, díxenlle. Dixo ela: ¿con quen te vas? porque non vas soa, estou segura, ¿de que pensas vivir? ¿Da fotografía? Díxenllo: non sei de qué vou vivir, pero teño que irme; quero gozar da vida; Armando tamén vén. ¿Quen é Armando, o teu noivo, o teu amante?, berrou ela. Díxenllo: un colega, vivo con el, é a miña grande *amiga*, e non son eu quen o acompaña, el vén comigo. Non o entendeu. Púxose a berrar. E díxomo: ¡Putas, es unha puta, unha perdida! ¡Meu Deus, como te educamos! Estiven a piques de dicirllo, pero foi mellor que non, sabía que papá tamén estaba escoitando polo

supletorio. El descolgou o teléfono e comuniquéillo: voume a París, a vivir a París, papá, non sei por canto tempo. Seguro que se encolleu de ombros e puxo cara de resignación. Murmurou: está ben filla, non fagas tolerías, fala coa túa nai. E estiven a piques de dicirllor: tes envexa mamá; tes envexa porque eu son coma ti, non son como papá; ti e mais eu somos iguais, a ti gustaríache ter coñecido outros homes, outras camas distintas á do matrimonio; e outros mundos, ter saído da vila, da rutina da compra no mercado, da perruquería, dos vestidos para chisme da vecindade, das festas patronais, todo iso tan aburrido, tan cansado, tan rutineiro; terte fugado a Viena; ou a Roma, sempre falas de Roma e de Venecia; pero só coñeces a vida da vila, algunha visita a Vigo e a Santiago e aquela nostálxica viaxe de lúa de mel a Madrid. Teríallo dito, pero papá estaba escoitando. Diríalle: mamá, ti es tan golfa coma min, mais non o recoñeces e envéxasme, sabes que ós meus vintecinco anos coñecín moitas camas e homes distintos e intúes que non me acovardo ante nada. Teríao dito. Agora estaría arrepentíndome. Foi mellor que non. Papá tomou cartas no asunto. Estaba sereo. Dixo: Martázul, xa es maior para saber o que fas; se precisas algo, cartos, pídeo; e sobre todo tennos informados, chama e escribe, queremos saber ónde localizarte en caso de necesidade. Díxenlle: podes estar tranquilo, chamarei e escribirei. A el só lle importa a súa tranquilidade. Sentirse tranquilo. Saber que domina a situación. Aínda que sexa falso, iso é certo. E preocúpanlle os cartos. Todas as solucións pasan polos cartos. Por eles traballa como un burro, vive como un burro e morrerá como un burro. Ó final o diñeiro non lle servirá para nada. Entre nós houbo tempos de comunicación imposible. Viviamos nun enfado permanente. Foi antes de marchar a estudar a Vigo. Iso xa queda lonxe. Véxoo moi distante no tempo, aínda que aconteceu antonte. Estou segura de que o odiaba, e el a min polo episodio das cartas a don Etelvino. Cando nos cruzabamos no corredor, ou as miradas confluían na mesa, eu pensaba: estao pensando; pensa que son unha puta, unha perdida. Estaba nos seus ollos. Pero logo, cando deixei Almaciga, todo cambiou. As fins de semana na vila eran distintas. Mostrábase compracente e xamais volveu poñerme de exemplo a Inés. Inés casara con vinte anos. Xa levaba catro de noivado con Raúl, cinco anos maior ca ela. Raúl, o bo partido. O fillo do alcalde. Do alcalde de toda a vida, dende os tempos de Franco. Conservador e cacique á galega. Ós trinta anos Raúl quedou calvo, e engordou de máis. Pobre Inés, é melindrosa e crese o espello de mamá, pero non é certo. Mamá é coma min, levá a liberdade no corpo. Reprimida para sempre. Inés non, ela non sabe qué é a represión porque tampouco coñece o desexo. Non o sentiu nunca. Saio do cuarto de baño do tren e cambaléome polo corredor, como bébeda,

camiñando ata o departamento. Hai dúas persoas máis, pero respectaron o meu asento xunto á ventá. A pureza gris cobalto da ría de Vigo desdebúxase entre o arboredo mentres o tren escapa cara á noite. Adiviño as mexilloeiras na enseada de San Simón e baixo a ponte de Rande iluminada. Moaña é unha chea de casas e de rúas espalladas sobre a ladeira do monte á outra banda do mar. Comprendo que estas paisaxes se rompan, se desprendan de min por un tempo. Tardarei en velas, pero permanecerán comigo, como o cheiro das algas mariñas. Olor a salitre. Iso é certo.

ESTUDOS

Xosé Manuel Dasilva

O vello Eladio Rodríguez González e o manifesto

¡Máis alá! 7-34*Santiago Gutiérrez García**O Marot baja mal-grado: lais de Bretanha*, ciclos en prosa e

recepción da materia de Bretaña na Península Ibérica 35-49

Manuel F. Vieites

Cronoloxía e temporalidade na literatura dramática galega.

A periodización. Unha proposta de traballo 51-90

85

NOTAS

Carlos Alhegue Leira

Niveis de lectura, ideoloxía política e discurso

histórico-crítico na narrativa galega contemporánea.

Um caso (in)significante..... 91-108

*Cristina Blanco Outón**Jude the Obscure* de Thomas Hardy e *Jude* de

Michael Winterbottom: a intolerancia victoriana vista

dende a perspectiva cinematográfica 109-125

Laura M^a Lojo Rodríguez

O Renacemento de Virginia Woolf..... 127-132

<i>Luciano Rodríguez</i> Federico García Lorca e Aquilino Iglesia Alvariño.....	133-146
--	---------

DOCUMENTOS

<i>Xosé Luís Axeitos</i> Carmen Muñoz, voluntaria de Galicia.....	147-156
--	---------

<i>Juan L. Blanco Valdés</i> Un pregón non-nato de Otero Pedrayo e unha curiosa achega á bibliografía de Eladio Rodríguez González.....	157-166
---	---------

<i>María Xesús Nogueira</i> Daniela y la estrella. Un relato esquecido de Álvaro Cunqueiro	167-177
--	---------

ENCONTROS

<i>Arturo Casas</i> Encontro con Jüri Talvet en Compostela	179-199
---	---------

LIBROS

<i>Eulalia Agrelo Costas (ed.)</i> Obra narrativa en galego de Aurelio Ribalta y Copete (Isabel Mociño)	201-203
---	---------

<i>Fernando Cabo Aseguinolaza</i> Infancia e modernidade literaria (Miriam Sánchez Moreiras)	203-206
--	---------

<i>Maximino Cacheiro Varela (editor e limiar)</i> Os escritores galegos e Iberoamérica (Noemí Pérez Pérez)	207-211
--	---------

Ramón Cabanillas e Eladio Rodríguez González

A saudade nos poetas gallegos

(Xosé Manuel Dasilva) 211-216

CREACIÓN

Ánxeles Penas..... 217-229

Xosé Antonio Perozo..... 231-239

BOLETÍN GALEGO DE LITERATURA

Nº 26, 2º semestre, 2001

ISSN 0214-9117
ISBN 84-9750-021-0

Arturo Casas

Bibliografía sistemática de Teoría literaria



Servicio de Publicacións
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
2002

NÚMERO 26 / NOVIEMBRE 2001

89

Victor Casas

Anxo Tarrío Varela

Presentación.....	5-6
-------------------	-----

BIBLIOGRAFÍA SISTEMÁTICA DE TEORÍA LITERARIA

Arturo Casas


Introducción.....	7-12	
Organización temática da bibliografía.....	13-15	91
Recursos e fontes xerais.....	17-20	
Atribución sistemática de referencias	21-104	
Referencias bibliográficas	105-319	

BOLETÍN GALEGO DE LITERATURA

Nº 27, 1º semestre, 2002

ISSN 0214-9117
ISBN 84-9750-121-7

Literatura e cinema



Servicio de Publicacións
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
2002

Amabel Miquez de la Sierra

Xesús Miguel de Toro Santos

XESÚS MIGUEL DE TORO SANTOS, Santiago de Compostela, xaneiro de 1956. Comeza a escribir cunhas certas pretensións aos 17 anos. Pranta aos dezaoito e adícase á militancia política de esquerdas, aos estudos (Licenciado en Xeografía e Historia –Arte Moderna e Contemporánea) e a gañar a vida. Empeza a escribir de novo no ano 82, ata hoxe. Algunhas vocacións que ten frustradas son a de artista plástico e director de cine. En calquera caso, non se sente alleo de todo a esas linguaxes artísticas. Ten publicado *De 10 a 11*, accésit no concurso de narracións breves “Modesto R. Figueiredo”; *Caixón desastre*, Premio “Galicia” da Universidade, 1983; *Polaroid*, Premio da Crítica de Galicia, 1987; *Land Rover*, 1988. “A Paixón segundo San Mateo”, 1989; *Ambulancia*, 1990; *F.M.*, 1991); (*Unha memoria da esquerda nacionalista*) *Camilo Nogueira e outras voces*; *Unha pouca cinza*, 1992; *Tic-Tac* Premio da Crítica, Premio “Arcebispo San Clemente” e Premio dos Libreiros da Coruña; *A sombra cazadora*, 1994; *Parado na tormenta*; *Unha rosa é unha rosa (unha comedia de medo*, 1996); *Conta saldada*, 1996; *Calzados Lola* Premio Blanco Amor de Novela, 1997; *Círculo*, 1998; *La flecha amarilla*, 1998; *Non volvas* Premio da Crítica Española 2000, 2000; *O país da brétema (unha viaxe no tempo pola cultura celta)*, 2000; *A carreira do salmón*, 2001; *13 Badaladas*, 2002, adaptada ao cine por “Continental”, dirixida por Xavier Villaverde e estreada en novembro de 2002; *Servicio de Urxencias*, 2002.

95

Isto é parte do primeiro guión que escribín sobre a historia orixinal. De aquí naceron os personaxes tanto da miña novela *Trece badaladas* coma do guión da película que leva o mesmo título. E sendo distintos gardan ecos e constantes desta historia e personaxes orixinais. Comezo na escena 8.

(En Santiago de Compostela. Ano 1970)

8 -INTERIOR DÍA. COCIÑA CASA XACOBÉ. CASA DA ZONA VELLA.

(A súa IRMÁ MAIOR cose, a súa NAI vai de aquí para alí, unha CRIADA de media idade sérvelle o almorzo a Xacobe)

NAI: E nin se che ocorra xuntarte cos revoltosos. Nin se che ocorra, ten sentido. Non quero nin pensar que te botasen da Universidade.

XACOBÉ: Xa non, xa non.

CRIADA (pásalle a man cariñosa polo pelo): El é boíño.

NAI: Alá eles. Se queren protestar que protesten, máis tiñamos que protestar outros e mais nos aguantamos, qué remedio. Eses que fan alboroto teñen papais que os protexen, pero ti non tés pai, así que xa sabes. Ti ten conta do teu.

CRIADA: Non lle roñe tanto ao rapaz, Xacobe é prudentiño.

XACOBÉ: Xa o sei, mamai. E non son un rapaz.

NAI: Pois se o sabes, en acabando as clases para casa e aforras problemas.

E se queres saír acompañasme á novena, e non che fará mal.

96 IRMÁ: Aquí San Xacobiño non pisa a igrexa desde hai un ano polo menos.

XACOBÉ: Métete no teu.

CRIADA: Médicos e curas mellor non velos diante.

NAI: Aura, ¿como vai a túa filla da catarreira?

CRIADA: Ben, ben, vai indo.

XACOBÉ: Oes, mamai, ¿quen é o Resucitado?

NAI: ¡O Resucitado!, xa sabes. ¡Foi daquela!, cando a guerra. A este paseárono, a Falanxe, méteronlle un tiro e dérono por morto. O tiro pasoulle de lado a lado da cabeza, dunha tempa a outra, e mais non morreu. Din que acerta moito.

IRMÁ: Acerta sempre. Ese home ve de verdade.

XACOBÉ: ¡Boh!, iso son parvadas. ¿A ti pareceche que pode ver o que non ocorreu aínda?

CRIADA: ¡Hai quen fai pauto co demo!

NAI: Hai moitas cousas que non se coñecen. Mellor deixalas estar.

IRMÁ: ¿E que che pasa, Xacobiño, quéreslle consultar? ¿Ou foches onte a consultalo á feira?

CRIADA: Nin se che ocorra, Xacobiño, non hai nada que saber. Non hai que andar tentando.

XACOBÉ: (Erguéndose) -¡Boh!, non digas parvadas.

IRMÁ: Claro, non son máis que unha costureira. Ti en cambio es un estudante e sabelotodo. Ou non sabes cousa.

NAI: ¿Que é que queres saber? Nin se che ocorra andar consultando nada a ninguén. ¿Que queres saber, eh? Ti o que tés que saber está nos libros. Que para iso traballamos eu e mais túa irmá cosendo e bordando todo o día.

(Deteno e abróchalle os botóns da chaqueta)

97

- O teu pai, en paz descanse, estaría ben contento de ver o seu fillo en terceiro de carreira xa. Axiña has ser un señor avogado, recórdao. Rezo moito por ti. Veña, antes de ir á facultade tés que levar un paquete con casulas novas á catedral, anda espilido.

(A irmá entrégalle o envurullo)

IRMÁ: E leva isto con coidado, que vai aí o traballo de meses. Estamos a deixarnos os ollos e os dedos por ti, avogado de pleitos pobres.

(Xacobe colle o envurullo de mala gana, un par de libros seus e sae. A súa nai asoma detrás polo oco da escaleira e fálalle):

NAI: ¡Mira que te santigües en saíndo da casa!

(Son das badaladas das e media)

9 -EXTERIOR DÍA. RÚA NOVA. XENTE CURIOSANDO DIANTE DUNHA TENDA. XACOBÉ PARA A VER O QUE OCORRE.

XACOBÉ: ¿Que é o que pasa aquí?

CURIOSO: Nada, que empezaron a escavar nun soto e apareceu non sei qué sepulcro. Agora teñen que vir os de Monumentos a ver, e mentres tanto parázanlle a obra.

XACOBÉ: Nesta cidade, á que cavas aparece unha tumba.

(Segue o seu camiño dirixíndose á catedral. Unha brisa move un papeliño no chan)

CURIOSO: Como un día se ergan todos estes veciños enterrados non cabe-
mos na cidade, bótannos.

TITOR (Home maduro e elegante, abrigo e chapeu escuros, bastón): ¿Que
pasa aquí, hai novidades?

98

OUTRO CURIOSO: Aquí as novidades son que aparecen cousas vellas.
Pedras antigas ou vellos enterrados.

TITOR: Non se pense que todos os enterrados eran vellos. Nin sequera que
estean todos mortos.

CURIOSO: Ha, ha. Pois se non están ben mortos hainos que rematar. Que
fiquen baixo terra para que haxa sitio para os vivos.

O Titor toca lixeiramente coa punta do seu bastón nun zapato do home e vaise.
O home, ao contacto, reacciona batendo co zapato no chan como se se lle dur-
mise o pé, logo, mentres o TITOR se vai alonxando, perde o sentido e cae.

10 -INTERIOR DÍA. NAVES DA CATEDRAL. XACOBÉ ENTRA POLA
PORTA DO OBRADOIRO E O PÓRTICO DA GLORIA.

(Xacobe detense a observar unha cabeza de monstro que devora un corpo
humano. Pasa ao lado dunha vella que reza e óllaa con curiosidade, segue ata
a porta escura do xastre catedralicio)

11 -INTERIOR DÍA. TALLER DO XASTRE.

XASTRE: (Abreu o envurullo e considera os bordados) Ben, ben. A túa nai e maila túa irmá traballan como os anxos. ¿E ti que estudiabas?

XACOBÉ: Dereito.

XASTRE: Ben, ben. Mellor que vaias dereito e non atravesado. ¿E como non te fixeches cura como teu tío o cóengo? Gústanche as rapazas, ¡eh!. (Fai un xesto obsceno) Estudiantes, vaia tuna. Agora andaredes con exames, aproveita e pídelles ao santo que che dea memoria e algunha axuda.

12 -INTERIOR DÍA. CATEDRAL.

(Xacobe ve unha moza rezando, repásaa coa vista, pernas, cu. Pasa xunto á entrada á cripta do Apóstolo. Dubida. A fin decídese e entra, axeónllase e reza brevemente. Considera se dar ou non esmola nun peto, á fin non dá e vaise)

13 -INTERIOR DÍA. CATEDRAL.

(Xacobe pasa por diante dunha porta entreaberta que conduce á torre do reloxo. Entra)

(Alguén vixíao. É seu TÍO CÓENGO.

14 -EXTERIOR DÍA. TELLADOS DA CATEDRAL, HORIZONTE DE TELLADOS DA CIDADE. ENTRADA Á TORRE DO RELOXIO E O SINO.

(XACOBÉ ve a porta entreaberta e entra)

15 -EXTERIOR DÍA. CAMPANARIO.

(XACOBÉ contempla a cidade desde alí. Corre aire. Sorpréndeo o CAMPANAIRO)

CAMPANEIRO: ¿Que é o que fas aquí arriba? ¿Quen che mandou entrar?
(Saca do mandilón que leva un botellín de aceite e un pano, e comeza a facer cruces sobre o bronce do sino)

XACOBÉ: Ninguén, vin a porta aberta e entrei. ¡O meu tío é cóengo aquí!

CAMPANEIRO: Xa sei quen é o teu tío e sei moi ben quen es ti.

XACOBÉ: ¿Por que lle fai iso ao sino?

CAMPANEIRO: ¿Non o sabes? ¿Logo non o sabes? Por se chega a Hora do Demo. Estase a levantar vento. Vaite de aquí, anda.

XACOBÉ: ¿Cre vostede niso? Iso son parvadas. Eu propio nacín nunha hora desas, cando a Berenguela tocou trece veces.

CAMPANEIRO: ¡Ben o sei, ben o sei! Precisamente. E ti habías de crer niso máis que ninguén. Vaite de aquí, non quero que suba aquí ninguén. Aquí estamos o sino e mais eu, máis ninguén.

100

(Xacobe vaise, o CAMPANEIRO cerra ben a porta tras del e fai cruces na porta con aceite)

16 -INTERIOR DÍA. CATEDRAL.

(Xacobe sae precipitadamente da torre e asústase en vendo unha sombra. É o seu TÍO CÓENGO).

TÍO: ¿Pero a que sobes ti aí, condenado rapaz?

XACOBÉ: ¡Que susto me meteches! Subín por ver a cidade desde o aire.

TÍO: Pois non subas aí a nada. Ao campaneiro non lle gusta. E a ti non che ten simpatía ningunha.

XACOBÉ: Xa vin, xa. Está como unha cabra, é un tolo supersticioso.

TÍO: Non rías del. Iso que ti chamas supersticións son crenzas inxenuas. E quen sabe, quen deixa de crer en supersticións acaba por deixar de crer en cousa ningunha. ¿E ti a que misa vas que non te vexo os domingos aquí?

XACOBÉ: Marcho. Teño que irme para a Facultade, que estes días hai exames.

TÍO: ¿E por que non lle pides ao Apóstolo que che vala?

XACOBÉ: Xa llo pedín.

TÍO: Non te creo. ¿E botácheslle esmola?

XACOBÉ: Como sodes, ¡sempre mirando polo negocio!

TÍO: A fe sen obras é fe morta.

XACOBÉ: Botei.

101

17 -EXTERIOR DÍA. PRAZA DE PRATERÍAS.

(Xacobe sae da catedral e é observado desde o campanario)

18 -EXTERIOR DÍA. RÚA.

(Xacobe camiña cos seus libros, visto desde atrás. En dirección contraria veñen compañeiros de curso)

COMPAÑEIRO 1: (A Xacobe) ¿Onde vas, Dacova? Hoxe non hai clase. Acaba de entrar a policía na universidade e liscamos de alí como puidemos. Hoxe había leña para quentar a todos. Olla (móstralle unha gorra de garda que leva oculta baixo o abrigo. Pona burlescamente logo de ollar a dereita e esquerda).

XACOBÉ: ¡Vante ver!

COMPañEIRO 1: Caeulle a un garda que corría dándolle coa porra a unha de segundo. ¡Se cuadren, coño!

XACOBÉ: ¡Daquela, hoxe non hai clase! ¡Pero se mañá temos o exame de Dereito Penal!

COMPañEIRO 2: Mañá xa veremos, hoxe hai treboada. ¿Vés a un bar?

XACOBÉ: Non, gracias. Teño que estudar.

COMPañEIRO 3: ¡Veña, home, non sexas chapón, que hoxe é un día perdido. Pagamos nós!

XACOBÉ: Non, gracias.

(Marchan en direccións contrarias. O VENTO move papeis e follas no chan)

102

19 - EXTERIOR DÍA. TELLADOS DA CATEDRAL.

(O CAMPANEIRO fita un cataventos movéndose atolado de aquí para alá. Diríxese ao campanario)

20 -EXTERIOR DÍA. PASEO DA FERRADURA NA ALAMEDA DE SANTIAGO.

(XACOBÉ deambula polo paseo solitario, visto desde atrás por alguén. De fronte veñen TRES MOZAS compañeiras de universidade. Xacobe a penas se atreve a ollar para elas, crúzanse, elas fan risiños. Xacobe olla logo con disimulo para atrás, elas van comentando algo entre elas. O VENTO move as follas caídas)

(XACOBÉ detense abstraído no mirador do paseo desde onde se contempla unha panorámica da cidade. Unha man do TITOR púsase no seu hombro e sobresáltao)

TITOR: ¡Que! ¿A contemplar a cidade?

XACOBÉ: ¡Estaba...!

TITOR: ¿Que tal os estudos de Dereito? Non te asustes, home. Vin que levabas un libro de Dereito Penal.

XACOBÉ: Ai, ¡xa! Non van mal, teño bo expediente.

TITOR: ¿E as mozas que tal, eh? Reparei en como as ollabas cando pasaban.

XACOBÉ: Non se fixo o mel para a boca do asno. Esas non son para min. Nin me miran. A miña familia non ten moitos posíbeis, xa sabe, non son bo partido. ¿Ve este abrigo, ve os puños gastos? Xa foi do meu pai. ¡E os zapatos! Confórmome con licenciarme con bo expediente, e se hai sorte a oposición.

TITOR: Non te trates tan mal. Es bo mozo e de seguro que gustan deses riciños. (Pásalle a man a penas polo cabelo)

XACOBÉ: (Aceno de oler algo desagradábel)

103

TITOR: ¿Que che pasa?

XACOBÉ: ¿Non ole como a valor, a rancio?

TITOR: (Tira un caramelo do bolso do abrigo e méteo na boca) ¿Queres outro? É de menta. Non, non ulo a nada. ¡Así que te conformas!

(XACOBÉ repara no puño do caxato do TITOR, é a cabeza do monstro do Pórtico no que reparara antes. O VENTO move o cabelo de Xacobe)

21 - INTERIOR DÍA. CORREDOR DA CASA DE XACOBÉ.

(A NAI persígnase pasando por diante do pequeno altar de ánimas nunha repisa. Inmediatamente sente un arreguizo ao tempo que detrás dela apágase a chama. Vólvese, e vendo que se apagou, asústase, vólvea encender)

22 -EXTERIOR DÍA. MIRADOR PASEO DA FERRADURA.

TITOR: Non me enganas, non tes aspecto de conformarte. Véxote na cara que es ambicioso. E fas ben, home, fas ben. Es novo e vales, ¿por que te has de conformar? ¿Por que non vai ser teu o que cobizas, por que non han ser túas esas rapazas, se as mereces?

XACOBÉ: Ben, ¡as cousas na vida non son tan doadas!

TITOR: ¿Estás certo diso, ou falas por falar? ¿Que sabes ti da vida, da morte? Non sabes cousa. ¿Non gustarías de triunfar na vida? ¿Que todo iso que contemplas desde fóra estivese ao teu alcance?

(O VENTO arrecia. Empeza a soar o sino da catedral)

XACOBÉ: ¡Soñar é de balde!

TITOR: ¿Pero gustarías? Contéstame.

104

22 -EXTERIOR DÍA. CAMPANARIO.

(Baixo o efecto do vento, o CAMPANEIRO tanxe o sino e pelexa con el para controlalo)

23- EXTERIOR DÍA. MIRADOR PASEO DA FERRADURA.

XACOBÉ: Si, ¡gustaría de conseguilo todo! É certo.

TITOR: Reinar sobre a cidade, ser importante e que todo iso estivese ao teu alcance. E ter saúde e xuventude para disfrutalo, ¿eh? ¿Gustarías?

XACOBÉ: E logo a quen non. É o meu soño. ¿E que? ¿Vai valerme de algo soñar?

(Aumenta o VENTO, séguense oíndo as badaladas)

TITOR: (Póusalle unha man no hombro mentres coa empuñadura do bastón lle indica a cidade diante) ¿Que habías dar porque todo iso estivese ao teu alcance? Non me mires con cara de parvo, di a verdade. ¿Que darías?

XACOBÉ: Había dar calquera cousa.

24 -INTERIOR DÍA. COCIÑA CASA XACOBÉ.

(A NAI entra precipitadamente, a CRIADA, Aura, pela patacas e a IRMÁ cose e atende á tele en branco e negro que emite “La Hora del Angelus”, e colle unha chaqueta negra e unha toquilla do colgador. A irmá sorpréndese)

CRIADA: Tamén a min me entrou un frío hai un momento pola espalda.

IRMÁ: ¿Onde vai, madre, tan de repente?

NAI: ¡Ai!, que tiven un presentimento, como un sinal. Vou rezar, entroume medo. Apaga a televisión e reza ti tamén, anda. (Persígnase diante da foto do seu home pendurada na parede e sae. A CRIADA persígnase tamén)

105

IRMÁ: ¡Boh!, xa rezan na tele. E para o que val rezar.

CRIADA: Pídelle un mozo a Santo Antón.

IRMÁ: ¿Paréceche que me fixo moito caso?

25- EXTERIOR DÍA. CAMPANARIO

(O CAMPANEIRO loita para deter a campá sacudida polo vento)

26 -EXTERIOR DÍA. MIRADOR DO PASEO DA FERRADURA.

TITOR: (Levando a conta das badaladas que soan) Once. ¿Daríalo todo entón?

XACOBÉ: Daría.

TITOR: Doce. ¿Todo?

XACOBÉ: Todo.

(Baixo un forte vento que o despeluxa soa a badalada trece)

TITOR: Trece.

27 -EXTERIOR DÍA. RÚA DÍANTE DA CASA DE XACOBÉ.
AUTOMÓBIL PARADO PERTO DO PORTAL.

(Sae a NAI persignándose. Corre o VENTO. O auto arrinca e acelera. A NAI intúe algo, vólvese xusto para ser atropelada)

106

28 -EXTERIOR DÍA. CAMPANARIO.

(Aínda resoa a última badalada, o CAMPANEIRO constata derrotado que tocou trece)

CAMPANEIRO: E trece.

(O aire vai amainando. O CAMPANEIRO toma dun curruncho unha botella de augardente e bebe)

29 -EXTERIOR DÍA. MIRADOR PASEO.

XACOBÉ: Parvadas. Total non teño nada que dar a cambio.

TITOR: Claro. Non sendo a túa nai e a túa irmá. E ti propio.

(XACOBÉ sangra polo nariz. Unha pinga cae na terra. O TITOR cospe enriba dela e písaa repetidamente)

TITOR: Plantamos unha semente.

(O TITOR ofrécelle o seu pano para que limpe o sangue)

TITOR: Vaia, parece que calmou o vento. Non te preocupes, iso logo parará de sangrar. Non pases pena polos teus soños, has ver como se cumpren. Eu che hei botar unha axuda, fía en min. Terás o teu abrigo e zapatos novos. (Pásalle a man polo cabelo, levemente polo rostro)

XACOBÉ: Se fío en que se realicen maxicamente os meus soños, daquela son idiota.

TITOR: Non es idiota. Nada máis un mozo ambicioso. E debes insistir nos teus soños. Aínda que quizais sufras cando se cumpran. Mira, ¿aquele que está sentado alí diante ¿non é o decano da túa facultade? (Fáille un leve aceno á figura sentada nun banco do paseo). É un vello amigo meu. Agora, cando pases por diante del, saúdao con deferencia. Convenche ser sumiso en diante. Déixate guiar, déixate ir indo.

(Mentres di isto recolle nunha caixiña a mestura de terra, cuspe e sangue e gárdaa).

107

XACOBÉ: ¿Que quere dicir?

(Busca o TITOR mais este de súpeto xa está a bastante distancia, ascendendo cara á carballeira de Santa Susana envolta en brétema. XACOBÉ diríxese cara a onde está sentado o decano. Pasando por diante olla cara a onde estaba o TITOR, mais este xa desapareceu).

DECANO: Oia, mozo. ¿Non tiña vostede que estar na aula?

XACOBÉ: É que hoxe non houbo aulas.

DECANO: Xa, xa. É certo. Hai rapazada que quere revolveo todo, cambialo. Pór o arriba para abaixo e facer da noite día. ¿Que lle parece a vostede? ¿Parécelle conveniente cambiar o ben polo mal e o mal polo ben?

XACOBÉ: Verá, señor decano, ¡eu limítome a estudar!

DECANO: Moi ben, moi ben, non se define. Vai polo camiño do medio.

Vostede é dos peores, dos que pretenden algo sen recoñecelo. Gusto de vostede, chegará. ¡Vexo que é amigo dese señor!

XACOBÉ: ¿De quen? ¡Ah!, ben, non coñecía a ese señor. Achegóuseme e falamos un pouco. Máis nada.

DECANO: Pois parece que lle tomou simpatía, xa o creo. Tén vostede cara de intelixente e ambicioso, vaia que si. ¿Que lle parece se pasa un día polo meu despacho na Facultade? Quizá encontremos unha maneira de que colabore no meu departamento. Será mellor que pase un día da semana próxima, esta andará moi ocupado.

XACOBÉ: Se quere podo pasar mañá, teño tempo.

DECANO: Non crea, sempre aparecen imprevistos. A semana que vén entón. Ande, siga o seu paseo e vaia a casa.

XACOBÉ: Moi agradecido, señor decano.

108

DECANO: ¡Está vostede manchado de sangue! ¡Aí, na camisa, e nas mans!

XACOBÉ: Unha pequena hemorraxia, nada importante.

(Marcha contento)

<i>Anxo Tarrío Varela</i>	
Presentación	9-10
<i>Patricia Fra e M^a Teresa Vilarinho</i>	
Limiar	11-12
ESTUDIOS	
<i>Anxo Abuín González</i>	109
O cinema ou a lóxica da remediación: mímese formal e reflexividade	13-24
<i>Carmen Becerra</i>	
Aproximación ao estudio do espacio; o espacio literario e o espacio fílmico.....	25-38
<i>José-María Bravo</i>	
Cine e traducción. A problemática da traducción do cine de Hollywood	39-65
<i>Patricia Fra López</i>	
O guión dentro dos estudos da adaptación de textos literarios ao cine: <i>The Last Tycoon</i> , de Fitzgerald, Pinter e Kazan.....	67-92
<i>Virginia Guarinos</i>	
O audiovisual na posta en escena teatral.....	93-105

Ángel Luís Hueso Montón

O “histórico” como categoría interartística: cine, teatro e novela..... 107-120

M^a Teresa Vilariño Picos

Representación (Fenomenoloxía da obra de arte cinematográfica)..... 121-136

NOTAS

Nuria Araújo García

A polivalencia na escrita de Marguerite Duras, cara a un macrotexto: ¿novela, teatro, filme, poesía? 137-146

Juan Miguel Company Ramón

Enunciados e visibilidades.

En torno a dúas versións cinematográficas dunha novela de Blasco Ibáñez..... 147-154

César Domínguez

Relacións interartísticas na obra de Hitchcock..... 155-164

Luis Miguel Fernández

A recreación fílmica: problemas e métodos 165-181

José Manuel González Herrán

Tres comezos de *La Regenta*: a novela (Leopoldo Alas, 1884-1885), o guiión cinematográfico (Fernando Méndez-Leite, 1989-1991), a serie de televisión (Fernando Méndez-Leite, 1994-1995) 183-198

Ángel Otero Blanco

Adaptación cinematográfica, Estados Unidos e Século XXI 199-209

Juan A. Ríos Carratalá
Do escenario á pantalla: modelos de adaptación e outras
circunstancias 211-222

José Luis Sánchez Noriega
Un desafío ao esquecemento: *El sur*, de Víctor Erice 223-230

DOCUMENTOS

Xosé Luís Axeitos
Dos arquivos de Rafael Dieste..... 231-236

ENCONTROS

José M. González Herrán e Anxo Tarrío Varela
Encuentro en Compostela con Xabier Villaverde
e Suso de Toro 237-261

III

LIBROS

Carmen Becerra et al. (ed.)
Lecturas: Imágenes. Congresos 32
(*Mercedes Comba*) 263-269

Luis Miguel Fernández
Don Juan en el cine español. Hacia una teoría de la
recreación fílmica
(*Susana Pérez Pico*) 270-273

Roman Gubern
El eros electrónico
(*Miguel Sicart Vila*) 273-277

La escenografía en el cine. El arte de la apariencia
(*Norma R. González*) 277-279

<i>James Naremore (ed.)</i>	
Film Adaptation	
<i>(Ángel Otero)</i>	280-287
<i>Carmen Peña Ardid (coord.)</i>	
Encuentros sobre Literatura y Cine	
<i>(Antonio J. Gil González)</i>	287-294
CREACIÓN	
<i>Suso de Toro</i>	295-308

BOLETÍN GALEGO DE
LITERATURA

Nº 28, 2º semestre, 2002

ISSN 0214-9117



Servicio de Publicacións
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
2003

NÚMERO 28 / NOVIEMBRE 2002

113

Mercedes Díaz Villarías

Yolanda Castaño

YOLANDA CASTAÑO (Santiago de Compostela, 1977). En 1990 trasladouse á Coruña, onde rematou a carreira de Filoloxía Hispánica e cursou estudos audiovisuais. Deuse a coñecer na adolescencia a través dunha serie de premios de poesía menores ata que, gracias ao Premio Fermín Bouza Brey 1994, publicou o seu primeiro libro, *Elevar as pálpebras* (1995), contando 17 anos. Seguiu *Delicia* (1998), e máis tarde *Vivimos no ciclo das Erofanías* (1998), editado co gallo do Premio Johán Carballeira, e que tamén recibiu o Premio da Crítica Española 1998. Xa no ano 2000, saíu unha edición bilingüe galego-castelán desta obra na editorial madrileña *Huerga y Fierro* (*Vivimos en el ciclo de las Erofanías*). Publicou xunto ao pintor pontevedrés Antón Sobral o catálogo de pintura *Venecia O Vicio da Beleza* (2000). Nese mesmo ano e baixo o título de *Edénica*, viu a luz unha antoloxía persoal de toda a súa obra anterior, acompañada dun CD no que a autora canta versións musicadas dos seus poemas. Ten participado en volumes colectivos como *Daquelas que cantan. Rosalía na palabra de 11 escritoras galegas* (1997, inclúe CD), *Mulher a facer vento* (Lisboa, 1998), *Algúen agarda que volva alí* (1998), en *Novas voces da poesía galega. Recital* (2000), *Díálogos na casa de Rosalía* (2002), *Outro mundo é posíbel. Festival da Poesía de Salvaterra* (2002), *O trazo aberto. Poesías e debuxos* (2002) e *O libro dos abanos. (Palabras no aire)* (2002). Tamén aparece a súa obra nas antoloxías *Para saír do século. Nova proposta poética* (1997), *Río de son e vento* (1999), *dEfecto 2000* (1999) e nas estatais *Milenio* (1999), *Yo es otro. Autorretratos de la nueva poesía* (2001) e *Mujeres de carne y verso* (2002). Como poeta, e tamén como crítica literaria, ten colaborado en numerosas revistas e publicacións periódicas como *La Voz de Galicia*, *O Correo Galego*, *A Nosa Terra*, *El Mundo*, *Quimera*, *Festa da Palabra Silenciada*, *La Flama en el Espejo*, *Dorna*, *Hablar/Falar de Poesía*, *Ólivos*, *Clave Orión*, *A Xanela*, *Elipse*, *Enclave*, *Casa da Gramática...* etc. Formou parte da equipa directiva de *Letras de Cal*, unha editorial de poesía destinada a publicar aos valores máis novos. Ademais de ter participado en numerosos recitais e ser unha activa animadora cultural, organizou, xunto con Emma Couceiro, dous *Ciclos de Recitais Poéticos en Filoloxía*, celebrados mes a mes entre 1996 e 1998. Co-dirixiu con Olga Novo, a revista de artes *Valdeleite*, e foi responsábel do prólogo, selección e coordinación dun monográfico sobre unha *Muestra de la joven poesía gallega*, publicado en *La Flama en el Espejo* (México D.F.). Foi entrevistada, xunto con Blanca Andreu no programa *Negro sobre Blanco*, que dirixe F. Sánchez Dragó, na madrugada do luns, día 24 de 2003. Actualmente ocupa a Secretaría Xeral da *Asociación de Escritores en Lingua Galega* (AELG). Á vez, dirixe e presenta o seu propio proxecto televisivo, *MERCURIA*, unha cita semanal na TVE-Galicia sobre vangardas creativas galegas.

Autopoética

*Non é este o xardín que viñen buscar a fin de entrar.
De entrar, non de saír.*

Se o meu nome levará un tapiz excelso coa vontade de min máis que co feito.
Pero é últimamente unha cerimonia mendiga, a máis pura.
Que borrei todo asideiro, deitei, e *non quero ser lista*.

Pero o que interesa son os meus pasos. Coma un bosque de símbolos do que a miña ignorancia é significativa. Unha sorte de pálpitos que se lle entrega á miña man antes das horas. Unha condena que mece os meus insomnios.

Este é un labirinto de espellos encontrados e á orixinal xa non a recoñezo.
Coma teatros concéntricos. Máis que a escura liña entre a que me quero nacer e a que se mata.

116 Pero é un fillo sen nai o poema, delicioso terror dos orfos, entusiasmo radical e autónomo do meu delirio. Ou o que queda de exvoto nos meus velocinos. Que eu quixen falar desta ou destas que me amparan e son ti e facelo entón a través das palabras e dos arrabaldos das palabras que me veñen á cabeza cando penso no que sinto e cando penso no que penso. Así me convertí na larva do resto dos instintos. Que estendín unha saba de orfandades sobre o meu poema. E non serve comprender. (A que non entendeu nada pero sentiu-no todo). Coma en valsés sobre piscinas amnióticas.

A forma morreu. Que viva pois a forma. Recibe o soño da que te contempla oh contemplado. Dáme palabras que aínda así aguilloen o meu cerne, o suxerido entre sombras, o que tira da intelixencia. Cando a beleza se desvista da beleza gozarás que xa só sexa. Só sexa.

Dáme non cesar de desexar, aínda que atope.

Dáme confundir os meus textos con algún canto, levigar entre sopros. A única fronteira na que morre o fraude. Todo un campo de ruína sobre o eterno banquete.

O tacto, o privilexio, as ganas de tirarse.

(RE)SER(VADO)

A

Unha navalla lenta é o proxecto da identidade.

Unha celebración añil o re-coñecemento.

¿Como deixei que todo isto me sobreviñera?

O meu propio soño marchou de min comigo

Non podoo permitir que se me malinterprete unha vez máis

¿Por que me afectas?, ¿por que me afectas aínda?.

Unha absurda desposesión infranqueable.

Pero que eu estaría ben, que non cumpren coidados xa sabes que total eu

estaría ben, sempre ben, aínda que non se me entendese aínda

que perdese a saúde na miña mocidade.

Eu tamén pensaba que podería controlalo.

¿Por que me desesperas?, ¿por que aínda me desesperas?.

117

Unha poza de notas sostidas,

un reiseñor mecánico é a tarde

¿Como tiven a coraxe de asumir a túa estratexia?

B

Cando deixo de ser flor,

molesto.

Pero o duro era ser, o

infatigablemente aciago.

Que eu contraese algunha seria doenza

favorecería grandemente á miña obra literaria.

Como non teña traballo, marchoo para Las Vegas.

Nos Estados Unidos son máis guapa que en ningún sitio.

Pero teño sido agre e pretenciosa,
teño sorriso por interese propia,
a axetreada capitalista sexy;
compensei polos meus días de impotencia.
Ser
é o difícil.
Cando falei só contemplaron os meus labios.

¿Se me tomo un descanso iso
fárame irresponsable?
¿se son vulnerable
serei pisoteada?
¿se me fosen peor as cousas
quereríadesme máis?

Unha profusa navalla é o proxecto da identidade,
un reiseñor mecánico a tarde.
Tanto *souvenir* acabará con Notre Dame
¿Onde estabas cando te necesitei?

118

C

Hanayo compréndeme. Non sei
se talvez se me entendería mellor no Xapón.

Ó peixe débil a corrente levaráo a algún lugar seguro.
O peixe forte estará só, nun esforzo que se multiplica.

O doado
non é ser.

Non tería comprometido tanto
por medo a facer que ti me despreciases,
non tería sido tan autodestructiva,
non tería prescindido de necesidades,
non tería negado os meus empeños
¿se son guapa terei
menos posibilidades de estar soa?

D

Tanto *souvenir* acabará con Notre Dame,
¿que é o que vexo?, vexo que nin un só día, nin
un día só deixei de sospeitar da miña inclinación ás esporas.

-Non foi aquilo o que non che perdoe (podo aguantalo case todo)-.

Definitivamente, eu, tampouco farei nada por salvarme.
Pero farei.
Estragareime en vida, farei
do meu ventre un circo, darei de comer
o meu corazón ás bestas.

O que non che perdoarei foi a penas que atopases
unha mínima razón para pegarme.

Imperdoable cómica desesperada farás
do teu ventre
un circo.

119

Unha mínima razón para pegarme.

E

Eu nada máis quería debuxar un amuleto
pero cando falei só contemplaron os meus labios.

Preguntarlle-s ós lirios, ás pantallas, ós papeis térmicos,
preguntarlle-s ós demais quen demos é que era eu.
Corrín o risco de perderme, -a min, que fun todo canto tiven-
apoucada nena pálida do uniforme azul.

¿Faría da nosa casa o éxito un fracaso?

Privilexio da miseria é ter o seu lugar
Como non teña traballo, marchó para Las Vegas.

O volume de todas as miñas cifras incide nas esporas ás que me inclino.
Xúroche que non tería sometido tanto
por medo a non estar a aquela altura.
¿Se non quero é que non quero?

Ó peixe débil a corrente levaráo a algún lugar seguro.
O peixe forte estará só, nun esforzo que se multiplica.
Misericordioso é o premio quero estar enferma
¿Onde estabas cando te necesitei?

Agosto 2002

BESTA

120

Cambiaría a miña salveza por unha mentira túa que me punxira
[máis adentro,
os soles que proclamo non son máis feroces que o seu medo.
(Este é un invento
un invento dentro doutro invento).
Non temas, Pinoccio,
Nada se axusta á verdade con maior precisión que esta
[progresión de estampas para cegos dementes,
un rebumbio de mans no cuarto máis azul.

Estamos rodeados
de opcións armadas até os dentes
e o lameiro da certeza sería esta pouco inocente antoloxía de enxeños.
Cubos triangulares, datas descinguidas.

(Pinoccio:) “Se digo que veu un tamborileiro é que veu un tamborileiro”.
-O tamborileiro convírtese en imaxe e o que importa son os meus ollos-

Non temas, Pinoccio,
non temas se a beleza e o fascínio para bicarte toman formas tan reais.

* * *

(Pinoccio:) “Cando chega o día da actuación e por fin actúo e a cegadora luz dos focos chega mesmo a impedirme ver os fíos da cruceta, podo sentir que bailo coma se fose eu quen bailase”.

E a escaleira gris e os rostros sen cara.
E a miña esperanza glosa unha ferocidade áxil coma unha obsesión.
Se atendeses a este lado da retina poderías entender esta
[desorde de corazóns,
poderías por fin tocarme o corazón.

(O que Pinoccio fabula que non hai cruceta enche tódolos anais de tódalas historias, fai un épico estrondo en tódalas cabezas).

Pero esfórzate, Pinoccio,
trata de esbozar medio segundo antes
a túa patada desa patada.

* * *

Coma unha boneca
que só quere ser
unha nena real.

121

Así tamén Pinoccio pendurou fíos até algunha cruceta
e a lupa terrestre insuflouulle o don do movemento, do aceno, da voz.

(Pinoccio:) “¿Cales funestas manobras para aínda así facerme forte?”
Bestas coma esta, cubos triangulares.

Pero no silencio nocturno e tras as portas das pálpebras
ama Pinoccio cada fío con medo abrumador de tanto abismo,
tece unha lazada de sangue e de indixencia.

Estamos rodeados.

Así tamén eu recoñezo a miseria do contrario,
devecendo polo gancho, polo que me envolve, polo que anoa.

Coma unha boneca
que só quere ser
unha nena real.

* * *

(No cuarto figurado o tamborileiro anuncia o envilecemento das capacidades).

(Pinoccio:) “¡O mundo é tan grande e eu tanto libre albedrío!”

Cegadora luz dos focos: convirte cada segunda en primeira man.

Taxar o equilibrio perfecto entre o movemento e o meu.

Datas descinguidas e rostros sen cara.

Pero cambiaría a miña esperanza por outra mentira túa que

[proese aínda máis forte.

Nada se axusta á verdade con maior entraña descortizada.

(A miña sensación é extraterrestre).

Atende verdadeiramente a este lado da retina e aprenderás as

[medidas do que describo.

Baila, Pinoccio,

non temas cando o soño do albedrío da túa danza para

[impulsarte toma formas tan reais.

* * *

122

Todo medra co mesmo estrépito do non dito.

Se narices e escuras ansias e alarmas innomeables,

menos inocente é o rumbo.

Pero veu un tamborileiro coma un nuncio,

e o bruído sobrepúxose á canción de baile.

Mans tirantes, afáns e perdas.

(Pinoccio:) “Se digo ser eu quen baila é que son eu quen baila”.

Non temas, fermosísimo Pinoccio,

non temas se sería exactamente igualado por ti

todo canto se anticipa.

* * *

O círculo das bestas abre unha comisura nova no entramado.
O debuxo do perfil de cada mentira xustifica
as desolacións ás que se abate.

(Pinoccio:) “Se non fose por isto, se non fose
pola miña perseverancia,
nada faría un lugar ós meus engados”.

Todo o que ten de monstro ou extraterrestre,
todo o que de aborto ou fenómeno da natureza
dispensa a infinita tenrura con que este diminuto boneco de madeira
se entrega á doce urxencia do seu baile.

* * *

Acabarás por facer da desproporción do teu nariz un exvoto orixinal.

(O maligno rictus do funesto tamborileiro crávase nas
[costelas coma o cronómetro dun detonador).
Non teríamos invertido ou como mínimo manipulado os
[resultados, non teríamos dilapidado os teus esforzos.

123

(Pinoccio:) “Se eu non calculo a distancia que me reteña non
estimarei a amplitude das miñas posturas e pasos”.

O círculo da besta reconcome o esquezo.
Cubos enluzados, redes de afáns e perdas.

Así tamén eu recoñezo comprarme coa miña dote.

Coma unha boneca
que só quere ser
unha nena real.

* * *

Estamos rodeados.

A presenza temible das escaleiras abafa a solvencia da acción.
Alguén dosifica o desdoblamento.

(¿É por acaso a miña sensación
extraterrestre?)

(Pinoccio:) “¿Podería desexar ó menos ser dono da miña cara?”

Ignora o boneco que tales enxergos non son senón síntoma de si,
pero ignora, coitado inxenuo arelante.

Non temas, Pinoccio,
se nalgún intre por ínfimo que fose enxergases no xubiloso
[dynamismo do teu baile
xeito de placebo.

* * *

Acabarás por gardar a deformidade do teu nariz cal unha
[ofrenda coma os eunucos.

Ábrese a besta e ri en alto.

124

(Pinoccio:) “¿Debo tomar este circo
como a miña casa?”

Todo o que de extrañeza ou desemeianza,
todo o que haberá de engordar as letras do seu nome.
Pero vela unha contenda.

Bramido de tambores e mans cortadas e azul.
(Como facerse un retrato e xusto despois
desaparecer).

(Pinoccio:) “¿Terei atopado de min cara min
a miña peaxe?”

* * *

Cada un dos fios que anoan cada unha das extremidades de Pinoccio
duplicase nas sombras.
Se o noso pequeno boneco de madeira asume a esta besta para si propio
semella algo que nos conmove.

¿Cómo ti pretendes, inocente Pinoccio,
ser dono de algo do que, sendo considerablemente teu,
nin podes aseverar a súa medida?

Ademáis, está o do tamborileiro.
(O seu reclamo convoca).

Pero non temas, Pinoccio,
nada dirán que se axusta á verdade con maior precisión que
[esta pouco inocente antoloxía de enxeños.
E ti,
tan só es ti.

* * *

De infausta caixa de resonancia fai o corazón dos *pasen e vexan*.

Redes de afáns e perdas. O amarelo tamén rompe.
A algarada circular de presenzas extraterrestres.

(Pinoccio:) “Pero eu tampouco non me refería a nada disto”.

125

O perfil dos banzos da escaleira abafan toda solvencia na acción.
Azul, cubos triangulares.
Un rebumbio de mans requiren acariñar a besta.

Non ofrendes os teus afáns
á súa insania.

Falo destes que acabarán por facer da espiral preciosa dos
[teus discos dixitais
calquera circo.

* * *

En vez de mirar de facerte un mozo de ben
quixeches ir ó guiñol e ó país dos xoguetes.
¿Asumirás como casa o circo no que agora entras?
Órganos que se depravan, redes de afáns e perdas,
a homilía dos pequenos suicidios coma todo un protocolo.

Pero cambiaría o meu prognóstico por outra mentira túa que abrasase os
[vestixios.

(Pinoccio:) “¿E que clase de neno real darei
despois desta pasaxe?”

Párate e advirte, Pinoccio,
non podes facer pender o delicado empeño do teu baile
do volume deste nariz mentirán e votivo.

Febreiro 2003

Xavier Queipo

XAVIER QUEIPO (Santiago de Compostela, 1957). Licenciado en Bioloxía e escritor. Comezou a súa carreira literaria no eido da narrativa breve con *Ártico e outros mares* (1990, Premio da Crítica Española), que foi traducido ao portugués; un camiño que continuou con *Ringside* (Sotelo Blanco, 1993), onde se inclúe o conto "Ao poboado Lahu@", que foi traducido ao inglés polo obradoiro de tradución do Seminario de Estudos Galegos da Universidade de Oxford; *Diarios dun Nómada* (Edicións Positivas, 1994); *Contornos: apuntes de filosofía natural* (Edicións Xerais de Galicia, 1995); *Mundiños* (Edicións Xerais de Galicia, 1997); *Manual de Instrucións* (Edicións Xerais de Galicia, 1999) e *O ladrón de esperma* (Premio Café Dublín 2000). É autor tamén das novelas *O paso do Noroeste* (Sotelo Blanco, 1996, Premio de Narrativa García Barros); *Malaria Sentimental* (Sotelo Blanco, 1999); *Papaventos* (Edicións Xerais de Galicia, 2001). A súa obra narrativa está recollida nas antoloxías *Manual e escolma do relato galego* (1995), *Narradores de cine* (1996) ou *Unha liña no ceo* (1996). Ademais ten participado en volumes colectivos como *Berra liberdade* (1996), *Minirelatos* (2000), ou *Galicia a través do espello* (2000). Na súa faceta como poeta conta no seu haber con títulos como *Nos dominios de Leviatán* (2001) e *Glosarios* (Espiral Maior, 2001). Encargouse tamén das traducións de *O meu criado e mais eu*, de Hervé Guibert (Edicións Xerais de Galicia, 1998, en colaboración con Santiago Lopo); *A viaxe de Baldassare*, de Amin Maalouf (Edicións Xerais de Galicia, 2000, en colaboración con Dolores Torres París); *Tifón*, de Joseph Conrad (pendente de publicación en Sotelo Blanco); *Sempre somos bos demais coas mulleres*, de Raymond Queneau (pendente de publicación en Edicións Positivas). Colabora tamén en xornais, revistas e suplementos literarios como *Alquimia*, *Animal*, *Dorna*, *Grial*, *Luzes de Galicia*, *O Correo das Culturas*, *Revista das Letras* ou *A Nosa Terra*.

127

Autopoética urxente

Din que escribir ten que doer. Non vexo masoquismo en facer o que nos gusta. O masoquismo, se cadra, no noso pequeno país sen Estado, é tentar o ter a escrita como sustento.

Escribir para pasar o rato, coma os peixes cando nadan nun acuario circular.

O ideal do escritor é chegar ó meirande número de lectores. Escribir en linguas minoritarias é, pois, contradictorio. Tarefa de heroes ou de ilusos.

Necesidade de dicir o que se pensa, ou o que se pensa que se pensa.
Necesidade de non se sentir vivindo nunha granxa de animais submisos.

Se o traballo dignifica o home ¿Que fai vostede lendo estas notas e avorcallándose na indignidade? Vaia traballar de seguida, colleccione dignidade como quen xunta moedas ou indulxencias plenarias.

Hai unha liña sutil entre a tolemia e a creatividade, se cadra a mesma que existe entre o imaxinario e o real. Os que así pensamos vivimos atormentados. A actitude dos demais é a nosa tormenta.

A illa dos cangrexos violinistas

(Conto que algúns coidarán infantil e outros non tanto)

128

Esta é a historia da illa dos cangrexos violinistas tal e como a contou Antón de Cangas, piloto dunha corveta polos mares do mundo, que naufragou nesas costas e viviu arrodeado de cangrexos durante vinte anos da súa vida ata que, coa axuda de moita paciencia e dunha dorna, puido acadar as praias da Illa de Cuba.

“Hai un cento de anos, nunha illa perdida do Caribe, chea de palmeiras e de cocos, de macarelas e de quenllas, vivían unhas xentes moi tranquilas, da agricultura e da pesca, de recoller ostras e tomar o sol.

Na illa as construcións eran de madeira, con teitos de folla de coqueiro, e sustentadas nunhas pilastras moi sólidas por mor de asentadas para soportar as fortes chuvias que, cada ano, chegaban cos monzóns. Nunha daquelas casas vivía Moi, unha rapaza duns nove anos, moi espelida e faladora.

Moi case non tiña xoguetes nin amigos. Na aldea eran só oito familias e non había nenos da súa idade. Por iso, e por que os seus pais traballaban arreo, Moi pasaba a meirande parte do tempo xogando ela soa.

O seu pai saía pola mañá cedo nunha canoa a pescar pargos e maragotas, xurelos e espetóns. Mentres, a nai cultivaba a horta da casa onde se daban millo

e mandioca, iuca e malanga. Era un reparto do traballo típico da illa, onde os homes se dedicaban á pesca e as mulleres á labranza.

Un día no que estaba xogando baixo as pilastras da casa, Moi descubriu algo que chamou a súa atención. Era un oco arredondado, que non estaba alí no día anterior. Achegouse de vagar non fora ser que de alí saíra unha cobra ou un lagarto, ós que tanto medo lles tiña. Con curiosidade e precaución, comezou a escravellar cun pao no interior da cavidade por ver se algún animalíño asomaba desde o interior. Non tivo sorte. Conseguiu chegar ata ben fondo, pero por ben que remexeu co pausíño non houbo criatura que dera sinais de vida.

Repetiu a manobra varios días seguidos, pero con tan pouco éxito que, logo dalgúns outros intentos, decidiu deixar o empeño, aborrecida e algo desanimada. Entre tanto, o número de buracos arredor das pilastras aumentou e ó que no primeiro había un único orificio agora xa se distinguían seis ou sete.

Unha noite, coma sempre na estación das chuvias, Moi e os seus pais, cansos polo traballo e polo boureo da xornada, descansaban a carón da fiestra, contándose contos e vendo como chovía sen descanso. Nunha desas, un lóstrego rachou a escuridade da noite iluminándoo todo. Daquela Moi dou un chouto e dixo:

–¡Que medo! ¿Que son?

O pai de Moi, Non, riu polo baixo pero non querendo ofender á súa filla, que tan grande susto levara, díxolle:

–Eses son cangrexos violinistas. Viven aí embaixo. Nuns tobos que fan na area.

–¿E como é que nunca os vin?, preguntou Moi, algo estrañada.

–Polo día, como vai calor, están agochados baixo terra e só na noite saen a comer. Ademais, hai anos onde abundan máis que outros, como lle pasa ós peixes ou ós paxaros. Este ano hai moitos máis que nunca, por iso foron subindo desde a praia e chegaron a colonizar o poboado.

–¿E que é o que comen eses cangrexos?, preguntou Moi.

–Comen flores: lirios e xeranios, hibiscos e xasmíns.

–¿E como é que teñen esa cor azul uns e laranxa outros? ¿Porque non son como os cangrexos que hai na beiramar, pardos ou averdados?

–Moi simple Moi, dixo o pai reflexivamente. A cor danlla as tintas dos hibiscos. Se comen dos hibiscos azuis, son azuis, e se comen dos laranxa, son laranxa. Nesta illa case tódalas matas de hibisco son de flores azuis e porén, os cangrexos violinistas teñen case sempre o cacho azul.

–E logo nós, se soamente comemos iuca, ¿imos quedar brancos de leite como os brancos?, preguntou Moi algo asustada pola posibilidade de perder a súa cor de pel, que tanto lle gustaba.

Os pais de Moi fitáronse por uns instantes, sorprendidos e, ó tempo, orgullosos pola pregunta que fixera a súa filla. Sorriron e foi daquela Nora, a súa nai, quen respondeu.

130

–Imos, si. Por iso hai que comer de todo, para conservar á nosa cor natural. Os brancos son brancos de seu e os negros son negros por natureza. Nos somos da cor do azafrán e así é a nosa natureza, pero se só comeseamos laranxas, nese caso a nosa pel podería pasar de ser tostada a ser da cor das laranxas.

–Daquela eu quero ser azul como os cangrexos, dixo Moi algo excitada. Vou comezar a comer hibiscos. Desde mañá mesmo.

–Iso non pode ser filla. Na illa non hai alimentos de cor azul. Os cangrexos azuis son azuis porque comen hibiscos azuis, pero ti non podes comer hibiscos azuis. Sentaríante mal no estómago e nos riles. Non pode ser.

Moi semellou quedar satisfeita con aquela explicación ou alomenos así llo pareceu ós seus pais, pois ós cinco minutos daquela charla, Moi estaba durmindo ós seus pés. A súa nai predeu conta dela e levouna ó leito, que non eran senón unhas esteiras de follas secas entrenzadas. Alí quedou Moi, soñando con ser azul, como o ceo e os hibiscos.

Na mañá seguinte, non máis erguer do leito, Moi saíu a recoller flores das matas que había arredor da casa e da horta. Mentres, a súa nai buscouna para tomar o almorzo. O ver que non estaba, chamouna.

-Moi. Moi.

-Si, mamá. Xa vou.

-¿Que fas aí fóra? Ven almorzar.

-Estou recollendo flores.

A nai entrou na casa e non escoitou a resposta de Moi. Moi foi camiñando cara ós ocos que había baixo a casa e, a carón de cadanseu burato, deixou dúas flores de hibisco azul. Quedouse alí, apampada, esperando que asomaran os cangrexos violinistas.

Unha nova chamada da súa nai, xa algo máis imperativa, fixo que saíra correndo escaleiras enriba. A súa nai era moi boa pero non lle gustaba que a fixeran esperar coa mesa posta e a comida preparada. Era moi estricta niso.

Logo de almorzar un pouco máis atrapalladamente do que acostumaba facer, Moi foi investigar nos baixos da casa, por ver se era quen de descubrir os movementos dos cangrexos azuis. Para a súa sorpresa, as flores desaparece-
ran sen deixar rastro.

131

Nos días a seguir, por mor de non incomodar á súa nai, mudou de táctica e foi procurar as flores logo do almorzo.

Día tras día pasou horas enteiras á espera de ver saír dos seus tobos ós cangrexos violinistas. Sen éxito. Cada día, cansada de esperar subía á cociña a beber un grollo de auga da cabaza ou ía ver como a súa nai traballaba na horta, ou ben acudía a lle facer unha visita ó seu avó, que vivía moi preto. Cando regresaba ó seu punto de observación, sempre era a mesma historia; as flores desaparece-
ran e non había rastro delas. Era un misterio e un misterio dos bos.

Un día, logo de moitos intentos, e cansa xa de tanta espera e de non poder ver os cangrexos saíndo do tobo, foi a preguntarlle ó seu avó Gong, que era o que podía argallar para ter éxito nas súas indagacións.

Gong, que era un dos homes sabios do poboado, díxolle só unha cousa:

–Tès que ter paciencia, miña raíña. Olla para o mar, que coa súa calma infinda fai acougar ó vento. Os cangrexos téñente medo aínda, pero son seres intelixentes e saben que es ti quen lles leva a comida. O que non entenden aínda é porqué lla levas e que é o que queres deles. Teñen medo, coma tódolos seres pequenos diante dos grandes.

Moi quedou terriblemente satisfeita coa explicación que lle dera o seu avó Gong. O que a tratara de “ser grande” foi, sen dúbida, o que máis lle gustou. Daquela, seguindo os consellos do seu avó, cada mañá, sen faltar unha, seguiu recollendo flores para deixalas no chan, do lado dos tobos que había na area.

Un bo día de primavera (alí facía bo todo o ano, pero tamén tiñan calendario) un dos cangrexos azuis asomouse fóra do seu tobo e dirixiuse cara á unha flor de hibisco, que colleu coa súa pinza xigante. Logo, camiñando lateralmente como fan os cangrexos, que nin van para diante nin para atrás, entrou na súa casa subterránea e xa non asomou máis.

132

No día seguinte, para a súa sorpresa, non ben deixou as flores no chan, chegaron cangrexos violinistas desde tódalas direccións e nun plis-plas recolleron a comida e regresaron ós seus refuxios.

Sorprendida polo que acontecera, Moi correu a contarlle ó seu avó Gong, no que tiña depositada a súa máxima confianza.

Des que chegou, acougou e contou a súa historia, o avó agarimoulle o cabelo e díxolle:

–Ai, miña raíña. Xa vexo que finalmente a túa paciencia foi premiada.

–Xa sei avó. Pero dime, ¿Porque onte só saíu un cangrexo a coller a comida e hoxe saíron todos a unha?

–É simple, miña rula. Esta noite, mentres nos durmiamos e soñabamos, os cangrexos falaron entre eles.

–Pero falaron... falaron.

–Falar o que se di falar, coma ti e coma min, non falaron. Os cangrexos,

como moitos outros animais, como os golfinhos e as abellas, como as ras e como as pitas, teñen os seus sistemas para se transmitir mensaxes.

–¿E cal é o sistema dos cangrexos, avó? Eu nunca lles oín dicir nada.

–Eu tampouco. O sistema que usan non o sei, non te vou mentir, pero algún sistema terán. Os avós temos experiencia pero non temos as claves de como funciona todo. Sabemos cousas, pero hai aínda moito por descubrir. Para iso estades os novos, para seguir estudiando e comprender o mundo. Debes quedar á espera e observalos atentamente. Es unha rapaza espelida e xa verás como lles das co tranganillo.

Pasaron os días e repetíase sempre a mesma manobra. Logo do almorzo Moi baixaba a recoller flores, deixábaas no chan e quedaba á espera. Os cangrexos asomábanse, ollaban para ela como estrañados, saían do tobo, recollían a comida e desaparecían, tan de súpeto como chegaran.

Aborrecida de non ter máis progresos no coñecemento da linguaxe dos cangrexos, Moi mudou de táctica. En troques de quedar apampada esperando ver saír ós cangrexos violinistas, decidiu agochase detrás dunha sebe, para observalos sen ser vista. Foi así como soubo que os cangrexos “falaban” entre eles como dixeran o avó, e o seu xeito de “falar” non era pola voz, senón por un sistema de movementos alternativos das pinzas. A pinza máis grande, que lles protexía a fronte toda e pola que recibiran o nome de violinistas, rozaban coa pequena emitindo un ruído que recordaba en algo ó do arco do violín cando rasca unha corda.

A partir daquel primeiro descubrimento, Moi foi rexistrando as diversas posicións das pinzas, querendo deducir o que, por forza, tiñan que ser mensaxes simples, pero, por moitas voltas que lle deu, non foi quen de dar coa significación da “fala” dos cangrexos violinistas.

Pasou o tempo e Moi non avanzaba nin unha chisca na interpretación da linguaxe dos cangrexos –que seguía considerando secreta– e o único que conseguira, polo momento, fora que se achegaran e que viñeran comer da súa man. Isto fíxoa moi popular entre os poucos rapaces que había na aldea, que vían con certa envexa este achegamento de Moi a uns animais que, para eles, eran esquivos e imposibles de dominar. Pero a satisfacción pola popularidade

non enchía as ansias de Moi. Ela o que quería era descifrar os códigos nos que se entendían os cangrexos.

Un bo día, cando Moi estaba observando os movementos dos cangrexos, estes desapareceron como raios nos seus tobos, sen que houbera un motivo aparente. Xa mesmo, Moi sentiu unha punzada nun nocello. Ollou cara ó chan e veu unha cobra de bandas negras e vermellas fuxindo por entre as matas do xardín. No primeiro non notou máis nada que unha dor intensa no lugar mesmo da picadura, pero xa logo comezou a sentir náuseas e desvaneceuse.

Entre tanto, os cangrexos, algo alarmados polo ruído, correron cara á rapaza (Eles non sabían que se chamaba Moi e chamábanlle “Rapaza”). Cando viron que non reaccionaba trabáronlle lenemente coas pinzas, nos dedos e nas fazulas, nas dedas e nas coxas, por ver se acordaba.

Vendo que non reaccionaba, intercambiaron sinais entre eles movendo axitadamente as pinzas. De seguida saíron en todas direccións. En grupos de a tres e a moita velocidade.

134

Nora estaba recollendo iuca no fondo da horta e non se sorprendeu de ver tres cangrexos azuis. Non era frecuente velos polo día, pero tampouco era a primeira vez que lle acontecía. O que si a sorprendeu foi que os cangrexos viñan cara ela con moita decisión, facendo uns movementos estraños coas súas pinzas, como se dunha danza se tratase. Fixo acenos para espantalos. No primeiro, presas do medo, os cangrexos apartáronse a unha certa distancia, pero logo non fuxiron como adoitaban facer en circunstancias semellantes, e quedaron quietos, expectantes e nerviosos, acenando repetidamente e sen moverse do camiño.

Nora non estivera nunca na súa vida tan preto duns cangrexos violinistas, de natural esquivos e pouco confiados. Daquela pensou en Moi. Algo pasaba con Moi. Intuíuno. Son sentimentos automáticos, que disque teñen as nais.

–Moi... Moi, chamou desesperadamente Nora.

Non houbo resposta. Daquela Nora encamiñouse cara á casa. Os cangrexos violinistas seguían a curta distancia arborando as súas pinzas ergueitas, moi excitados e moi rápidos na súa marcha lateral.

Cando a nai chegou a carón de Moi, viu que tiña os beizos morados e o corpo sacudido de calafríos. Nora asustouse moito e comezou a berrar pedindo axuda mentres levaba en brazos a Moi para deitala no leito.

Non tardou en chegar Gong acompañado doutros dous vellos cos que prendera unha conversa. Todos tres decatáronse de seguida que fora unha cobra a que lle picara a Moi e aínda souberon, analizando o tipo de marcas da ferida que clase de cobra fora a que lle trabara. Daquela saíron da cabana a toda présa para colleitar herbas, e preparar emplastos e infusións que anularan o efecto do veneno que aquela cobra inxectara no sangue de Moi.

Por fortuna para toda a comunidade, os tres vellos eran moi sabios e coñecían ben as plantas da illa. Ós dous días de tratamento Moi xa estaba recuperada e foi quen de deixar o leito e saír da casa a procurar flores de hibisco azul para alimentar os seus amigos, os cangrexos azuis.

Informados do suceso nos seus menores detalles, os vellos da aldea reuníronse para tratar do asunto. Debateron arreo, con argumentos encontrados e moita calma ata que acadaron o consenso ou opinión unánime, que é a forma de goberno daquela xente. A decisión foi clara: a partir daquel momento os cangrexos azuis estarían protexidos na illa e ninguén podería cazalos nin molestalos.”

135

Tamén conta Antón de Cangas, que viviu entre os habitantes da illa logo do seu naufraxio, que aquelas xentes declaran con orgullo que, se ben é certo que viven nunha cangrexeira, os cangrexos azuis coidan e protexen os seus nenos e non lle fan mal a ninguén.

Non vos preocupedes se non atopades nos mapas a illa dos cangrexos violinistas. O seu chan está tan inzado de hibiscos e de cangrexos azuis que dende o aire non se distingue ben da auga que a arrodea e pasa desapercibida aínda para os máis afamados xeógrafos.

Hai quen nega a súa existencia, malia a historia contada e recontada por Antón de Cangas, e mesmo hai quen di que escoitou polos mares caribes a lenda dunha illa azul, que se despraza lateralmente, como os cangrexos.

ESTUDOS

*Inmaculada Carbón Puente*A perda do apetito e do sono como *signa* do sufrimento amoroso nos trobadores galego-portugueses..... 7-29*Jon Kortazar*

Literatura e xogo..... 31-65

Luis Martul

“El perseguidor” como intervención cortazariana na narrativa de tema jazzístico..... 67-93 137

Pierre V. Zima

Continxencia e construción: da mímese ao posmodernismo 95-115

NOTAS

Leodegário A. de Azevedo Filho

Eduardo Portella e a poética da reconstrução 117-123

Xosé Manuel Dasilva

Camões en galego: algunhas versións do soneto “Alma minha gentil, que te partiste” 125-137

Gustavo San Román

Anecdótico da edición galega das obras de José A. y Trelles (“El Viejo Pancho”) 139-152

<i>Maria do Amparo Tavares Maleval</i> <i>História(s) do cerco de Lisboa: Saramago e os</i> <i>cronistas</i>	153-163
--	---------

DOCUMENTOS

Xosé Luís Axeitos

Días de amargas ausencias...	165-169
------------------------------	---------

Xaquín Facal

Pranto por Federico García Lorca (partitura musical con letra de Aquilino Iglesia Alvariño).....	171-178
---	---------

ENCONTROS

*Antonio Francisco Pedrós e María Asunción Gasca (eds.)*Actas do I Encontro de Autores “Palabras, palabras,
palabras” (Zaragoza, 3 a 6 de abril de 2000)

“A literatura galega ante o século XXI”	179-226
---	---------

LIBROS

*Anxo Abuín González (ed.)*Teatro, cerimonia e xogo. A traxectoria teatral,
literaria e cinematográfica de Euloxio R. Ruibal

(<i>Montserrat López Fariña</i>)	227-234
--	---------

Luciano de Samosata

Diálogos de deuses. Diálogos de prostitutas

(<i>José Antonio López Silva</i>).....	235-240
--	---------

Malasartes

(Cadernos de literatura para a infancia e a juventude)

(<i>Eulalia Agrelo Costas</i>)	240-247
--	---------

Margarita Santos Zas e Luis T. González-del-Valle (eds.)

“Anuario Valle-Inclán”

(<i>Miriam Sánchez Moreiras</i>)	247-250
--	---------

CREACIÓN


<i>Yolanda Castaño</i>	251-262
<i>Xavier Queipo</i>	263-271

BOLETÍN GALEGO DE
LLITERATURA**A**

ISBN 84-8121-970-3

ISSN 0214-9117

MONOGRAFÍAS



Vello ceo nórdico
poesia estonia contemporánea

Edición de
Jüri Talvet e Arturo Casas

Servicio de Publicacións
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
2002

MONOGRAFÍAS / NOVIEMBRE 2002

141

Vive Telli

PRESENTACIÓN	9
<i>Jüri Talvet</i>	
A poesía estonia (pos)moderna	11
<i>Manuel Barbeito, Manuela Palacios</i>	
Criterios de traducción	25
ANTOLOXÍA.....	29
Textos orixinais e versión galega	31
<i>Hando Runnel</i>	35
<i>Andres Ebin</i>	51
<i>Jaan Kaplinski</i>	65
<i>Paul-Eerik Rummo</i>	79
<i>Juhan Viiding</i>	95
<i>Ene Mihkelson</i>	109
<i>Jüri Talvet</i>	121
<i>Mari Vallisoo</i>	137
<i>Hasso Krull</i>	153
<i>Triin Soomets</i>	163
Versión inglesa	171
Datos bibliográficos	221

BOLETÍN GALEGO DE LITERATURA

Nº 29, 1º semestre, 2003

ISSN 0214-9117



Servicio de Publicacións
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
2004

NÚMERO 29 / MAIO 2003

145

Baldo Ramos

Ramón Caride

RAMÓN CARIDE OGANDO (Cea, Ourense, 1957). Biólogo e profesor de ensino medio. É autor dunha extensa obra narrativa, recoñecida pola crítica e os lectores, con novelas como a triloxía *De sombras e de lume*, integrada por *Soños eléctricos* (Premio Blanco Amor, 1992), unha das primeiras obras de fantasía científica escritas en galego; *Sarou* (Premio Café Dublin, 1997), centrada no submundo do narcotráfico; e a recente *O Sangue dos camiños* (Premio Risco de Literatura Fantástica, 2003), de inminente publicación en portugués e español; e con antoloxías como *Negros Espellos* (2001) ou *Escáner* (2002). Como autor de relatos publicou tamén os volumes *Os ollos da noite* (1990), *Crónica de sucesos* (1991), *Lumefrío* (1994), *Fendas no tempo* (1995), *A incerteza dos paraísos* (2000) e *Boca da noite* (2003). Participou en libros colectivos de narrativa como *Narradores de cine* (1996), *Novo do Trinque* (1997), *E dixo o corvo...* (1997), *Parnasur* (1998), *Palabras con fondo* (2000), *Historias para calquera lugar* (2001), *Longa lingua* (2002) ou *Narradio* (2003), entre outros. Como poeta, os seus últimos libros son *Flor no deserto* (Premio Cidade de Ourense 1994), *Xeografías do sal* (accésit González Garcés 1998) e *Diacrónica* (2002). Estes e outros poemarios recóllense no recopilatorio *As máscaras de Crono (Poemas 1994-2002)*. Animador de múltiples actividades culturais, foi o primeiro presidente (1994-97) da Asociación Cultural "A Santa Compañía" de Cambados, onde reside, e un dos promotores da revista homónima. Ten desenvolvido unha intensa actividade xornalística dende os anos oitenta, sendo columnista en distintos xornais (*El Mundo*, *Faro de Vigo*, *O Correo Galego*), creador de series xornalísticas: *Blues da fronteira (La Voz de Galicia)*, *O libro de area (Faro de Vigo)*, e colaborador en suplementos culturais (*Galicia Literaria*, *Faro das Letras*, *La Ría del Ocio*, *Arousa-Un mar de cultura*). Poemas, relatos e colaboracións súas aparecen tamén en escolmas, antoloxías, revistas literarias e congresos dentro e fóra de Galiza. Na súa produción infantil e xuvenil, marcada sempre pola problemática ecolóxica, aparecen títulos como *Micifú e os seus amigos* (2000), *Ruki, o rato robot* (2003) e a peza teatral *Historia dunha sobreira* (2001); destacando a serie *As aventuras de Said e Sheila*, ilustrada por Miguelanxo Prado, que recentemente apareceu completa con este título, no seu primeiro ciclo (Xerais, 2001). Sheila e Said representaron unha auténtica novidade dentro do sistema literario galego, obtendo unha grande acollida entre o público xuvenil, dende a primeira entrega da serie, *Perigo vexetal* (Premio Merlin, 1995), obtendo un éxito inmediato, con sucesivas reedicións e traducións ó éuscaro, español e portugués. A esta obra seguiron *Ameaza na Antártida* (1997) e *O futuro roubado* (1999). A cuarta entrega da serie, *A negrura do mar*, actualmente no prelo, publicarase simultaneamente en Portugal e Galiza e marcará o comezo do segundo ciclo destes personaxes.

Autopoética

Manuel Outeiriño traduciu e fixome o agasallo, hai uns anos, dos aforismos de Joan Fuster. Hai un, en particular, entre eles, que me libera de moitas explicacións: “O artista nunca está obrigado a xustificar a súa obra; por principio el sempre ten razón”. Entendo que un creador, polo feito de selo, non debe defender o que fai con argumentos externos ao texto. A propia obra é a resposta.

Hai outro que di así: “A literatura consiste en falar de literatura”. Con este xa non coincido tanto, ou se cadra si. Hai vinte anos, cando un comezaba, defendía que a literatura debía falar da realidade, e que a escrita debía implicar máis emoción que elaboración... Hoxe xa non estou tan certo. ¿Debe estar a escritura na vida, ou a vida na escritura? Á volta do tempo, todos estes dilemas semellan triviais: só existen novelas, relatos, poemas... isto é: textos concretos, obxectos culturais que falan por eles mesmos, independentemente da vontade de autores, editores e críticos; e non poucas veces en contra das mesmas vontades.

¿É literatura todo o que se vende como tal? Eu non son Warhol: o lixo, aínda vendido a miles de persoas como arte, segue sendo lixo. Mentres a sombra interesada agacha obras senlleiras, os focos alumean textos insubstanciais. O ruído e as présas non casan ben coa lectura e a creación, actos tan íntimos e fermosamente efémeros coma o amor, a paternidade, a xardinería ou a cociña, actividades tanto ou máis respectables que a escritura.

Non hai ningunha razón definitiva para escribir dunha determinada maneira e non facelo de outra, supoño. Mais se é que tal razón existe, dubido ser quen de elucidala, e mesmo de que teña algunha utilidade coñecela. Aínda así, como dixo alguén, nisto como en case todo, vivimos rodeados polo misterio; o que permite que cada un fale da feira segundo lle vai nela.

Obradoiro Literario

Era un deses Seminarios de Alta Especialización en Creatividade que se imparten cada mes de Setembro na Fundación Norelecsa. O tema do encontro era, desta volta, definido sob o epígrafe: *A Construcción do Argumento na Novela Contemporánea*. Nesta ocasión contaba cunha figura estelar, un deses autores de culto cos que todos os directores de Seminarios soñan, Paulo Moazwyrzt, iconoclasta irreductible e imprevisible orador, un deses personaxes que tanto xogo dan nos medios de comunicación.

Unha repentina e sorpresiva viaxe do autor a Europa, aínda máis sorprendente por canto levaba case dúas décadas sen cruzar o Atlántico, permitira incluílo a última hora no programa como gran estrela mediática. Moazwyrzt, o mestre centroeuropeo exiliado no Brasil, fora varias veces proposto para o Premio Nobel, aínda que con moi dubidosas posibilidades de éxito; e contaba con lectores en todo o mundo. A fama do escritor proviña tanto da súa escrita, descarnada e insólita, canto da súa inaccesibilidade. Moazwyrzt non se prodigaba en ningunha clase de actos públicos, as súas fotografías non abundaban; aínda que contadas, as súas aparicións eran sonadas. Nesta ocasión, e contra prognóstico, a insistencia dos organizadores e un moi substancioso talón remataran por convencelo.

O mestre, non obstante, puxera condicións estrañas para vir. Algunhas, non así outras, fixéranse públicas: impartiría un obradoiro sobre o tema a porta fechada, sen ouvintes externos, para un número reducido de participantes, non máis de cinco, de entre os considerados escritores máis prometedores do país. Non debían rebasar os trinta anos, nen —insistiu neste detalle— ter máis de tres novelas publicadas.

Previendo reclamacións en cadea, ante as inevitables protestas, por agravio comparativo, entre os excluídos, Flavio Recaredo, responsable último dos Seminarios Norelecsa, tomou en persoa a decisión de nomear os privilexiados. Comezaría polos Premios Nacionais de Novela menores de trinta anos. Había dous: Mambo Gaiteiro e Xico Suanzes. Seguiría cos máis traducidos dos restantes, a igualdade de Premios no escalafón: Soraia Salgueiro e César Forner.

O quinto era un dilema: tras os catro magníficos seguía un compacto pelotón, con case unha ducia de menores de trinta que andaban parellos en premios e prebendas, que tampouco viñan sendo tantos, dado que os catro evanxelistas non deixaban moitas sobras. Decideu, despois de moito dubidar escoller só a Nazario Castro. Era o único Premio Norelecsa da serie B, e a imaxe de marca, Norelecsa, tamén contaba. Ademais Castro tiña fama de ser un tipo calado e pouco dado ás feiras, de formación científica, o que, considerou Flavio, lle daría un contrapunto de seriedade á extroversión dos integrantes da serie A.

Compadecendo o coitado do Paulo, que se ía meter nunha gaiola de leóns que lle abourarían a cabeza; e non menos os seleccionados, vistas todas as con-

dicións, que os elixidos, en parte, descoñecían, Recaredo ultimou os preparativos.

Chegado o día de autos, e despois de atender á prensa, Paulo, moi decidido, cunha determinación impropia dos seus anos, fechou as portas do Seminario, disposto en mesa redonda. Comezou de contado, sen deixarse facer moitos cumprimentos. Era un home outo, esguío, de coidada media barba canosa e ollos claros, vivos tras dos anteollos grosos.

—Bon día, dona e cabaleiros, ou á viceversa, como máis estimen. Procurarei ser preciso, e confesar, por tanto, a miña ignorancia. —Falaba cun doce acento brasileiro que non abundaba a disimular un tanto o seu forte carácter.

—Vostedes saben de seguro, moito máis do argumento na novela contemporánea ca min; pero eu cobre ben, e por tanto é de xustiza aprenderlles algo. Pouco que sexa. Non me interrompan aínda, fagan favor. ¿Acreditan que o ser humano é alma e corpo? ¿É a novela fondo e forma? Por non falar do amor e do sexo... Pois ben, eu tampouco, e vaia ao diabo coas súas categorías o Santo Tomás... Non nos serve xa tanta dicotomía. Mais é forzoso escribir sobre algo. Antes de escribir temos o problema de sobre que facelo...

150

O restrinxido auditorio escoitaba expectante, sen perder detalle. Un subalterno, de uniforme, silandeiro coma unha sombra, dispuña garrafiñas de auga mineral.

—¿Sobre que habemos de escribir, pois? —proseguiu o orador— ¿Cales serán os alicerces sobre os que erguer o noso precario edificio de palabras? ¿A vida vivida e gastada? ¿O inconfesábel, os sonhos? Nova dicotomía: vivido *versus* soñado... Vaiamos, logo, por partes. *La vie d'abord*, ¿non é? Collan un papel e escriban, de xeito anónimo, o máis importante que lle pasou a cada unha das súas mercedes na súa vida propia. Só o feito que escollan, non dean explicacións das razóns da súa elección. Teñen cinco minutos, e non é válida a consulta co compañeiro. Só unha condición: non se pode falar de libros nin de escritores nin cousa ningunha polo estilo. —Mentres falaba, o conserxe, a un sinal do director da sesión, completamente alleo ao contido do monólogo, repartía folios e sobres.

O tono do Paulo era imperativo. Ninguén foi quen de replicar cousa ningunha. Agacharon a cabeza en cadanseu folio e concentráronse.

—Veñan as notas embora -ordenou o mestre— Encartadas, fagan favor.

Apañou os cinco sobres e abriu o primeiro:

—“O desastre do *Prestige*” —leu en voz alta— Vaia merda, que mal comezamos. Confunden a literatura coa notoriedade.

—“O día da miña primeira comunión” —dicía o segundo— Polo menos é sincero, aínda que perdeu a perspectiva das cousas. Quen isto elixiu acredita na memoria en vez de acreditar nas evidencias.

—“O primeiro polvo que botei aos quince anos”. Ímonos achegando: foder é cousa de verdade importante, máis á súa idade, pero o primeiro polvo nunca é o mellor —os asistentes esbozaron tímidos sorrisos—. Xa vexo polas súas facianas, que foden pouco: os computadores e a fama sorbéronlles os miolos, e as secrecións.

—“Cando aprendín a tocar o baixo eléctrico” —era o terceiro papel—. Desbotando a simboloxía fálica está muito ben. As notas baixas son o esquelete da música, tal como o argumento o alicerce da novela, ¿non concordan?

—Ten moita razón, mestre... —asentiu, en nome de todos o Mambo, que era o máis espelido, por algo *number one*.

—¡Bandada de lambecús sen remedio! Xa vexo porque este país está onde anda —bradou o Paulo, interrompindo—. Como poden asentir, e tomar por dogma de fe unha parvada que se me acaba de ocorrer neste instante... ¿Onde está a súa furiosa e radical individualidade? Temo que non serei quen de sacar nada das súas mentes petrificadas. Imos ver o último.

—“A morte do meu pai” —Paulo semellou aliviarse un tanto—. Algún de vostedes pensa un tanto, parece mentira. ¿Saben porque os pedín novos e notorios? Porque a medida da presunción dun país é a medida mesma da súa incompetencia. Poden estar contentos: poucos países, dos que eu estiven, lles gañan. Pero non sufran; poden chegar moi alto, precisamente por isto. O mundo é feito á súa medida: calquera oligofrénico pode chegar a presidente de América, ¿non é? —Agora o mestre parecía de mal humor.

—Nunca deberían escribir sobre a súa vida, a de cada un. Non só porque nas súas vidas, como nas de case todos os escritores, non hai nada extraordinario, senón porque cando perden o pudor da intimidade, perden a mesma substancia que os fai únicos, mudan en meros obxectos de venda. Claro que isto non lles preocupa, ¿que outra cousa queren ser senón?

—¿E a arte coma catarse, mestre? ¿E Primo Levi, e Semprúm, e...?
—interveu, sorprendentemente, Xico Suances, alias *boca frouxa*.

—Iso non é arte, *marketing* editorial a penas. Cando un non ten imaxinación recorre á memoria —respostou Paulo, fulminándoo coa mirada—. Aposto que o primeiro sobre que abrín sería o seu.

—Pero vostede mesmo é un fuxido do estalinismo... —porfiou aínda Xico, dubitativo.

—¡Manda de pailáns! Nen sequera saben ler os xornais entre liñas. Fun para a América porque pasaba fame —sentenciou Paulo, facendo unha pausa na que xa ninguén foi quen de abrir a boca. Seguiu un incómodo silencio.

O uxier seguía a mudar as garrafiñas de auga, e repartía novamente sobres, antes de retornar ao seu papel de gardián xordo e mudo, cabo da porta.

—¿Saben por qué viñen a Europa, após de tantos anos?... Pois ben, non llelo vou dicir, a menos que o adiviñen. Deixarémolo para a fin do seminario; *checking-out*, como din os gringos.

Paulo fixo un novelo cos papeis e guindounos ao cesto do lixo.

—Orabén: collan outro papel e poñan nel o seu desexo máis agachado, aquilo que máis anseian ou cobizan, outra vez anónimo e demais—. Todos voltaron meditar con avideza, como se lles fose a vida en facelo.

—O.K. Xa abonda —desta vez Moazwyrzt reclamou os papeis con máis apremio. Algúns nin sequera tiveron tempo de introducilos no sobre. Despregounos case con furia.

—“Ser un escritor como vostede” —dició o primeiro.

Paulo púxose fóra de si— ¿Pero que merda cren que son eu? ¿Mellor do que calquera? *Mea culpa*, esquencín prohibirilles desexos literarios. Agora xa non ten remedio. Supoño que todos serán semellantes... —salaíou e calou un instante, repentinamente meditativo.

—¿Sabem que dixo a este respecto Heráclito. Non o filósofo grego, senón o Heráclito Riveiro, o grande, e supoño descoñecido nestes lares, poeta carioca?

Paulo recitou:

Non é aínda a extrema, a ben despiadada/ dureza da vida, os males, a morte/ antes a atonía, o fastío, a fome/ de outros horizontes, a falla de ceios/ de azuis máis limpos/ o dar sempre a rego por sendas tripadas/ repetidas, murchas, de innumeros pasos/ teste e epitafio.

Daquela calou, emotivo se cadra. Todos agardaban, prendidos nel os ollos.

—Prosigamos, logo, o que teña que ser que sexa. E así será, sen remedio, cairá sempre a tosta do lado da manteiga.

153

—“Chegar a escribir tan ben como quero”. Sen comentarios: escribir ben é fácil, é outra coisa que é difícil, Cortazar *dixit*, ¿Que carallo len vostedes?

—“Facer a novela coa que soño”, era visto. E así, *ad nauseam*.

—“Ter tempo para escribir”, como se a escrita estivese feita de tempo e non de palabras, ¿para que tempo se faltan as *condictio sine qua non*? —Apurou un grollo de auga, que foi rapidamente substituída polo uxier.

—Resta unha nova decepción, ¿ou non? —Moazwyrzt abanaba na mao, nervoso, o último papel.

—Citarei a Parménides, Parménides Regina, o da Bahía:

Mas nos peores calexóns/ entre miseria e lixo/ mergullado no ludre/ habitará o milagre.

—Non acrediten: o Parménides era un vello alcohólico que morreu estripado nunha favela. En fin, obviemos tamén o suspense:

—“Bañarme nunha piscina olímpica chea de esperma” ¡Eureka! Unha inesperada pérola preciosa estaba a agradarnos no meio da lama. Orabén: ¿por qué todos están a mirar furtivamente para a señorita Soraia? —a citada enrubicía— ¿Están certos de que é ela a dona deste soño? ¿Só porque se cadra, e desculpen a miña ignorancia, ela ten publicado algo semellante nalgunha das súas obras? Sinto decepcionalos: vostedes catro, ben, só tres en realidade, terán que buscar mellor escusa para achegala no *after hours* da velada de hoxe; e desculpen tamén a franqueza, e aínda o vocabulario. Non foi ela, non, a autora desta confesión, que eu mesmo subscribiría sen reparo.

As miradas, entre púdicas e cómplices, dos autores, sucedíanse nun incómodo silencio, que semellaba interminábel. A desorientación colectiva era patente. O sempre oportuno Mambo semellaba estar cambiando o *chíp* antes de contraatacar con algunha das súas proverbiais ocorrencias, e o ácido Xico Suanzes regañaba os dentes. Só o plúmbeo Castro foi quen de erguer a mao pedindo licenza para intervir.

—¡Fale! —ordenou Paulo.

154

—¿Como sabe que non foi ela? —Soraia Salgueiro era daquela a segunda en erguer a mao, e outros xa a seguían.

—Baixen as maos, estou na baza. Elemental, meu colega. Unha muller, calquera muller, escribiría así: *bañarme nun estanque cheo de esperma*. Un estanque, non unha piscina olímpica, repare na diferenza. A diferenza é grande: son os machos territoriais os que miden o tamaño das súas pertenzas, antes que a calidade esencial do seu contido. Advertiron, certo, que o sintagma *Piscina olímpica chea de esperma*, pon o énfase no primeiro compoñente semántico, o continente, mentres que en *estanque de esperma*, é esperma o substantivo da proposta.

—Nada que obxectar, por tanto. Recapitulemos, que o tempo pasa sen sentir —fixo un aceno ao empregado quen repartiu o resto dos sobres e guindou á papeleira os usados.

—Na primeira proposta só houbo unha resposta correcta, aínda que algunhas se achegaron un tanto. Erraron todos na segunda, agás a última proposta... Isto vai sendo un monólogo excesivo, poden intervir, se fan favor.

—A última proposta é un anseio vital, as outras literarios apenas —remachou Mambo, que xa lle tardaba, feliz por meter baza.

—Alumno aventaxado, é evidente, ¿e vostede? —interrogou a Soraia— Antes quixo falar.

—Paulo, se me permite usar o seu nome —doce gatiña ás xaneiras— Vostede coñece ben ás mulleres.

—Querida, o meu nome nos seus labres é música. Non puido senón concordar, aínda que non a coñezo ben a vostede, non tanto como quixera. Todo se andará, se cadra —Ollou daquela para o silencioso César Forner—. Vostede non dixo cousa en toda a mañá: ¿pensa que andamos a facer o parvo?

—Mestre, non. Só é que estou abraiado.

—O asombro ante os mundos que se abren, inesperados, está moi ben; sempre que non confundamos a prudencia coa impotencia, xa que andamos. Agardo que non sexa o seu caso —desta vez foi o César quen enrubeceu.

155

—¿Ben, por onde estabamos? Hai nesta aula un vinte por cento de discen-tes, ou sexa un, ou unha de vostedes, un inciso: reparen que o da piscina olímpica puido ser posto adrede para ironizar sobre o machismo, que pode ser quen de construír argumentos interesantes. Agora imos confirmalo definitivamente, ou desbotalo. ¿Teñen papel, verdade?

—Contesten só a esta pregunta, e remataremos: ¿Por qué voltei a Europa tras dúas décadas, precisamente agora? —Moazwyrzt bebeu un longo grollo de auga, e sentou finalmente. Aparentaba fatiga. O conserxe, sempre atento e discreto, acomodoulle a cadeira.

—*Andiamo presto*, desta vez deben escribir rápidos como lóstregos. O escritor debe ser tamén como a frecha certaíra, fiar a súa eficacia na rapidez do tiro. — Foi o uxier quen recolleu os papeliños.

—Gracias, vexamos.

—“Porque ten unha doenza grave, e pegou na nostalxia”, dicía o primeiro.

—Pode ser certo, e mais non explica a razón do retorno. Á miña idade, ¿quen non ten unha doenza grave? Mais a nostalxia é mellor na lonxanía e non na decepción do reencontro, son moi novos para decatarse.

—“Asaltoulle o desexo de reencontrar as paisaxes da infancia”

—As paisaxes da miña infancia non existen, nin as das súas. Se cadra escribimos por iso, para reconstruílas, ¿non é? Dous a cero.

—“Voltou por unha muller, ou por un amigo”.

—¿Que máis quixera? Aínda que fose por un fillo, ou neto. Pero non, e síntoo. Van tres fóra do albo.

—“Algo na súa vida mudou de súpeto, e fíxoo vir”.

—Absurdo —bradou Paulo—. Ou peor aínda: estará camuflado nesta sala algún adicto, ou adicta, a eses noxentos manuais de auto-axuda-pseudo-psicolóxica. Non digo máis, estamos, outra volta, no catro-cero fatídico. ¿Será quen o quinto elemento de voltarnos a fe na intelixencia humana?

156

O último papel poñía:

—“Voltou para confirmar que a literatura europea segue a ser tan inxenua como hai vinte anos”.

—¡Bingo! E final de traxecto. Só unha pequena precisión: debeu concretar *os escritores*, ou sexa vostedes, e non a literatura. Nunca a actividade é tan pésimma coma os seus menos afortunados practicantes, e non se me ofendan.

—Vostedes desculparán, o Seminario rematou —Paulo era imperativo—. Xa teñen todas as pezas dun magnífico argumento nas súas maos. Se é que son quen de velo. Lembren: que as árbores non lles impidan ver o deserto. Agora ben, se gostan dun *whiskey* embora, *single malt*, *vintage blend*, veñan tras de min. Eu convido.

Todos apañaron con precipitación as cousas e saíron tras del, a Soraia antes ca ninguén. Perdéronse corredor adiante. Ficou só o conserxe, recollendo as

mesas e apagando as luces, e Nazario Castro, que non semellaba ter ningunha présa.

—Señor Moazwyrzt, ¿permitírame un pequeno aparte con vostede?
—demandou ao uxier.

O aludido non parecía sorprendido.

—É de xustiza, xa que foi o único en recoñecerme, ¿cómo fixo?

—Foi doado, antes de vir mirei as súas fotografías de hai décadas, as que aparecen nas primeiras edicións de *Os socalcos de Brno* e *Sotárrego espido*, cando aínda asinaba como Pavlov Moazwyrzt. Maxinei que quen retorna á volta de vinte anos debe conservar a mirada, cando menos. Os seus ollos, nas fotos vellas, son escuros. O resto foi evidente: vostede estaba, mais non onde se supuña...

—Obvio, mais só vostede foi quen de velo. Os outros, na verza. E iso que o deixou ben claro na última resposta. Nin por esas.

157

E engadiu:

—Pensaba que todas as edicións que cita desapareceran.

—Fíxérono, mais din con elas por acaso. Nun rastro da rúa, cando viaxei ao Leste hai anos.

—Fetichista dos libros, logo. Mercou libros que non podía nin ler, vaia merda. Os fetichistas son a maldición de todos os praceres. Supoño que agora terei que aturalo toda a noite. Imos logo, cunha condición...

—Xa sei –interrumpeu Castro—. Non falaremos de libros nin de literatura. Podemos ir a unha pulpería, ou a un bordel...

—Exacto, vexo que nos entendemos.

—Só unha última cousa, ¿quen é que fixo de vostede? ¿Un actor?

—O Quim Fernandes. Un cómico de segunda, xubilado. Apaño na rúa. Eu fixen o guión, especial para o caso. Ele nunca leu nada en toda a súa vida. Nin un xornal desportivo sequera. Supoño que os seus colegas tampouco. Ou se leron, non asimilaron. Teñen un brillante futuro como autores de *best-sellers*.

—O Quim non se lle asemella.

—¿Para que? Non fai falla. Cadaquén só olla o que quer ver, só escoita o que quer ouvir. Seus colegas non viñan aprender nada, a penas a un espectáculo para poñer nas memorias e nas citas. Coñecín a Paulo Moazwyrzt, o último bohemio na súa última viaxe, e continúan longos etcéteras.

—Tén razón, ¿lembra aquela cita de Sábato en *O escritor e os seus fantasmas*? A profesión de escritor ten a súa parte desagradable, que é a de ter que reunirse, en varias ocasións ao ano, con escritores, críticos e outros entes análogos, quen lle fan perder a un a fe no ser humano. Non sei se estes eran os términos exactos.

158

—Eran, eran, abofé. Atinou vostede. Concordo —replicou Paulo tirando o gabán e fechando a porta tras deles—. Só lle falta o final: afortunadamente, un pode aínda saír a rúa, logo de algunha destas xuntanzas, e volver a mesturarse coa xente do común, para recobrar algunha esperanza no futuro da humanidade.

Luísa Villalta

LUÍSA VILLALTA (A Coruña, 1957). Licenciada en Filoxías Galego-portuguesa e Hispánica. Ten no seu haber tamén o Título Superior de Violino. Da súa obra poética forman parte títulos como *Música Reservada* (1991), *Ruído* (1995) e *Rota ao interior do ollo* (1995). No eido da narrativa é autora do volume de relatos *Silencio, ensaiamos* (1991), e das novelas *Teoría de xogos* (1997) e *As Chaves do Tempo* (2001). Ademais ten publicado os ensaios *O don Hamlet de Cunqueiro: unha ecuación teatral* (1992) e *O outro lado da música, a poesía* (1999). No eido do teatro é autora de *Concerto para un home só* (1989), *O representante* (1990), *O paseo das esfinxes* (1991), *As certezas de Ofelia* (1999) e *Os doces anos da guerra* (2002). Participou en libros colectivos como *Mulher a fazer vento* (1998), *Mini-relatos* (1999), *Narradoras* (2000), *Longa lingua* (2002), *Materia prima* (2002), *Narradio* (2003), *Alma de Beiramar* (2003), *Negra Sombra* (2003) e *Escrita e mulleres* (2003). Encargouse tamén das traducións ao galego de *Manifesto por un novo teatro*, de Pasolini (1989) e *A Mandrágora*, de Maquiavelo (1998, en colaboración con Francisco Pillado). Colabora habitualmente con artigos e ensaios en publicacións periódicas como *A Nosa Terra*, *A Trabe de Ouro*, *Grial*, *CasaHamlet*, *A Festa da Palabra Silenciada*, *Tempos Novos*, *Página Abierta*, *Mundo Lusófono*, *Enclave*, *Galicien Magazin*, *Jornal de Letras, Artes e Ideias*, "Revista das Letras" de *O Correo Galego* ou *La Voz de Galicia*. A súa obra pode atoparse en páxinas web como a revista literaria *Orpheu* (nº 4), www.orpheu.com; O Ximnasio de Academo www.ctv.es/USERS/mforca/home.htm; Consello da Cultura Galega www.culturagalega.org; Biblioteca Virtual Galega, www.bvg.udc.es; *Seixo Review* www3.telus.net/eduardo-b-pinto/seixoreview.index.html; e *O Pica-folla* www.teleline.terra.es/personal/galizarm

159

Poética da concreción

Baixei os sonidos ao silencio da necesidade e púxenme a escoitar.

Quixen traer a poesía ao chan e edificar a memoria de promisión de que falan os soñadores corazóns que me rodean na Historia.

Procurei a concreción.

Eu pensaba que a poesía desafiaba o tempo. O grande fiasco alimentou a miña esperanza cando souben que só o tempo é capaz de desafiar o tempo con apenas mostrar a cara interna da luva, a pel das mans con que escribo.

A poesía é unha patria estraña que me exila e me retén a un tempo.

A patria, un proxecto sinfónico que se empeña na disonancia sen buscala.
A narrativa da vida móstrase intransixente coa hora lírico-líquida que me dilata na luz. Pero eu fico á xanela estibando os sonidos do meu respirar, para que o capítulo seguinte, co seu prego de cargas, se entreteña contando absurdamente as sílabas dun verso e ao escuso me deixe esperar por min aínda, o meu repetido regreso coa botella da mente enchida de mundo.
Confío na intelixencia porque asigna función a cada elemento da imaxe. Só me encho de imaxes nadas para comprender: intelimaxes.
Un día saín do meu violino, lembro, e enxordecín a escala da corda por lle facer nós de palabras que me permitisen baixar aos camiños, como unha dama aristocrática empobrecida pola necesidade de coñecer. Non sei cal das dúas condicións, a aristocracia ou a pobreza, me levou aos vieiros da resistencia, onde perdín unha guerra que xa fora perdida. Así arrasto as miñas feridas transhumanas polas trincheiras inútiles da cotidianidade.
Convertín a ideoloxía en sensación e xa pertenzo a esa clase de seres transparentes através dos cales se ve sempre outra cousa, inversa e irreversible.
Extenuiei o plural. Agora sintetízoo e desaparezo na primeira persoa singular a que me reduce a miña condición humana.
E tamén recorto a desmemoria desta idade media burguesa que me separa do coñecemento e intenta dirixirme á trapela do bon gosto.
Mais aínda formo parte e renazo dividida en cada esquina da Cidade, entanto ao final de cada rúa cega, aínda rúa, consiga a visión, desfechar a camisa do muro nun acto de amor procreado.
Quixen matar a morte provisional, moito máis letal que a definitiva.
Quixen, quero, transcreber o que vibra en min, o que escoito. O que é.

en concreto

“Madame Cologne de Form I Gas tamén é algo delicada: danlle formigas cada vez que comeza a pensar en formigas. De xeito que evita pensar nelas sempre que pode.

HOFSTADTER, *an Eternal Golden Braid*

HABITAR

Nacín

Abriuse o caborco globular do meu ollo
O vento dispersou o día un instante e caín
xunto a toda a miña xerazón no trínque da idade
como se nunca antes aínda que sempre

Toda a miña xerazón, abano de cristal
cansada coma min no cansazo do pai cego
no cansazo do avó en silencio
e da nai rota de recoser as coplas aprendidas na saia da avoa

Os ollos de todos nós povoaron o noso rosto en farna
Envisos como froita encetada
decidimos probar o licor sobardante da felicidade posíbel
gritándonos celestiais hinos de terra
por un caos glorioso en coro de arcanxos ceibados

O día, un instante, arrexuntounos a luz de todas as débedas:
desde a Fusquenlla tornasolada até a piedade da Rosa mártir
que líamos pois nos libros de pronto (de sempre) revelados

Dixeron que si, que era o momento
as cabezas rodantes que temos por corazóns
emburulladas na brétema da Porta Nigra en Mondoñedo

Soubemos que non sabíamos, mais un empurro
retido de moito tempo e moita exactitude (sempre)
ferveunos no paso e nas palabras abertas

En cravos vermellos rebentounos o beizo adolescente
Fomos criados, talvez raptados, por unha luz estraña
que nos fixo fuxir deixando a raíz (sempre aquí)

Ao despedirnos definitivamente do berce
nais e pais entregáronnos
caída sobre os ollos do medo
a coroa sen reino
que algúns andan a vender por ouro rancio ás agachadas

Mais non a morte
O brado
espera por nós baixo o silencio
xunto á palabra dormida que aínda (sempre aínda)
florece inocente e senlleira
no caborco da vida

ESPELLO

I'll not be your mirror
(Baudrillard)

Na maquillaxe esvaída do ceu aparece de cando en vez o rosto
[desexado
da Cidade
erma de si mesma aínda
na radiante esperanza de que o mar a devolva
con todos os moradores derrotados pola tradición
á superficie de nós

162

Quería non verte para que me mirases desaprendéndote
continuamente en ti que tan ben sabes olvidar os que te somos:
Mira e non mires máis, mirémonos por unha vez
escólleme
escolle como te odio

Lembro as tardes para aniquilar en que tranquilamente te
vestías ante o espello
aleccionándome como unha nai experta na perfección
mentres eu ría do sabor amargo da cascarilla e esperaba impaciente
que virases as costas para poder imitarte e destruírte metodicamente

Entón o tempo acelerábase detrás de ti sen que te deses conta
Aínda ben me culpabas a min de soprar o vento que te preocupaba
mais sempre foi o teu propio valeiro descompoñéndoche a saia
e deixándoches ao ar as pernas aldeás do teu disimulo

Ou eras serea vendendo nas patelas do peixe
a descamación do orgullo
que compraban ao pasar os transeúntes

gorecidos nas cincentas gabardinas cívicas
aparentando pagar un prezo moi superior a si mesmos
Mais todo aquel mar xa pasou deixando un inútil ronsel de desprezo
nos rostos clonados da xerfa que agora se extingue
Mírame, mírate, mírame en ti
e escólleme para soñarte

Poñeremos espellos no Faro para anunciar unha sublevación
e que as naves do futuro contemplan tal multitude que somos
que non podan dar cabida ao tempo sen pedirnos permiso

Designarémonos todos comandantes dun navío estraño
ancorado na ensoñación dun mar fúlxido que nos reflicta
incesantemente en interminábeis mareas sen afogados

Desprenderemos dos ventos a historia inventada do noso regreso
do que nunca partimos dabondo como para ignorar
e de como acendimos estrelas no máis fondo das nosas pegadas
para abriremos camiños ao mundo e poder regresar

Mírate, mírame, mírate en min
e escóllete
escolle como te amo

163

Cando cada letra do meu violino escriba o teu nome
e os sonidos siderais baixen por min a cantarte
comezarás a existir
novamente
coa inocencia cruel dos nenos azuis que amordazan o ar
na destilación dos séculos
para calmar a putrefacción dos nosos corazóns malgastados

TORRE

RETO

Como se pode ver
sempre
é desandado
o camiño

En verdade
nos pés
o áspero tacto das palabras
que me fai seguir
Onde comeza o problema
para observar
o poema
no difícil ascenso
Fago unha parada
na illa de estaño
para poñer os pés
sen lugar
Camiñando cara ao alto

MOVIDA

164

Baila a cortina na meniña do ollo movida polo vento
Os corpos valéiranse dos seus vestidos e desaparecen radiantes na noite
[irada
A Cidade corre a consultar os seus mortos e regresa con unha moratoria
que a xente sai a celebrar gritando en brazos e sabores con ocasión do
[baile
para pedir auxilio ao leviatán do Faro gozosamente insomne
ollo supremo protector da anguriada alegría
Ven o vento e baila dentro das casas ausentes nas que repousa o día
As rúas énchense de espazos arrasados polas saias de pernas extremas
gravatas erectas e ollos acendidos polas lupas do alcohol
mentres nas copas persiste aínda a baba das palabras pegadas ao padal
Que dirá a cortina inmóvil esta noite cando fechemos o vidro
e fiquemos soñando o fume todo dos cigarros repatriados?
Ao rebentar a luz da mañá
abrirán as casas o outro ollo:
A Cidade somente precisa
a metade de nós

FORÁNEOS

Non se ten falta de mirarlles fixamente as mans dos ollos
para saber con canta negación nas veas da nostalxia
veñen os negros, si, e as almas bereberes
e a estrañeza inintelixíbel dos papeis ilimitados
e a coreana vixiada a causa do seu nome de campá
e o senegalés que corre tras dun autobús indómito
coa caixa aberta perdendo os abalorios do corazón
e a colombiana e a cubana e a brasileira
que se tratan de irmás por contraseña
para non perderen a noite salvación
coas bocas tan torcidas de non poder tragar nen ser tragados
con esas escasas palabras lascadas no pedernal da lingua

Ninguén son eu tan no meu sitio

A torre de babel medra por abaixo e para adentro
baixo a tona do mar e os esgotos da terra
estendida nos circuítos do gas
nas rotas dos diamantes
nas moedas veloces e invisíbeis
no libre cabalgar das petrolíferas
através do calado poder por sobre a terra dominada

165

E ninguén son eu aquí tan no meu sitio

EMBOTELLAMENTO

Desde as esquinas do tempo fomos chegando
a unha cita na que non logramos recoñecernos
Os rostos detrás das vidrazas dos coches
fican retratados neste instante tan parecido á eternidade
informal da cadea perpetua
Aquí somos todos inocentes de pronto
de pronto vítimas dunha confusión exclusiva
cando se enguedellan as rotas que non podemos percorrer
e os minutos veñen morrer descontra o parabrisas parado
Os horizontes dispersos da Cidade cobran por azar
a dimensión real na que non caben os nosos corazóns
Xorde entón a maldición unánime contra o muro
que levantamos cada día para defender o temor e a vergoña

Espertan tamén os pequenos deuses vadíos
que ás veces se nos sentan nos zapatos a mirar
o pouco que pesan as nosas conviccións
Algo como unha gargallada a ponto de estourar
parece que se achega a desfacer o equívoco
e non sabemos se o movemento se produce
ou é só un pouco de vento derretido na inercia
Marchamos, por fin marchamos
coa cabeza baixa
a procurar o obstáculo previsto
da nosa propia detención

POEMA DA CIDADE ALTA

O meu nome é o da Cidade Alta
nacido onde a luz e o mar se están orixinando
mutuamente
nacín enfrente de min mesma
cando a Pescadería era un leito de sereas
e a serpe demorada na voz dos meus avós
vento dos ventos

Veño de aquí
unha historia de palabras
nas casas da cabeza e nos chanzos do corazón
palabras que son xente a murmurar de lonxe
desde Santa Lucía
épicas antigas de bailes no Gurugú
insultos pelexas e disparos
e percorren no meu sangue o Camiño Novo
para coller un barco que se marcha
como se xa nunca tivesen existido
e sen embargo dou fe, que son verdade
e van a Santa Margarida de merenda
onde unha vez alguén de noso se enforcara
alguén de quen só coñezo aquela rama
partida pola ausencia
non podendo tolerar o día e o cambiante
do vento, sempre, outra vez o vento

a picar na pel fría do verán canicular
o mozo vento grande que trae cartas de América
e tamén o pequeno que rechea os valeiros do tempo

Érgome dragón todos os meus corpos posíbeis e brutais
para gardar a esencia
esa que me dixeron construtores campesiños
un a un e cada un polo seu lado
sen que o ruído se puxese de acordo debaixo das
[formigoneiras
nen o silencio dos ríos subterráneos se fixese posíbel
Arrímome a elas, lavandeiras de Monelos
na luz agora das altas aulas do milenio
para deixalas preñadas dunha pequena memoria como o mar

E ao saír deixo comigo a porta aberta
escadas arriba Porta de Ares escadas abaixo Porta Real
e levo a chave enferruxada do salgado das ondas
onde fluctua no horizonte o meu país reflectido
a prostituta sagrada
que desabrocha o corsé das gargalladas de ouro
e finxe que sabe finxir
mentres os taxis na noite se cruzan contraseñas
as rúas se volven anónimas entre os escaparates
e as xentes xogamos coas últimas moedas
de sexo lixeiro e cansado entre os dedos

167

Forza, para que? se viver é tan doce
como a area do Orzán e deixar ir o sol polo monte San Pedro
Pero remar nas pegadas dos outros, uliscarnos no avance dos povos
repartir o dosel das tormentas gritándonos os nosos nomes de abaixo?

Coñecín ventos suaves que nunca máis se daban detido
Outra vez, sempre o vento dos ventos
rodeando este punto no mundo:
Cabeza, Garda, Chave, Forza e Antemural do reino renacido.

ESTUDOS

Anxo González Fernández

Pirandello na obra de Cunqueiro 5-20

*Xulio Pardo de Neyra*Benito Vicetto na lírica galega do *rexurdimento* 21-43*Carlos Pérez Varela*

Richard de Fournival e Fernan Rodriguez:

orguel ou *sobervia* 45-59*Íñigo Sánchez Llama*

Notas sobre a formación da “Alta Cultura”

isabelina (1843-1868) no seu contexto socio-literario. 169

A propósito de *Escritoras virtuosas: narradoras de la**domesticidad en la España isabelina*, de Alda Blanco 61-74*Manuel F. Vieites*

Nikita Baliev, Daniel R. Castelao e o teatro de

cabaré europeo. Apropriación e transferencia

de modelos teatrais..... 75-108

NOTAS

María Luis Gamallo

Sobre a diglosia na narrativa actual 109-121

*Jüri Talvet*O *Kalevipoeg*, unha grande epopea europea.

No bicentenario do nacemento de

Friedrich Reinhold Kreutzwald, autor do

Kalevipoeg e fundador da literatura estonia 123-130

DOCUMENTOS

Xosé Luís Axeitos

Dos arquivos de Dieste:

Xermán Rañó, un emigrante no exilio 131-138

María Xesús Nogueira

Un rondeau privado de Álvaro Cunqueiro 139-145

*Euloxio R. Ruibal*Unha conferencia inédita de Emilia Pardo Bazán sobre
os problemas de Galicia..... 147-166*Afonso Vázquez-Monxardín Fernández*A tradución galega de *A familia de Pascual Duarte* 167-220

LIBROS

*André Lefevere*Translation, Rewriting and the Manipulation of
Literary Fame*(María Yolanda López López)* 221-225*Nicolás Maquiavelo*

O Príncipe

(Fausto Díaz Padilla) 226-230*Michaël Oustinoff*Bilinguisme d'écriture et auto-traduction (Julien Green,
Samuel Beckett, Vladimir Nabokov)*(Xosé Manuel Dasilva)* 230-235

CREACIÓN

Ramón Caride 237-248*Luísa Villalta* 249-257

BOLETÍN GALEGO DE LITERATURA

Nº 30, 2º semestre, 2003

ISSN 0214-9117



Servicio de Publicacións
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
2004

NÚMERO 30 / NOVIEMBRE 2003

171

José Manuel Bonzas

María do Cebreiro

MARÍA DO CEBREIRO RÁBADE VILLAR (Santiago, 1976) é escritora e investigadora no ámbito da Teoría da Literatura e Literatura Comparada. É autora dos libros de poemas *O estadio do espello* (1998) e (*Nós, as inadaptadas*) (2002), accésit do Premio Esquíu. Publicou tamén, en edición dixital, o poema longo *Pérfida Erin* (2001) e a serie poética *Atlas* (2003). Co poemario *Non queres que o poema te coñeza* (2004) recibiu o Premio Caixanova, convocado polo Pen Clube de Galiza. Coordinou as antoloxías *A poesía é o gran milagre do mundo* (2001) e *Damas Negras* (2002).

Da escrita como traizón. Autopoética

Sempre tiven unha relación conflitiva coa escrita. A palabra, cando menos para este lugar e para este tempo, nunca me pareceu a casa do ser, senón máis ben un piso de estudante. Os sofás, se os houbese, non poderían ser cómodos. O metacrilato ofende a vista. Hai que procurar a beleza no encadre, no ángulo de visión.

173

Tamén debo dicir que estudiei en Santiago e que como os meus pais traballaban aquí, nunca vivín nun piso de aluguer. Admiraba, de lonxe, todos os que frecuentaba. Tomaba notas. Aí naceu a poeta: da observación dun mundo apertecido e tamén imposible para min.

A culpa é o gran tema da novela moderna. Non dende a perspectiva moral, a non ser que tomemos a ética, como o fixera Brecht, nun sentido interrogativo. A culpa como materia dunha busca, e sobre todo como unha frecha que sinala cara a unha dualidade na conciencia. Dunha banda, o que fixemos. Doutra banda, o que tiñamos que ter feito.

A poesía moderna tamén nace de aí. Non tanto da culpa, quizais, coma da traizón. Rompo o silencio. Atrévome a dicir o que non debería. E nese atrevemento non só nos traizoamos a nós mesmos, aos que en nós confiaron ou á páxina en branco. Ás veces, ao escribir, somos conscientes de estar traizoando a lingua, o pasado, a nación. Seamus Heaney e Derek Walcott, os poetas aos

que agora mesmo leo con máis vagar, extraen toda a potencia da súa voz desta incomodidade. Non falan da imposibilidade de elixir, porque, despois de todo, falan. Pero falan *dende* esa mesma imposibilidade, no punto de xuntura, ou de separación, entre os dous camiños que se abren ante eles.

Cada vez estou máis certa de que a poesía non ten nada que ver cos bailes de disfraces. A non ser que pensemos, e así é, que a máscara nos retrata máis que o rostro. Moléstanme as imposturas, sobre todo as que nun tempo practiquei. E tamén as acepto de bo grao: vexo na resistencia unha vía para a aprendizaxe. Aí onde algo manque ou incomode, asomareime a ver. E engado, a modo de exemplo: rexeitando nos demais, como sempre o fixen, o ruralismo, a miña verdadeira obriga é averiguar canto hai en min de poeta ruralista. Non descarto, de agora en diante, escribir sobre a paisaxe.

Gustaríame ser incendiaria, pero a maioría das veces váiseme toda a forza pola boca. Tamén me gustaría non ter demasiado clara a diferenza entre unha autopoética e un manifesto para poder dicir, sen faltarlle á verdade, que isto era un manifesto.

174

E QUIXENVOIS TAN TRISTEMENTE A TODOS

O MÚSICO

—Vostede dixo unha vez que se nun accidente aéreo tivese que decidir entre salvar a unha persoa ou a un instrumento musical moi valioso, optaría polo instrumento.

—Si, e ratíficome. Teño un instrumento de 1557, o baixo máis fermoso que existe, antes do cello. Desde o punto de vista biolóxico, paréceme moito máis valioso un instrumento coma este que un ser humano. Porque son un home crente. En principio dá igual que unha persoa morra ou non. Pero un instrumento pérdese para sempre.

O CORCOVADO

Pois toda a súa beleza está no lombo,
da banda que non ve,
no que molesta.

De você amei o curvo.

O TATEXTO

baixo esa voz, *difuso*:

“O vago non é a teoría, senón o obxecto que estudia. Doutro modo, sería como explicar tateando unha teoría sobre as causas da tartamudez”¹.

Por iso a túa lingua se detén
na derradeira
síla-
ba.

175

O CEGO

Levo ferros na boca, ten coidado.
Así me dixo un día o labirinto.
Pero non vin guindastres.

Non era unha cidade, ese lugar
senón unha necrópole
cando a crucei contigo.

Abre os ollos, pedín,
non me importan sen luz.

“Sólo quien consiga salir será dichoso.
Sólo quien es dichoso conseguirá salir”

¹ Alfredo Deaño, “La lógica formal hoy”, *Revista de Occidente*, 3ª época, maio de 1976, páxina 93.

Farase pó este día nas xuntas dos teus dedos.
cal viva, no meu corpo.

“Never run away from a kiss”
berrou aquel rapaz
como se tamén foses
estranxeiro.

Prometín que ao caer a tarde ou o vestido
o meu branco sería a túa parede
para que sobre min perdan o tempo
as artes do arrabaldo.

O teu acento aboia sobre as miñas palabras
para dicir que non. “Non te quero”,
repite: “non te quero”.

Logo chegou o cego, a ti non che importou
levalo pola man. Buscaba a nosa ponte,
esa que cruzaremos contradecendo o río.

176

Eu só quixen caber no mapa dos teus pasos.

Cando sentiu o tacto da súa pel
o cego besbellou “isto era o que buscaba”.

Din que nalgúns papiros todo desaparece
cuando o papel se envolve
ou se desprega.

Un xardín adosado ás túas meixelas
e unha hamaca no centro.
Iso pedinllo a Deus, que deu a volta.

Deille ao cego a túa man.

Deitada, desde a hamaca
verei pasar a túa alma.

O ESCRITOR

Arte e necesidade. Banzo número trece.

O que nos leva á forza
e nos pendura ao ceo.

O paso que non damos:
noventa e nove *stars*
caerán esta noite *on the*
mísera mísera alabama.

Ela é a súa biografía:

Era un home relambido, pedante e revello. Ao comezo pensei que era un pouco fachendoso porque procuraba o seu rostro en tódolos espellos. Pero logo foime parecendo cada vez máis riquiño.

E así dixo despois sobre a súa obra mestra:

Escribiuna cinco veces. Cuando a rematou díxome que lle parecía unha merda e botouna ao lume. Boa cousa foi que os pregos de papel amoreados arden mal, e tiven tempo de sacalos, porque non fixera copia e teríase perdido para sempre.

177

En conclusión:

Tralo abandono vimos un puñal
atravesar o cadro
con moita lentitude.

Entre o corpo e a sombra
quedou un trazo firme:
(o seu resentemento).

P. S:

Estou namorado de outra muller, namorei como un parvo. Entre o amor e a gloria, eu elexín a gloria e trabuqueime. Agora que me quedan poucos anos de vida, farei o que me peta.

O TRISTE

Na quinta das estatuas todas eran tolleitas:
menos tristes ca ti, sen ombro de chorar.

Tamén eu son así, por dentro das túas bágoas.

El era un peixe vermello e a súa sombra. Ela limitaba ao norte cun valo e
ao sur cun cantil. El non a espiu coa ollada, senón coa présa. Ela pechou os
ollos e deixou de agardar.

Antes da conclusión, ti dicías saberte
fillo do ouro máis branco
como se toda a chuvia dos teus ollos
puidese converterse en caridade.

Lembra que as comisuras
son as trampas máis fáciles que nos tendeu a pel,
e a túa non é sabia.

178

Outros mares despois aproveitáronse.
Non puideron romper
contra o cristal escuro da túa voz.
E díxenche, calada, que non quería máis
que un dedo sobre os beizos.
Caeron as palabras enriba das súas pernas,
unha rede tupida
AGUSTÍN FERNÁNDEZ PAZ (Vilalba, 1947). Perito Industrial, Mestre, Licenciado en Ciencias da Educación. Traballa como profesor de Lingua e Literatura Galega no IES Os Rosais 2 de Vigo. Autor dunha longa obra narrativa en lingua galega, na súa maior parte traducida a todas as linguas ibéricas. Entre os seus libros, figuran títulos como: *As flores radiactivas* (Premio Merlín 1989), *Contos por palabras* (1991, Premio Lazarillo 1990; Lista de Honor do IBBY 1992; traducido ao francés pola editorial Joie du Lire), *Rapazas* (1993), *Trece anos de Branca* (Premio Edebé 1994), *Cartas de inverno* (Premio Rañolas 1995), *O centro do labirinto* (1997), *Cos pés no aire* (1999, Premio Raíña Lupa 1998), *Aire negro* (2000, Lista de Honor do IBBY 2002; Premio Protagonista Jove 2001 outorgado por lectores cataláns), *Noite de voraces sombras* (2003) ou *O meu nome é Skywalker* (Premio O Barco de Vapor 2003, incluído nos White Ravens 2003 da Internationale Jugendbibliothek de Múnic, traducido hai pouco ao coreano pola editorial Myung Jin). Entre os seus títulos máis recentes cóntanse *Tres pasos polo misterio*, *A escola dos piratas* (Premio Edebé Infantil) e *A fuxida do mar*. Tamén é autor de textos teóricos, como *Ler en galego*, *Para lermos cómics*, *Os libros infantís galegos*, *Os cómics nas aulas* ou *A literatura infantil e xuvenil en galego*, e de numerosos materiais didácticos.

219

Autopoética

Este espazo debera de estar ocupado pola miña autopoética, pero xa escribín unha hai algúns meses (apareceu no número anterior desta revista) e ségueme valendo ben, non estou en idade de cambiar de ideas con tanta rapidez. Quizais, dado que a miña presenza aquí é consecuencia da miña participación nunha mesa redonda sobre cine e literatura, o que debera de facer é falar da influencia do cine na miña vida (e, xaora, tamén no que levo escrito). Pero iso xa o fixen nas páxinas iniciais do meu libro *Amor dos quince anos, Marilyn*, e non lle vexo moito xeito a repetilas aquí. Delas só salvarei o poema onde está o verso que me serviu para o título, un poema memorable que me fascinou desde a mesma noite do 23 de abril de 1970, que foi o día en que saíu o libro, en Barral Editores, daquela eu vivía en Barcelona: *Nueve novísimos*, a escolma tan polémica de Castellet. Alí estaba este poema de Antonio Martínez Sarrión, que é a autobiografía de todos os da miña xeración que amamos o cine:

el cine de los sábados

maravillas del cine galerías
de luz parpadeante entre silbidos
niños con sus mamás que iban abajo
entre panteras un indio se esfuerza
por alcanzar los frutos más dorados
yvonne de carlo baila en scherezade
no sé si danza musulmana o tango
amor de mis quince años marilyn
ríos de la memoria tan amargos
luego la cena desabrida y fría
y los ojos ardiendo como faros

220

Do que vou falar aquí, xa que logo, é doutra historia, quizais de escaso interese: a da miña relación cos anuncios por palabras dos xornais. Aínda que é unha relación que xa vén de vello, para o que agora me interesa podo dicir que naceu no inverno de 1989, durante un período de baixa posterior a unha estada no hospital que non me gusta lembrar. Naqueles días, acostumaba pasear a diario polos camiños da zona que hai entre Mugardos e Ares. Un día, sentado no valado que rodea o adro da capela románica de Lubre, ao ler polo miúdo os anuncios por palabras que aquel día traía *La Voz de Galicia*, foi cando me decatei de que aqueles breves textíños provocaban en min unha especie de fagonazo interior, convertido en metáfora visual na lámpada que logo Manuel Vigo me colocou enriba da cabeza na portada da primeira edición de *Contos por palabras*.

Excitado como só se está neses momentos nos que unha historia quere empezar a andar dentro da cabeza, ao chegar á casa comecei a recortar os anuncios que me provocaran esa sensación. E continuei facendo o mesmo en días sucesivos, ampliando a miña busca a outros xornais, como *El País* ou *El Ideal Gallego*. En pouco tempo reunín uns sesenta anuncios, todos eles cunha historia gardada que pedía ser escrita: “Necesítase limpiacristales profesionales”, “ICROM. ¿Desea usted encontrar su pareja?”, “Urge manicura”, “Llaves Unión. Duplicamos todas, con o sin muestra”, “Niños, spot TV” e outros de atractivo semellante.

Con ese conxunto de anuncios, púxenme a escribir un feixe de historias. E, como daquela o meu entusiasmo case non tiña límites, decidín que, ao escri-

bilas, intentaría unha peculiar proba de forza: que cada un daqueles contos tivese unha modalidade narrativa diferente: textos en primeira e terceira persoa, en estilo directo e indirecto, monólogos interiores, diarios, cartas, entrevistas, retallos de xornais, conversas telefónicas... Unha maneira de demostrarme a min mesmo que era capaz de plasmar na práctica todas as modalidades narrativas que eu coñecía pola teoría e polas miñas lecturas. O resultado, logo dunha selección rigorosa dos relatos que escribira, foi o libro *Contos por palabras*.

Despois desta experiencia, coidaba que a vía dos anuncios quedaba xa definitivamente cerrada. Pero en 1995, ano ben importante, porque o 28 de decembro se conmemoraba o centenario do nacemento do cine, volví recar. Alguns meses antes, como seguía decote a mirar os anuncios, atopeime con un ante o que era imposible resistirse: “En Celanova, por cierre de cine, se vende equipo de proyección completo y trescientas butacas.” E, se cadra no mesmo día, porque aparecen con frecuencia en *La Voz de Galicia*, con estoutro: “Se vende nicho en el cementerio de San Amaro”.

A imaxinación axiña se me disparou. Aquela era unha ocasión inmejorable para homenaxear o cine ao meu xeito. Escribín eses dous contos, e outros máis que axiña emparecei con algunhas das miñas películas preferidas. Así naceu *Amor dos quince anos, Marilyn*, un libro feito tamén a partir de anuncios, aínda que ben diferente do anterior: os contos son máis longos e complexos, e a escrita é menos espontánea.

Se pensaba que aí se acababa a miña relación cos anuncios, estaba equivocado: aínda quedaba un libro máis. Foi ao pouco de chegar a Vigo, embarcado na aventura de atopar un piso axeitado para vivir, o que me obrigaba a mirar case todos os días o *Faro de Vigo* e ler a sección dos anuncios dedicada á compra-venta de pisos. E foi nesas páxinas onde batín cun anuncio que noutras circunstancias nunca lería: “Se vende casa embrujada. Absténganse curiosos y bromistas. Teléfono tal, tal, tal”. O anuncio era unha invitación evidente a que me lanzase dunha vez a escribir a homenaxe a Lovecraft que andaba desexando facerlle desde os meus anos mozos en Barcelona, cando lin con abraio esa obra extraordinaria que é *Los mitos de Chutlhu*. O resultado foi unha novela que se chama *Cartas de invierno*, quizais o libro meu que máis xente leu.

Así que non creo necesario insistir en que os anuncios por palabras tiveron unha parte ben importante na miña obra. Que fosen precisamente estes textos

mínimos, é unha proba incuestionable de que dos xornais, coma dos porcos, todo se aproveita.

Nestes últimos anos, a sección de anuncios por palabras experimentou moitos cambios. Os anuncios curiosos desprazáronse agora a revistas especializadas, deixando para os xornais só os de inmobiliarias (qué vou dicir do terror hipotecario), as ofertas de emprego (poucas e escravistas) e, sobre todo, os anuncios de contactos. Que mundo, o destes anuncios! Ás veces éntrame a nostalgia de non telos pillado antes, pois son un fervedoiro de historias que só están pedindo que alguén as conte. E, aínda que xa estou desengachado, pensei que non sería malo aproveitar este material riquísimo (mostra privilexiada, ademais, da hipócrita e farisaica dobre moral desta sociedade nosa) e despedirme dos anuncios cunha ollada irónica e cun aquel de nostálxica. É o que intentei no relato que vén a seguir.

Unha vez lin que algunhas persoas pasan polo mundo sen conseguir entender nada nin da súa vida nin da época que lles tocou vivir. Eu coidaba que esas palabras non se me podían aplicar a min, sempre pensei que a miña vida tiña un sentido e que era eu quen levaba o control das cousas que me pasaban, pero agora teño motivos para crer que estaba equivocado. Equivocado, si, porque aquí me ten, só e sen traballo, intentando descubrir que foi o que me desviou do meu camiño. Por iso llo quero explicar, se me pode atender algúns minutos. Vostede parece boa persoa e xa non é un neno. Seguro que ten experiencia dabondo para entender o que eu, cego de min, non fun capaz de comprender.

Verá. Todo empezou cando asistín a un deses cursiños de formación que organiza a Consellería. Non é que tivese moitas ganas de facelo, a xornada laboral xa me chega ben, pero a dirección do centro vía con bos ollos que nos matriculasemos nalgún. De que centro? Ah, claro!, é que aínda non llo dixen. Verá: xa hai uns tres anos que entrei como profesor de Lingua no Colexio das Adoradoras de Belén. Un centro de moito prestixio, seguro que escoitou falar

del algunha vez. Un colexio que eu cualificaría de elite: todo o alumnado é das mellores familias da cidade, habería que buscar cun candil para atopar alguén de clase baixa ou da inmigración.

O caso foi que, entre os cursos que se propoñían, había un que me pareceu ben interesante: “A prensa nas clases de lingua”. Eu xa oíra de profesores que empregaban o xornal nas súas aulas e sempre me preguntara que farían con el. Así que me apuntei e alá fun. As sesións resultaron máis rutineiras do que eu agardaba. Falábanos de noticias, dos seis W, da importancia dos titulares, da ideoloxía dos periódicos... En fin, de temas que estaban ben e podían ter o seu interese, non digo que non, aínda que eu non era capaz de ver como podía encaixar todo aquilo nas miñas clases.

Unha tarde, os que daban o curso trouxeron un home de invitado, un tal Agustín nonseiqué, para que impartise a sesión daquel día. Era un tipo baixinho, xa maior, que coxeaba algo dunha perna. A penas lle quedaban catro pelos, e na cara o único que salientaba era un bigote que xa lle branqueaba e unhas gafas que non conseguían ocultar uns ollos encoveirados. A charla chamábase “Utilización didáctica dos anuncios por palabras”, un título ben pouco estimulante. Pero a asistencia era obrigatoria, así que me dispuxen a deixar pasar as horas o mellor que puidese.

223

O home comezou a falar e, conféssoo, axiña tiven que cambiar a miña opinión inicial. Non por como falaba, que o facía de xeito atrapallado e perdendo o fío a cada pouco, senón polo que contaba. Resulta que, había xa algúns anos, ao tal Agustín déralle por recortar anuncios por palabras, deses pequenos que veñen nos xornais, e logo puxérase a escribir contos a partir deles. O caso é que despois, con eses relatos, fixera un libro que tivo moito éxito: *Contos por palabras*, non sei se oíu falar del. Déranlle non sei cantos premios, vendérase ben e traducíranos a outras linguas. Ata ao francés, mire o que lle digo, quen o había pensar dun libro escrito en galego! E tamén o meteran naquela “Biblioteca 120” que se publicou hai anos, onde din que están os mellores autores, aí foi onde o lin eu.


Pero xa me estou adiantando, déixeme ir por orde. O tipo aquel leunos algúns dos contos do libro e aínda nos fixo rir ben, porque tiñan a súa graza. A min conseguiu meterme o interese por lelos todos, así que aquela noite, cando cheguei á casa, busquei entre os exemplares da Biblioteca 120. Eu xuntáraa toda, sabe?, porque os vendían moi baratos con *La Voz de Galicia* e tiñan

unha encadernación moi xeitosa. Non, non é pel, pero é unha imitación que se lle parece moito.

Busquei o libro, como lle dicía, e alí estaba, o número 78: *Contos por palabras*, de Agustín Fernández Paz. Lino dunha sentada, cada vez máis fascinado polo que acababa de descubrir. Ao rematalo, pensei: se a este home os anuncios lle deron tan bo resultado, ¿como non mo han dar a min? Desprecei a idea de escribir tamén eu contos, nunca tiven imaxinación para iso. O meu camiño tiña que ser outro, máis orixinal. Aquela noite, enfebrecido pola emoción, decidín que utilizaría os anuncios para desenvolver as miñas clases. Estaba acabando o tema dos substantivos e para a seguinte semana tocábame falar de prefixos e sufixos. Un tema aburrido, sabíao doutros anos. Pero este curso non o sería, porque a vida, a vida auténtica, había irromper impetuosa na miña aula. Os meus alumnos ían descubrir a riqueza da vida que latexaba detrás daqueles anuncios mínimos e ignorados.

O domingo seguinte merquei catro ou cinco xornais. E despois pecheime na miña casa, disposto a preparar as clases da semana. Resultou que o tal Agustín tiña razón! Había anuncios de sobra para traballar o meu tema, mesmo parecían escritos pensando na lección que eu debía desenvolver nos días seguintes. Retallei algúns daqueles anuncios e preparei con eles unha folla para dárllela aos alumnos como punto de partida. Velaquí teño unha copia, deixe que lla amose:

224



Non sei de que ri vostede, eu non lle vexo graza ningunha. Porque a idea era boa, vaia se era boa. Nada máis chegar, agrupei o alumnado en equipos e distribuín as fotocopias. Tras a sorpresa inicial –seguramente lles desconcertaba que abandonase a pedagogía tradicional e introducise propostas anovadoras–, os alumnos lanzáronse ao traballo cun entusiasmo que me emocionou. Non só entenderon con rapidez toda a variedade de prefixos e sufixos, senón que ademais propuxeron unha riquísima e orixinal ampliación. Construíron novos enunciados, idearon textos alternativos...; incluso algúns me pediron que lles permitise escribir relatos propios a partir deles. Eu estaba entusiasmado! Xa intuía que a clase podía ir ben con aquela innovación, pero nin de lonxe imaxinara a fervenza de creatividade que aqueles poucos anuncios desataran. Aquel home do curso tiña razón, aínda máis da que eu pensaba!

Que onde está o problema? Na clase non houbo ningún, xa llo acabo de explicar. O problema veu despois, ao día seguinte. Nada máis entrar no colexio, recibín o recado de que a directora quería verme. Decontado pensei que a causa eran as clases da véspera; seguro que o éxito dos meus métodos xa chegara aos seus oídos e quería felicitar-me.

Entreí no despacho cun sorriso de orella a orella. Pero cortóuseme a alegría en canto sentei. A directora agardábame coa expresión máis seria que lle vira nunca, e diso que xa é unha muller que anda todo o día con cara de ferreiro. Diante dela tiña unha das fotocopias dos meus anuncios, e tamén un documento en papel oficial do centro. Mandoume sentar cun aceno e despois, xirándoo coa man, puxo o papel oficial diante de min. Sinalou a parte inferior cun dos seus dedos e díxome: “asine aquí”. Eu asinei, subitamente atemorizado, e quedei ollando para ela, co bolígrafo na man, sen saber que dicir.

Despois duns instantes de silencio insoportable, miroume cunha expresión estraña e díxome con voz rotunda: “Señor Castiñeiras, está vostede despedido. Dentro de dez minutos, quero velo fóra deste colexio para sempre. Se ten algo que alegar, fale cos nosos avogados. Eles tamén se encargarán de arranxar os papeis da indemnización.”

Que que fixen? O mesmo que vostede faría! Recoller as miñas cousas e marchar, estaba demasiado confundido para intentar unha resposta. Ao día seguinte recibín unha chamada de Ameijide e Noguerosa, o despacho de avogados que leva os asuntos do colexio, citándome para unha entrevista aquela

mesma tarde. Foi na súa oficina cando por fin puideron saber as causas do meu despido: “Conduta inmoral e depravada, indución ao lenocinio e prácticas que atentan contra o ideario do centro”. Que lle parece! Depravación e lenocinio! E o peor foi que no xuízo, porque houbo un xuízo, sabe?, o maxistrado deu-lles a razón en todo. As que hai que oír! Claro que iso agora xa o entendo, pois despois souben que todos os seus fillos estudaran no colexio e que el mesmo era membro honorario da Asociación de Antigos Alumnos. Unha conxura, dígollo eu! Os que controlan a sociedade desde a sombra forman unha casta pechada e protéxense entre si, e os demais aínda temos que dar as grazas porque nos deixen as faragullas do banquete.

226

Por que levo aquí sentado toda a tarde? Pois voulo confesar, hame entender ben despois do que lle levo contado. Verá: tras moitos intentos, por fin conseguín o enderezo do tal Fernández Paz. Vive aí enfronte, nun deses pisos, aínda que non sei en cal. E estou vixiando o portal, porque nalgún momento terá que entrar ou saír, non creo que faga vida de ermitán. E entón, cando o teña diante, hei ter unhas palabriñas con el. Unhas palabras, si, señor. Non se pode ir por aí enganando a xente, dicindo cousas que logo lle poden estragar a vida a calquera, como ma estragaron a min. Heille dar eu anuncios, non lle van quedar ganas de miralos nunca máis! E aínda lle han quedar menos de participar en cursos e aproveitarse da boa fe das persoas. Cómpre desenmascarar enredadores como ese Agustín! É o menos que poden facer para que ningún incauto máis caia nas súas redes e se lle torza a vida para sempre!

Xabier P. Docampo

XABIER P. DOCAMPO (Rábade, 1946). Mestre en exercicio. Traballou como actor de teatro, adaptou e dirixiu obras dramáticas, colaborou en Radio Nacional de España na Coruña, onde dirixiu e escribiu programas divulgativos e pedagóxicos, e realizou guións para o cinema e a televisión. Involucrado activamente nos movementos de renovación pedagóxica, é coautor de libros de texto e formou parte do equipo iniciador de *Preescolar na casa*; participou activamente na creación de GÁLIX, asociación que presidiu durante dous anos. As súas dotes como narrador oral levárono a participar como contador de contos e como conferenciante en eventos celebrados en todo o mundo. Irrompeu na LIX con *O misterio das badaladas* (1986), á que seguiron, entre outras, *Cun ollo aberto e outro sen cerrar* (1986); *A chave das noces* (1987); *O armario novo de Rubén* (1989); *A nena de auga e o príncipe de lume* (1989); *Roxelio e a couza* (1991); *O país durminte* (1992); *Cando petan na porta pola noite* (1994, Premio Rañolas, Premio Nacional de LIX, Lista de Honra do IBBY 1996); *Adelaida, Henrique e demais familia* (1996); *O pazo baleiro* (1997); *O home que inventou unha maneira de andar* (1998); *Breogán* (1998); *¡Estampado!* (1998); *Nube de neve* (2000); *Catro cartas* (2000); *Os ollos de Ramón* (2001); *¿Víchela, víchela?* (2001); *A casa da luz* (2002); ou *Bolboretas* (2004). En 1989 recibiu o Premio da Feira do Libro da Coruña polo conxunto da súa obra, así como o Premio Emilia Pardo Bazán do Ministerio de Educación.

227

Autopoética

Hoxe teño que escribir un conto.

Un conto cumprido ou dunha soa palabra, a palabra que me explique.

A vida éme tan difícil de comprender que non teño outro camiño para poderme achegar a ela que non sexa escribindo.

Fago o que fago para que dentro de min se vaia ordenando minimamente o caos no que se me presenta a vida. Só así teño folgos para vivila: escribíndoa.

Só un conto que vive resoando na miña memoria me axuda a atopar o camiño cara adiante.

Nada hai que eu non teña antes que procuralo nun conto para aprehendelo.

Gusto dos contos porque me din o que me pasa... Que pouco me importa o que pasa neles!

Non existe verdade máis grande que a que se encerra dentro dun conto... De onde veu iso de que as verdades se dividen en grandes e pequenas?

Iso son contos.

Non, non. Éche ben certo o que di o conto.

Bon día teña vostede.

228

Nun conto encérrase un día enteiro e unha vida enteira.

Cada conto contenme enteiro.

Hoxe escribín un conto que me explica un pouco máis. Para quen? Para min, só para min!

É que xa non quero ser sociábel.

Tamén houbo quen me enganou con contos.

Eran mentira?

Non, mentían os que mos contaron.

O chapeu

Sempre me gustou aquel chapeu. Apurádesme un pouco e digo que lle tiña cariño, aínda que o cariño non é o sentimento que lle cómpre ás cousas. Era un chapeu vello, supoño que algún día sería novo, mesmo de estreno, pero eu xa o coñecín vello e gastado, para min sempre fora así.

Poñíao con frecuencia aínda que na casa rían de min. Gustaba de sentilo na cabeza mesmo cando estaba na casa, aínda que o meirande pracer era telo posto cando sentaba embaixo da parra para ler, cando deixaba caer a cadeira cara atrás até que o respaldo daba na parede da casa. Entón pousaba os pés nun picadeiro de carballo que había alí, baixaba o sombreiro até as sobrancellas para que a aba me amparase os ollos das raiolas que se coaban ás veces polo medio das follas da parra e lía unha tarde enteira.

Non era raro que algunha das miñas irmás me tirase o chapeu da cabeza ao pasar, entón eu tiña que ir tras dela até recuperar a prenda. Daquela non era raro que un turrase por un lado e o outro polo outro e o chapeu estalaba baixiño ao lle rebentar as costuras. Así foi como comezou a se lle desprender a vira de coiro que o mantiña nas dimensións de se axustar debidamente á cabeza. Pouco a pouco comezou a se desprender e resultaba molesta, así que un día decidín amañarlle. Dispúxenme a cosela co coidado de que non ficase unha chambonada que rematase por derramar o meu chapeu. Coa agulla enfiada na man deille volta á vira para ver como estaba cosida e tentar de imitar o traballo, e foi daquela cando vin as letras. Había algo escrito no seu interior que, de primeiras, nun fun quen de ler. Non se trataba da marca nin do nome do fabricante, que iso viña nun rombo cosido no fondo do forro, era algo escrito á man, cun daqueles lapis que se lles chamaba de tinta e que cando os mollabas un pouco na punta da lingua, escribían cun trazo grosso de cor violeta. Pouco a pouco fun descifrando aquela inscrición. O que lin produciume a lóxica sorpresa, porque alí dicía: “ESTA VIRA COSEUNA AMARO LEIRO DE MATACOBO EN LA HABANA 1922”.

A verdade é que eu nunca me preocupara de saber de onde viñera o chapeu nin de quen fora. Atopeino un día na casa, púxeno na cabeza e,

como me quedaba ben (de tamaño, porque miñas irmás dicían que me sentaba moi mal) chanteino na cabeza e comecei a andar con el seguido. Xa non me atrevín a me poñer a coser nel. Volvín a lle colocar a vira no seu sitio e entrei na casa con el na man. Fun á cociña e pregunteille a miña nai de quen fora aquel sombreiro.

—E logo ti non sabes que foi de teu avó Leandro?

O meu avó morrera cando eu era moi pequeno, case non o lembraba. Miña nai díxome que aquel sombreiro trouxéao cando viñera de Cuba. Tíñao gardado naquel baúl que deixara no faiado e non permitía que ningún lle tocase, como a ningunha cousa das que alí gardaba baixo chave. Ninguén llo vira posto na cabeza, nin sequera na man.

Pero agora o chapeu acababa de me falar a min por medio daquelas palabras escritas no interior da vira. O Leiro aínda vivía en Matacobo. A nosa familia e a del estaban a mal desde moito antes de eu nacer. Miña nai díxome que o Leiro e meu avó xa viñan a mal cando volveron de Cuba.

230

De todos os xeitos un día ao caer a noitiña fun á casa do Leiro. Non podo dicir que fose ben recibido, porque aínda non pechara a cancela detrás de min, cando se me presentou o Celso a medio camiño entre onde eu estaba e a porta da casa.

—Que fas ti aquí? —berroume.

O Celso é o home dunha neta do Amaro. É ben máis vello ca min. Estaba parado no medio da aira, cos brazos caídos aos lados e ollábame sen pestanexar. Eu ficara parado ao pé da cancela.

—Quería falar co Amaro.

—Vós non tedes nada de que falar con nós nin nós con vós. Así que vaite axiña.

Estaba claro que non había ser doado poder preguntarlle ao vello Leiro por que meu avó tiña un sombreiro que levaba o seu nome escrito no interior da vira.

Comecei a andar moi a modiño cara a el mentres lle dicía:

–Non creo eu que non poidamos falar ti e mais eu.

Eu supoñía que na casa dos de Leiro había ser coma na miña, que estabamos a mal desde había moitísimos anos e ninguén sabía por que. Un día meu avó dixera que ninguén cruzase nin unha palabra cos de Leiro nunca máis, e xa non houbo quen ousase facer outra cousa. Cando pasaron os anos, e os netos comezamos a preguntar polas razóns daquela malquerenza, ninguén nos soubo dar máis resposta que aquilo era cousa dos vellos e que eles saberían.

O Celso non se moveu nin para adiante nin para atrás. Andei unhas pasadas e apareceu o Amaro na porta. Eu non o vira nunca. Era moi vello. Estaba moi dobrado cara adiante e viña apoiado en dous caxatos. Por debaixo do brazo dereito termaba del a Anuncia, a muller do Celso. Ficamos todos calados e a neta axudoulle ao vello a sentar no banco de pedra que había diante da casa. Algo falaron e a muller berrou:

–Que é o que quere?

231

–Di que falar con teu avó, pero xa lle dixen que se fose.

A muller volveu falar co vello. Supoño que lle describiu a situación. O Amaro pareceu dicir algo e a Anuncia falou en alto:

–Que di que se achegue.

Atravesei a aira en dirección á casa. Cando estiven a escasos dous metros do vello, saudeino e dixen que quería falar con el.

O Leiro non ergueu a cabeza para ollar para min, só me fixo un aceno coa man para que calase e outro para que sentase no banco ao pé del.

Cando estiven a carón del achegou a man sen me ollar e pousouma enriba da miña coxa esquerda. Decateime de que non vía.

–Así que un señorito da merda da casa do Calzafouces vén onda min.

O Calzafouces era como alcumaban ao meu avó. Ninguén se atrevía a llo dicir á cara, nin a el nin a ninguén da casa, pero por tras non corría por outro nome. Todos o sabíamos.

–Pois xa que estás aquí, e antes de falarmos cousa ningunha, téñoche que dicir que teu avó era unha mala persoa. Non cha vexo, pero ben sei a cara que estarás a poñer. Vós pensades que o Calzafouces era tal e como o coñecestes desde que viñemos de Cuba, pero eu coñecín outro Leandro e mellor me fora non telo coñecido nunca. Agora xa podes dicir a que viñeches.

É ben certo que eu estaba algo sorprendido de lle sentir dicir aquilo, pero tampouco agardaba escoitar cousa moi diferente daquel que se levará a matar co meu avó Leandro máis de sesenta anos. Por iso non lle repliquei. Por iso e porque a min interesábame máis a historia do chapeu que defender a meu avó diante do home co que estaba a mal había tanto tempo.

232

–Ao mellor veño para saber que é o que pasou. E se é posíbel dar reparación para que os que veñan atrás poidan vivir doutro xeito.

O vello ollando o chan que non vía diante dos seus pés, ficou calado por un anaco e despois falou baixiño.

–Xa non se pode reparar nada. Aquilo xa non ten reparación porque nunca a tivo.

–Pois se ninguén dá sabido que é o que pasou, aínda a terá menos –dixen eu–. Ademais a min gustaríame saber que é o que Leandro fixo, sexa o que for, bo ou malo.

–Escoita, rapaz –falou o home, e agora, como se lle nacera unha forza nova naquel mesmo intre, o seu ton de voz era máis alto, perfectamente audíbel–, o que nos afastou a teu avó e mais a min xa non ten volta atrás. Nin que resucitase e aparecese por aí, camiñando polo medio da aira, se podería amañar o que se descompuxo daquela, porque só se o tempo dera marcha atrás e o que pasou non pasase... e iso non pode ser. Será mellor que o deixemos.

–Que o deixemos e que despois dos fillos os netos, detrás os bisnetos e tataranetos e cantos veñan máis aló, sigan a mal? Non será xa tempo de acabar con todo isto pasase o que pasase?

–Pero a ti por que che deu agora esta teima?

–Veume á cabeza porque atopei un chapeu no baúl que trouxo Leandro de Cuba. Por iso me deu por saber que facía un chapeu co seu nome na miña casa, sendo que nin nos acordos de meu pai houbo tratos entre as dúas casas.

–Vaia home, apareceu o maldito sombreiro! Pois xa ves, por aí comezou todo.

E foi daquela cando comezou a me contar que aquel chapeu mercáralo meu avó na Habana nada máis desembarcar. Dixo que sempre andaba con el posto, que só o tiraba da cabeza para durmir e pouco máis. Decía que lle traía sorte e que mentres tivese aquela prenda na cabeza todo lle había ir ben e que volvería rico.

233

Un día, no que os dous, o Leandro e o Amaro andaban de xoldra, despois de beberen máis ron do que o seu sentido lles permitía, o Amaro pilloulle o chapeu a meu avó e escapou a correr con el. A broma non lle gustou a Leandro que lle deu unha labazada ao amigo. Na lea pola recuperación do chapeu e cando turraban del cada un por un lado, a vira descoseuse.

Leandro ollou o sombreiro coa vira descosida, deitouno ao chan con desprezo, deu volta e foise. Amaro apañou o chapeu e foi daquela cando lle coseu a vira para volverllo ao seu dono.

–Pero non mo quixo –contábame o de Leiro—. Colleuno e arrebolouno o máis lonxe que puido, pero como era livián e non o deu afastado dabondo, colleu unha pedra, meteulla dentro e mandouno no medio duns matos.

–E non me irá dicir que estiveron a mal toda a vida por iso, por un sombreiro?

–Non. Non foi por iso. Comezou polo conto do chapeu pero a verdadeira causa foi que teu avó era unha mala persoa, esa foi e non outra, porque era un bicho e foino sempre.

O vello Amaro Leiro falaba con carraxe. Toda a xenreira que gardara por tantos anos estaba agora na súa gorxa.

–E en diante ti has ser o culpábel de toda a mala sorte que me veña por ter quedado sen chapeu e por me derramar o destino, díxome o teu avó virándome as costas e collendo por outro camiño –seguiu a falar o Amaro.

«E, iso é certo, quixo o infortunio, que aquela noite lle deran unha coitelada non sei onde nin quen. Eu sóbenu pola mañá cando me viñeron deter os gardas acusándome de ser eu o que o anavallara. Foi el, o teu avó, o que dixo que o cravara eu no medio da discusión do chapeu. Que ben o armou o cabrón, contou todo ao dereitiño tal como pasara e mesmo dixo que eu lle cosera a vira. Os gardas foron na procura do chapeu e alí estaba a miña confesión escrita no coiro do sombreiro.

234 «Año e medio botei na cadea. Cando saín marchei o máis lonxe que puiden da Habana, a Santiago.

«Un día que volví a capital pensando en que xa me era hora de volver para acó, atopei ao Leandro na consignataria. El tamén estaba amañando para regresar. Encarouse comigo e díxome: “Seica xa te ceibaron. Pois eu volvo para lle contar aos teus pais que o seu fillo estivo na cadea por lle dar unha coitelada a un amigo”.

«Fiquei sen saber que facer. Volví a Santiago, xa non podería regresar porque o Leandro habería de llo contar a todos e eu non podería aturar ver como os meus pais pasaban por aquela vergoña. E así foi. Non escribín máis, foi coma se desaparecera. Souben que miña nai morrera pronto e sempre pensei que fora co desgusto. Cinco anos despois, porque podes estar ben seguro rapaz que teño ben contados os días, souben por Delio da Crecha da morte de meu pai e decidín volver».

–Pero Leandro nunca lles dixo nada aos seus pais nin a ninguén –falei case de súpeto, nun inútil intento de esconxurar aquela faciana nova do meu avó que se me aparecía agora.

Daquela o Amaro virouse cara a min coma se me vise, pero a quen ollaba, e agora estou seguro que vía, era ao meu avó Leandro.

-Non, nunca dixo nada, pero iso que máis ten.

A Coruña, maio 2005

Suso de Toro

SUSO DE TORO (Santiago de Compostela, 1956). Licenciado en Arte Moderna e Contemporánea. Entre as súas obras narrativas cóntanse *Caixón desastre* (1983, Premio Galicia da Universidade de Santiago); *Polaroid* (1986, Premio da Crítica de Galicia); *Land Rover* (1988); *Ambulancia* (1990); *Tic-Tac* (1993, Premio da Crítica Española, Premio "Arcebispo San Clemente" e Premio dos Libreiros da Coruña); *Calzados Lola* (Premio Blanco Amor, 1997); *Círculo* (1998, adaptada ao teatro en 2000 por Teatro do Adro e en 2001 por Teatro de Ningures; *Non volvas* (Premio da Crítica Española, 2000) ou *Trece badaladas* (2002, adaptada ao cinema por Continental, dirixida por Xavier Villaverde e estreada en novembro de 2002). En coleccións xuvenís apareceron *A sombra cazadora* (1994); *Conta saldada* (1996, da que ten cedidos os dereitos para o cinema á produtora Tornasol); *Servicio de urxencias* (2002) e *Morgún* (2003). Con estas últimas obtivo en dúas edicións consecutivas o Premio Lecturas de GÁLIX na modalidade xuvenil por votación do lectorado. No eido do teatro escribiu *Unha rosa é unha rosa (unha comedia de medo)* (1996), estreada pola compañía Teatro do Noroeste. Ademais de escribir artigos na prensa e guións de radio e televisión, é autor de libros de ensaio e xornalismo, entre os que se contan *F.M.* (1991); *Unha memoria da esquerda nacionalista (Camilo Nogueira e outras voces)* (1991); *Parado na tormenta*; *O país da brétema (unha viaxe no tempo pola cultura celta)* (2000); *A carreira do salmón* (2001); *Españois todos* (2004); *Ten que doer: Literatura e identidade* (2004); *Outra idea de España* (2005).

237

Autopoética

A miña idea de literatura, e de escritor, era moi definida: un autor canónico cunha obra para adultos. O que ocorre é que unha parte de min, ademais de querer escribir obra moi autoconsciente, quería narrar historias. E isto conducíame a traballar en paralelo, dunha parte obra máis experimental, lingüística, e doutra parte obra máis narrativa que se expresaba en literatura de xénero. Aínda que a recuperación dos xéneros é parte do programa da literatura culta da segunda metade do século XX.

A primeira vez que escribín literatura pensando nun público con limitación persoal, para un público predeterminado, foi a raíz dunha proposición que me

fixeron: escribir unha novela para unha colección xuvenil. Penseino e aceptei. Con esta e con outras proposicións semellantes posteriores é que hai unha parte do traballo creativo nacido de encargos ou de propostas externas que é tan valiosa como o que nace de ideas nadas dentro de un mesmo. O autor con mundo propio hai certos encargos que pode trasladar ao seu mundo, e cando o fai ensancha o seu mundo sen saír del.

A noveliña primeira que escribín aceptando o límite de idade, para rapaces e mozos, foi *Conta saldada*. Plantexei límites, creo que os límites é o característico da escrita para unha idade infantil e xuvenil. Preocupábame o límite moral, hai aspectos da vida que o neno, nena ou rapaces aínda non teñen capacidade para comprender e non ten por que enfrentalos. E tamén hai límites na capacitación como lector, está afeito a formatos narrativos simples. E intentei atermo a eses límites.

238

Sáíume unha novela moi narrativa, coido que funciona moi ben para quen queira ler unha novela entretida, aínda que sempre me preocupou certo aspecto moral: a representación da violencia explícita que hai nela. Con todo, coido que a violencia está interpretada moralmente, que está xustificada, non é gratuita. E resultou unha novela moi miña, cunha historia arquetipicamente deste autor. E nótase que disfrutei escribíndoa, iso é esencial.

A segunda novela escrita baixo este prisma foi *A sombra cazadora*. Sáíume a novela máis persoal que levo escrita. Sendo moi narrativa, leva dentro todas as miñas fantasmas, os meus temas, toda a miña sensibilidade. Pensei que era escura de máis, gótica e barroca, para xente nova, pero resultou ao contrario. Os adultos como tiña elementos da imaxinería do xénero do comic e ciencia ficción non lle deron aprezo, os críticos nin a leron no seu día, e pola contra a xente nova adoptouna con entusiasmo. En todo caso é un dos dous ou tres libros meus que máis quero.

E agora saquei *Morgún*. *Morgún* en realidade naceu dunha das miñas teimas, escribir “alta” literatura, ensaiar linguaxe retórica e tamén ensaiar os rexistros da traxedia, eu digo que é a miña homenaxe ao *Macbeth*. Con todo cando estaba a escribila comprendín que volvería ocorrer o mesmo: os críticos non a habían valorar, pois aparecería baixo as formas xenéricas do que hoxe se chama “espada e bruxería” e quen o podería disfrutar é a xente nova. E así está a ser.

A min paréceme evidente unha cousa que polo visto na Galiza non o é: que a obra dun autor ten de ser contemplada no seu conxunto, pois todas as partes teñen correspondencias e están relacionadas. E que toda a obra, expresada en distintos niveis e con distintas linguaxes, trata os mesmos temas pois nace da mesma fonte. Non se pode entender o autor que eu sexa sen ler eses libros que están editados en coleccións xuvenís. Non se pode falar da miña obra sen ler e analizar os libros nos que recollo ensaios literarios, e tampouco sen estes libros humildes e narrativos que len os rapaces e mozos.

A sombra cazadora (fragmento)

Sáimos fóra agardando que houbera un coche da policía. Non había ninguén na rúa, deserta. Pasaba algún auto solitario. Sobre a claridade gris superpúñase o fresco das primeiras horas da mañá cun cheiro a podre e a metal. Lembrei os olores da herba e o trigo verde no abrente. Oíuse unha serea ao lonxe. Na pantalla *un home conducía un auto cunha pistola na man, dispáraa cara atrás*. Deille un arrempuxón ao meu irmán e obrigueino a ollar cara adiante. O noso guía, coa nena ao cabaliño, xa camiñaba con paso rápido cara á entrada do Metro. Ao lonxe, máis atrás do acceso ás escaleiras de baixada, sobre a calzada agora case solitaria, penduraba outra pantalla. Apurei o paso collida do brazo do meu irmán que xa fixara os ollos nela e xa volvía camiñar mecanicamente. Un auto pasou lento, o conductor orientou a cabeza cara a nós. Seguiu.

239

Cando estabamos chegando ás escaleiras veu da pantalla a queixa dunha serea da policía, viuse *un coche da policía que aparcou diante da casa do padriño*. Fiquei inmóbil. *Baixaron del tres homes vestidos de negro e empezaron a petar na porta cunhas barras. Rompérona e entraron*. Tiña os ollos anubados polas bágoas de rabia impotente. Apareceu *a Imaxe do meu pai vestida cun traxe como o dos homes da policía que acababa de ver; fitábanos inmóbil desde a pantalla*.

—¡Apurade! —era a voz do noso guía desde dentro o fondo das escaleiras—. ¿Que facedes?

Deille unha sacudida ao meu irmán e empurreino cara adiante. Baixamos.

Conducidos polo noso guía percorremos varios túneles seguindo as indicacións de sinais escritos que para nós eran confusos pero que el comprendía.

—¡Por aquí! —berrou sufocado. Un letreiro indicaba “Liña Norte”. Eu seguía como podía o ritmo da carreira axudándome no meu irmán. Tiña o estómago contraído polo temor ao que nos agardase pero sentía tamén novos azos para fuxir. Estaba disposta a pelexar para escapar.

Chegamos a un lugar onde o camiño se ramificaba en varios pasos, cada un vixiado por unha pequena pantalla azul brillante, como a que viramos no autobús. O noso guía parou arfando, suoroso e confuso.

—Veña, temos que seguir. —Quíxeno empurrar para que avanzase, pero non o conseguín, era duro e pesado como un muro. Tampouco meu irmán quería.

—Pois eu paso. —Achegueime lentamente á pantalla e pasei por diante, nese momento apareceu *a cara da Imaxe* nela. Gañei medo e quedei inmovilizada polo terror súpeto. Quería seguir adiante, pero aquela cara fitábame coma unha cobra e os seus ollos malignos inmovilizábame. Rompín a saloucar sentindo como o meu corpo desgobernado empezaba a flexionar os xoellos. De esguello vin achegarse despacio a silueta do noso guía. Soou un berro e un puño metálico bateu na pantalla, provocou *parásitos e interferencias na cara da Imaxe*. Repetíuse o golpe unha e outra vez e a pantalla fendeu. Ficou un grande silencio.

Estaba de xoellos. Ollei para arriba e vin ao meu salvador inmóbil e con cara de medo. A nena ollaba para min con ganas de chorar por riba do ombro del. Erguinme despacio e abraceina.

—Non chores, non chores —díxenlle no oído.

—Non podía facer outra cousa, non podía facer outra cousa —repetía el con voz queixosa. Meu irmán achegouse a el, colleulle a man metálica e falou-lle:

—Gracias, gracias. —Logo abrazouse a min.

—Andando —animei. Seguimos por un corredor ata unha estación, unha superficie ao lado das vías para agardar o tren. Un gran número 4 presidía o lugar desde a parede de fronte ao outro lado das vías.

Un home maior e mal vestido estaba sentado nun banco de cemento arri-
mado á parede, tiña canda si un par de bolsas vellas e sen forma. Ao vernos
agarrouse a elas e púxose en alerta. O noso guía achegouse á beira da plata-
forma e esculcou a escuridade do túnel por onde tería que vir o tren.

Dúas grandes pantallas, unha a cada lado do lugar, amosaban *uns mozos
subidos nunha táboa de cor amarela esvarando na auga azul do mar, que facía ondas
que subían e baixaban*. Ollei para o meu irmán, rendido á pantalla. Pareceu
notar a miña ollada e, pouco a pouco, deu volta cara a min. Logo achegouse e
apertouse indefenso.

—Pode máis ca min. Véceme, Clara.

—Non te ocupes, a onde imos non hai pantallas nin Imaxe.

—Quero voltar á casa, quero voltar á casa.

Aínda que era máis alto ca min, volvía ser o neno que eu criara. Choraba e
facíame chorar. Os nosos acompañantes ollaban para nós a distancia, a nena no
chan e agarrada da perna do pai.

241

—Colle o embrullo de mamá que levas no mono. —Acariñáballe o pelo,
que volvía estar ao seu natural, teso cara arriba, como o de padre. Como o da
Imaxe. El colleu o pequeno embrullo na man e foi calmando—. Ven —levei-
no a un banco e senteiño.

Un rumor a medrar, un tren que se achegaba. Na pantalla *a Imaxe vestida
Mi bisabuelo. Facsímile del manuscrito autógrafo	
<i>(Euloxio R. Ruibal)</i>	195-198
<i>Darío Villanueva</i>	
Da palabra no tempo. Estudos e ensaios de literatura	
<i>(Mar Fernández Vázquez)</i>	199-207
CREACIÓN	
<i>Daniel Salgado</i>	209-220

BOLETÍN GALEGO DE LITERATURA

Nº 39-40, 1º e 2º semestre 2008

ISSN 0214-9117



Servizo de Publicacións
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
2009

NÚMERO 39-40 / MAIO 2008

327

Salvador Cidrás

Antonio García Teijeiro

Naceu en Vigo no ano 1952. Estudou Maxisterio, profesión que exerce na súa cidade natal. Dende moi novo comezou a súa preocupación pola creación literaria tanto dirixida ao lectorado infantil e xuvenil coma a calquera outro público lector. Tamén fixo incursións como crítico. En xeral, sobresaí pola súa dedicación xa literaria xa crítica ao mundo infantil. Neste sentido colaborou e segue a colaborar en diferentes medios de comunicación, en diferentes suplementos culturais e escolares, como membro de xurados encargados de premiar obras infantís, impartiu e imparte cursos de animación á lectura dirixidos a docentes, dirixe obradoiros de literatura na escola, etc. Pola súa ampla obra, máis de trinta e cinco títulos, mereceu diferentes galardóns, como o Premio Merlín 1996 por *Na fogueira dos versos*, libro que pasou a formar parte da Lista de Honra do IBBY en 1998 e co que foi finalista do Premio Nacional de LIX (1997). En 1998, un xurado internacional concédelle o Premio Pier Paolo Vergerio promovido pola Universidade de Padua (Italia), un dos máis prestixiosos galardóns literarios de Europa. *Versos de agua* (2002; na súa versión galega *Cacarabín, Cacarabón*) foi elixido como un dos cen mellores libros do século XX no VI Simposio de Literatura Infantil e Lectura da Fundación Germán Sánchez Ruipérez.

En 2007 recibiu o Premio Luna del Aire de Poesía Infantil, do Centro de Estudios de Promoción de la Lectura y Literatura (CEPLI) da Universidade de Castela-A Manch, pola obra *Estela de versos*, escrita conxuntamente con Rafael Cruz Contarini.

329

Ler / escribir: camiños para coñecerse. Autopoética

Os versos son camiños polos que transito. Os poemas, estradas que me levan ao país de min mesmo. Camiños con sombra. As sombras, ás veces, son un fenómeno positivo. Resgardan, permiten recuperar forzas perante a calor dun día abafante polo sol do verán. Dan folgos necesarios para continuar pola senda da vida. Outras veces, son puntos negros que impiden ver con claridade o final desa verxa que estamos a percorrer.

Eu son un viaxeiro, un camiñante que viaxa dende fóra, dende o cotián, ata dentro de min mesmo. Fascíname a actitude de quen emprende unha viaxe

incerta a calquera parte na procura de algo, unha viaxe chea de palabras que acaba remansando en si mesmo. A min pásame iso. Sempre parto de min para chegar a min nunha andaina intensa e tola.

Grazas á poesía conseguín coñecerme mellor, saber o que amaba e odiaba, descubrir certas virtudes e demasiadas limitacións. A poesía permitíume ser un pouco máis dono de min mesmo e comprender o que quería ser, cal era a miña posición na vida e perfilar a relación cos demais. Por iso camiñei e sigo a camiñar polos versos. Sempre con libros de poemas abertos nas mans. Sempre con pequenos cadernos onde anotar aquilo que me sacode ou conmove. Leo todo tipo de poesía. E sinto o espírito do que leo filtrándose a través da pel para pousar no corazón.

E escribes poesía narrativa, poemas con versos curtos, poemas espidos, case conceptuais, case aforísticos e, logo, volta á complexidade formal. Vas buscando esas formas diversas nun espazo creativo que necesita da pluralidade para ser real. Expresas os sentimentos, manifestas o teu compromiso co ser humano e contigo mesmo a través da emoción e a forza da palabra. Esa palabra flota e berra ou aloumiña en voz baixa en función dos obxectivos vitais. Ler e escribir son dúas caras dunha mesma moeda. Sen unha non existe a outra. Por iso os meus poemas están cheos de citas. Incluíu a emoción nos meus versos para crear un poema máis amplo do que os meus versos expresan.

330

A lectura transpórtame á escrita poética. Os meus sentidos están sempre abertos ás diferentes voces dos demais poetas. Homes e mulleres que, ao longo dos séculos, fixeron da lírica unha auténtica necesidade expresiva. A literatura popular ou Lorca, Machado, Juan Ramón, Rosalía ou Manuel María foron imprescindibles para que eu escribise a poesía que dedico aos nenos. Todos eles máis a Xeración do 27 en xeral, os poetas do Rexurdimento, Manoel Antonio, os poetas das tradicións francesa e anglosaxoa, a poesía oriental, os poetas latinoamericanos, os poetas españois da segunda metade do século XX (Gamoneda ou Ángel González, por exemplo), os poetas centroeuropeos, o descubrimento da poesía árabe, os novos poetas galegos, a poesía da “beat generation”, os poemas e cancións de xente como Waits, Cohen e, sobre todo, Bob Dylan..., en fin, todos estes e moitos máis forman o contexto que me permite gozar coa lectura dos seus versos e, a partir de aí, mesturados co cotián, con aquilo que respiras, nacen os meus poemas para chegaren aos lectores e facelos cómplices.

Antes, por suposto, teñen que repousar dentro de min, tras remover as sensacións máis fondas. Nese intre, sinto que *o feito poético* xa é unha realidade necesaria que non me abandona nunca.

Poesía é refuxio. Poesía é rebeldía. Poesía é tomar decisións e cambiar rumbos. Poesía é descubrir horizontes que me permitan seguir coa cabeza ergueita sentindo que hai camiño e amplos desexos ao lonxe que se poden acadar, pero tamén recunchos próximos que debemos ocupar. Poesía son experiencias continuas que te axudan a respirar e a sentir que vives. Poesía é estremeamento, ese que se produce cando a emoción dun verso chega a rozarte. E, como percibiu Borges, é a revelación de que, á parte de comunicación, a poesía tamén pode ser paixón e pracer, algo que, ademais da súa intelixencia, tamén afectaba a todo o seu ser. Poesía é facerse preguntas, facérllelas aos demais, sabendo, case con certeza, que ninguén -nin ti mesmo-, vai saber responder, pero sempre che quedará a obriga de seguir formulándoas para dar sentido á túa existencia. Estou co poeta arxentino cando di que se considera esencialmente un lector. Un lector que se atreveu a escribir. E afirma Borges nunha interesante conferencia, chamada “Credo de poeta”, que o que leu é máis importante que o que escribiu. E remata dicindo que un le o que quere pero non escribe o que quere, senón o que pode.

331

Eu sempre necesitei escribir para saber quen era de verdade. Grazas á escrita conseguín avanzar neste terreo. Sigo necesitando escribir, pero moito máis ler, perderme polas sendas da poesía e seguir mergullándome nos comportamentos humanos. No meu, o primeiro.

De todo isto que levo dito aquí, foron nacendo estes poemas que reúno co nome de *A sombra do amor na voz do poeta*. O amor, unha e outra vez presente na vida dos seres humanos. E, por suposto, unha das razóns que me manteñen en pé. Aquí, o amor coa súa sombra favorable na voz do poeta. Para ser máis exactos, na voz dos poetas que nunca deixaron de falar del nos versos de todas as cores e dende ópticas moi diferentes.

Ou non tan diferentes? Non o sei pero, diso estou seguro, seguirá sendo un tema recorrente ao longo dos séculos, porque é tan necesario como o aire que respiramos.

A sombra do amor na voz do poeta

*amor,
quero poeta e pedra
rompe-los vidros tristes
da túa espreita*

Alfonso Pexegueiro

332

Que se mollen os pétalos das verbas,
aínda que non chova.

Que a gorxa descargue sentimentos,
despois daquel despois
que se converteu neste agora.

Non debían usar imáns
os berros sen memoria,
mais fano
e achegan aos ceos con escamas
os impulsos que xuntos sementamos.

*Cando o amor quenta moito,
a terra grela.*

Xesús Rábade Paredes

Vin xermolar
as cinzas dos abafos
e convertérense
en chuvia
suor
e bicos.

333

Era o amor
que quentaba
a terra habitada polo medo,
ese medo noso
marcado
polo frío dos agravios.

(E medraron ben os froitos sen queimarse.)

Non engadas penumbra

á penumbra.

Abre a ventá

para que non poidamos transitar outra vez

polas tebras e os desvelos.

Vive a luz aí fóra

porque hai tempo que os intrusos

emprenderon o camiño da fuxida.

(E o poeta transfigurou as sombras en palabras

e os versos salváronnos, unha vez máis, dos ebrios

extravíos da tristura.)

*Morde a bala e busca dentro
a dignidade*

Bob Dylan

A dignidade

apareceu
cando mordiches
a bala
disparada
polo desatino
e
decatácheste
de que soamente
servía
para matar.

Preto da loucura

cusiches no chan
e pisaches
os trazos
da morte.

335

Nunca quixeches
parecerte a ela
porque, ou ben por maldade,
ou talvez por perversas presuncións,
non sabía que tiña unha serpe
agarrada ao seu corpo
que estaba tecendo
esquecementos imperdonables.

Baixo os teus pés
o camiño está a dicirme
que aínda non é un bo momento
para a loucura.
Recollo os meus problemas
do chan,
bico a almofada como cada noite
e pídolles ás sombras
que me falen dos teus beizos
un milleiro de veces máis.

337

Loita solitaria,
vitoria improbable.
Loita solitaria,
derrota prevista.
Loita en solitario,
impulso invisible.

*me bastan solamente dos
o tres segundos de ternura.*

Luis Eduardo Aute

Pensaba que a tenrura
se podía medir
cun reloxo.
Buscaba coma un tolo
dous, tres, cinco segundos,
medio minuto
ou hora e media

de palabras tenras

de aloumiños tenros

de bicos tenros

de olladas tenras.
Endexamais deu con eles.
Nunca chegou a sentilos na súa pel.
Daquela, ollou o seu reloxo
e decatouse con rabia
de que as agullas non andaban.
Non lle quedou máis remedio que recoñecer entre bágoas
que o tictac do amor deixara de soar
había ben tempo.

339

Se non fose
 polos teus
 folgos
 azos
 ou alento
ata eu
 estaría
 canso
 de
 amar

341

Vivir xuntos
 é un desexo.
Seguir vivindo
 xuntos,
unha necesidade.

ESTUDOS/STUDIES

Carlos Caetano Biscainho Fernandes

- A Escola Dramática Galega (1978-1994) e o sistema literario 9-35
The 'Galician Drama School' (1978-1994) and the literary system

343

Mónica Domínguez

- As primeiras traducións de literatura infantil e xuvenil ao galego: normas de tradución, difusión e recepción 37-60
The first translations of children's literature into Galician: patterns of translation, diffusion and reception

Jon Kortazar

- Memoria e guerra civil na narrativa vasca (1937-2007) . . . 61-89
Memory and the Civil War in Basque narrative (1937-2007)

Paulo Alexandre Pereira

- Medievalite*: António Nobre e o medievalismo finissecular 91-117
Medievalitis: António Nobre and fin de siècle medievalism

Beatriz Helena Robledo

- Panorama histórico da literatura infantil colombiana 119-153
A historical overview of Colombian children's literature

O PORCO DE PÉ

*(Oitenta anos despois)**Oitenta anos d'O porco de pé. Nota da dirección* 158*O porco de pé eighty years on. Note from the Editorial Board**Manuel Forcadela**O porco de pé como cronografía* 159-184*O porco de pé as chronography**Alva Martínez Teixeira**O porco de pé ou a desilusión permanente**(Un exercicio da retórica da denigración)* 185-209*O porco de pé, or permanent disillusion**(An exercise in the rhetoric of denigration)**César C. Morán Fraga**Regreso a O porco de pé* 211-238*Another look at O porco de pé**Anxo Tarrío Varela**O porco de pé e algo máis* 239-256*More than just O porco de pé*

NOTAS / NOTES

*Cecilia Fernández Santomé**“The mark on the wall”, de Virginia Woolf:**Análise e significación das formas narrativas* 257-268*Virginia Woolf's The mark on the wall: Analysis and
significance of the narrative forms**Ana Margarida Ramos**Literatura para a infancia portuguesa contemporânea –**leituras da história da Revolução de Abril* 269-278*Contemporary portuguese children's literature-readings of
History of April Revolution*

Sara Reis da Silva

Tendências da narrativa juvenil contemporânea:

o caso de Ana Saldanha 279-295

Trends in contemporary children's narrative: Ana Saldanha

DOCUMENTOS / DOCUMENTS

Eugenio Otero Urtaza

Dos arquivos de Cesáreo Briones Varela.

Antonio Ramos Varela. Noticia dun intelectual

libertario esquecido 297-316

*Antonio Ramos Varela. News of a forgotten libertarian in
the papers of Cesáreo Briones Varela*

M^a Aránzazu Serantes López

Correspondencia José Ángel Valente-

María Zambrano 317-328

Correspondence between José Ángel Valente and María Zambrano

345

ENCONTROS / RENDEZVOUS

Ana Margarida Ramos

Blanca-Ana Roig Rechou

Encontro con José António Gomes /

João Pedro Mésseder en Porto 329-349

Conversation with José António Gomes /

João Pedro Mésseder in Porto

Isabel Mociño González

João Luís Ceccantini

Encontro con Tania Mariza Kuchenbecker Rösing

en Passo Fundo. Rio Grande do Sul 351-364

Conversation with Tania Mariza Kuchenbecker Rösing in

Passo Fundo. Rio Grande do Sul

LIBROS / BOOKS

Hélio Alves

Tempo para entender. História comparada da
Literatura Portuguesa

(*Raquel Bello Vázquez*) 365-366

Pedro C. Cerrillo e César Sánchez Ortiz (coords.)

La palabra y la memoria (Estudios sobre Literatura
Popular Infantil)

(*Ángel Luis Luján*) 367-373

David Davies

Aesthetics and Literature

(*Jesús Saavedra Carballido*) 374-381

Manuela Palacios González e Helena González Fernández

(*eds.*)

Palabras extremas: Escritoras gallegas e irlandesas
de hoy

(*Lourdes Salgado*) 382-389

Blanca Ana Roig Rechou

La literatura infantil y juvenil gallega en el siglo XXI.
Seis llaves para entenderla mejor/A literatura infantil
e xuvenil galega no século XXI. Seis chaves para
entendela mellor

(*Marta Neira Rodríguez*) 389-397

Blanca-Ana Roig Rechou, Pedro Lucas Domínguez e

Isabel Soto López (coords.)

A Guerra Civil Española na narrativa infantil
e xuvenil

(*María del Carmen Ferreira Boo*) 397-408

Darío Villanueva Prieto
Imágenes de la ciudad. Poesía y cine,
de Withman a Lorca
(*Iria Castro López*) 408-414

CREACIÓN
Antonio García Teijeiro 415-428

Abuín González, Anxo	Nº 27, “Estudos”, pp. 13-24 Nº 33, “Introducción”, pp. 9-10 Nº 33, “Encontros”, pp. 281-298
Agra Pardiñas, María Jesús	Nº 32, “Libros”, pp. 293-296
Agrelo Costas, Eulalia	Nº 28, “Libros”, pp. 240-247 Nº 32, “Libros”, pp. 302-306
Alhegue Leira, Carlos	Nº 25, “Notas”, pp. 91-108
Alonso Girgado, Luis	Nº 30, “Libros”, pp. 149-151
Amado Rodríguez, Teresa	Nº 23, “Estudos”, pp. 7-38 Nº 23, “Libros”, pp. 212-216
Araújo García, M ^a Teresa	Nº 24, “Notas”, pp. 73-76 Nº 31, “Libros”, pp. 169-170
Araúxo García, Nuria	Nº 27, “Notas”, pp. 137-146
Arbach, Marla	Nº 34, “Libros”, pp. 282-286
Arias Freixedo, X. Bieito	Nº 24, “Notas”, pp. 77-82
Asensi, Xaime	Nº 35, “Encontros”, pp. 227-247
Axeitos, Xosé Luís	Nº 23, “Documentos”, pp. 183-188 Nº 24, “Documentos”, pp. 169-175 Nº 25, “Documentos”, pp. 147-156 Nº 27, “Documentos”, pp. 231-236 Nº 28, “Documentos”, pp. 165-169 Nº 29, “Documentos”, pp. 131-138 Nº 30, “Documentos”, pp. 111-116 Nº 31, “Documentos”, pp. 159-168

Baldomir Cabanas, Xohán X.	Nº 36-37, “Estudos”, pp. 7-36
Barbeito, Manuel	Nº 24, “Encontros”, pp. 145-168 “Monografías”, pp. 25-28
Becerra, Carmen	Nº 27, “Estudos”, pp. 25-38
Bello Vázquez, Raquel	Nº 39-40, “Libros”, pp. 365-366
Bessière, Jean	Nº 33, “Estudos”, pp. 11-23
Biscaíño Fernandes, Carlos C.	Nº 39-40, “Estudos”, pp. 9-35
Blanco Mourelle, Noel	Nº 34, “Estudos”, pp. 9-35
Blanco Outón, Cristina	Nº 25, “Notas”, pp. 109-125
Blanco Valdés, Juan L.	Nª 25, “Documentos”, pp. 157-166
350 Blockeel, Francesca	Nº 38, “Estudos”, pp. 7-27
Bravo, José-María	Nº 27, “Estudos”, pp. 39-65
Buescu, Helena	Nº 33, “Estudos”, pp. 25-42
Cacheiro Varela, Maximino	Nº 24, “Libros”, pp. 187-191
Campos Villar, Xabier	Nº 24, “Libros”, pp. 206-209
Carbón Puente, Inmaculada	Nº 28, “Estudos”, pp. 7-29
Casas, Arturo	Nº 24, “Encontros”, pp. 179-199 Nº 26, “Bibliografías”, pp. 7-319 Nº 30, “Encontros”, pp. 127-147
Casas Rigall, Juan	Nº 35, “Estudos”, pp. 23-45
Castro, Eva	Nº 33, “Libros”, pp. 299-302

Castro López, Iria	Nº 39-40, “Libros”, pp. 408-414
Ceccantini, João Luís	Nº 39-40, “Encontros”, pp. 351-364
Cerrillo, Pedro C.	Nº 32, “Estudos”, pp. 15-31 Nº 38, “Libros”, pp. 193-195
Comba, Mercedes	Nº 27, “Libros”, pp. 263-269
Company Ramón, Juan Miguel	Nº 27, “Notas”, pp. 147-154
Cornago, Óscar	Nº 33, “Estudos”, pp. 43-63
Dasilva, Xosé Manuel	Nº 24, “Libros”, pp. 182-187 Nº 25, “Estudos”, pp. 7-34 Nº 25, “Libros”, pp. 211-216 Nº 28, “Notas”, pp. 125-137 Nº 29, “Libros”, pp. 230-235 Nº 30, “Libros”, pp. 152-156 Nº 31, “Notas”, pp. 81-91 Nº 33, “Notas”, pp. 253-267 Nº 38, “Libros”, pp. 186-190
De Azevedo Filho, Leodegário A.	Nº 28, “Notas”, pp. 117-123
De Frutos Martínez, M ^a Consuelo	Nº 34, “Estudos”, pp. 67-88
Del Río, Manuel	Nº 33, “Estudos”, pp. 159-231
Díaz Lage, Santiago	Nº 23, “Estudos”, pp. 37-76
Díaz Padilla, Fausto	Nº 29, “Libros”, pp. 226-230
Domínguez Pena, Susana	N ^a 23, “Libros”, pp. 238-240
Domínguez Pérez, Mónica	Nº 30, “Libros”, pp. 164-169 Nº 31, “Libros”, pp. 180-183 Nº 34, “Libros”, pp. 293-296 Nº 39-40, “Estudos”, pp. 37-60

Domínguez Prieto, César	Nº 27, “Notas”, pp. 155-164 Nº 33, “Introducción”, pp. 9-10 Nº 33, “Encontros”, pp. 281-298 Nº 34, “Estudos”, pp. 37-65
Duran Armengol, Teresa	Nº 32, “Estudos”, pp. 33-50 Nº 32, “Notas”, pp. 211-219
Ehin, Andres	“Monografías”, pp. 51-61
Etxaniz Erle, Xabier	Nº 23, “Estudos”, pp. 77-100
Facal, Xaquín	Nº 28, “Documentos”, pp. 171-178
Fernández, Luis Miguel	Nº 27, “Notas”, pp. 165-181
Fernández Álvarez, Xerardo	Nº 23, “Estudos”, pp. 101-118 Nº 23, “Libros”, pp. 240-243
352 Fernández Rodríguez, Manuel	Nº 23, “Notas”, pp. 119-136
Fernández Santomé, Cecilia	Nº 39-40, “Notas”, pp. 257-268
Fernández Vázquez, Mar	Nº 38, “Libros”, pp. 199-207
Ferreira Boo, María del Carmen	Nº 39-40, “Libros”, pp. 397-408
Forcadela, Manuel	Nº 39-40, “O porco...” pp. 159-184
Fra López, Patricia	Nº 27, “Limiar”, pp. 11-12 Nº 27, “Estudos”, pp. 67-92 Nº 32, “Estudos”, pp. 51-66
Fraga de Azevedo, Fernando	Nº 31, “Estudos”, pp. 5-16
García Candeira, Margarita	Nº 35, “Libros”, pp. 249-256
Gasca, María Asunción	Nº 28, “Encontros”, pp. 179-226

Gil González, Antonio J.	Nº 23, “Libros”, pp. 205-212 Nº 27, “Libros”, pp. 287-294 Nº 35, “Introducción”, pp. 13-22 Nº 35, “Encontros”, pp. 227-247
Gnisci, Armando	Nº 33, “Estudos”, pp. 65-92
Gomes, José António	Nº 31, “Estudos”, pp. 17-27 Nº 32, “Estudos”, pp. 67-102 Nº 32, “Notas”, pp. 221-230
González, Norma R.	Nº 27, “Libros”, 277-279
González Ahola, Tomás	Nº 33, “Estudos”, pp. 65-92 Nº 34, “Libros”, pp. 286-288
González Herrán, José Manuel	Nº 27, “Notas”, pp. 183-198 Nº 27, “Encontros”, pp. 237-261
González Fernández, Anxo	Nº 29, “Estudos”, pp. 5-20
Guarinos, Virginia	Nº 27, “Estudos”, pp. 93-105
Gutiérrez García, Santiago	Nº 25, “Estudos”, pp. 35-49 Nº 31, “Estudos”, pp. 29-47
Harguindey, Breixo	Nº 35, “Estudos”, pp. 47-60
Hermida, Germán	Nº 35, “Estudos”, pp. 61-71
Hueso Montón, Ángel Luís	Nº 27, “Estudos”, pp. 107-120
Huerta, Ángeles	Nº 33, “Estudos”, pp. 65-92
Iacob, Mihai	Nº 36-37, “Estudos”, pp. 37-59
Kaplinski, Jaan	“Monografías”, pp. 65-75

	Koprda, Pavol	Nº 34, “Estudos”, pp. 89-103
	Kortazar, Jon	Nº 28, “Estudos”, pp. 31-65 Nº 30, “Estudos”, pp. 5-46 Nº 31, “Notas”, pp. 93-110 Nº 36-37, “Estudos”, pp. 61-92 Nº 39-40, “Estudos”, pp. 61-89
	Krull, Hasso	“Monografías”, pp. 153-159
	Llantada Díaz, María Francisca	Nº 24, “Libros”, pp. 177-182 Nº 24, “Libros”, pp. 191-194
	Lluch, Gemma	Nº 32, “Estudos”, pp. 103-120 Nº 32, “Libros”, pp. 279-293
	Liikanena, Elina	Nº 33, “Estudos”, pp. 65-92
354	Lojo Rodríguez, Laura M ^a	Nº 23, “Notas”, pp. 137-141 Nº 23, “Libros”, pp. 216-219 Nº 24, “Libros”, pp. 201-206 Nº 25, “Notas”, pp. 127-132 Nº 33, “Libros”, pp. 318-321
	López Fariña, Montserrat	Nº 28, “Libros”, pp. 227-234
	López López, María Yolanda	Nº 29, “Libros”, pp. 221-225
	López Pérez, Ana Belén	Nº 33, “Libros”, pp. 321-325
	López Silva, José Antonio	Nº 28, “Libros”, pp. 235-240
	López Suárez, María	Nº 33, “Estudos”, pp. 65-92
	Lorenzo García, Lourdes	Nº 38, “Estudos”, pp. 97-121
	Lorenzo Gradín, Pilar	Nº 23, “Estudos”, pp. 7-38

Louzao, Miguel	Nº 23, “Libros”, pp. 232-234
Luis Gamallo, María	Nº 24, “Notas”, pp. 99-109 Nº 29, “Notas”, pp. 109-121
Luján, Ángel Luis	Nº 39-40, “Libros”, pp. 367-373
Malheiro, Rui	Nº 35, “Estudos”, pp. 155-178
Marcenaro, Simone	Nº 38, “Estudos”, pp. 29-51
Marcos, Maria Madalena	Nº 36-37, “Libros”, pp. 290-293
Martínez Teixeira, Alva	Nº 39-40, “O porco...”, pp. 185-209
Martul, Luis R.	Nº 23, “Libros”, pp. 235-238 Nº 24, “Libros”, pp. 195-198 Nº 28, “Estudos”, pp. 67-93
Mayo Fernández, Raúl	Nº 34, “Libros”, pp. 277-282
Merino, Ana	nº 35, “Estudos”, pp. 73-83
Mignolo, Walter D.	Nº 34, “Estudos”, pp. 105-129
Mihkelson, Ene	“Monografías”, pp. 109-117
Mirón Domínguez, Natalia	Nº 36-37, “Libros”, pp. 276-282
Mociño González, Isabel	Nº 25, “Libros”, pp. 201-203 Nº 32, “Documentos”, pp. 251-259 Nº 32, “Libros”, pp. 275-279 Nº 39-40, “Encontros”, pp. 351-364
Monteagudo, Teresa	Nº 30, “Libros”, pp. 159-162 Nº 30, “Libros”, pp. 162-164
Moo Pedrosa, Xosé Manuel	Nº 23, “Notas”, pp. 143-151

- Morales Astola, Rafael N° 33, “Estudos”, pp. 93-122
- Morán Fraga, César C. N° 39-40, “O porco...”, pp. 211-238
- Neira Rodríguez, Marta N° 31, “Notas”, pp. 111-133
N° 31, “Libros”, pp. 171-174
N° 32, “Encontros”, pp. 261-271
N° 38, “Documentos”, pp. 123-141
N° 38, “Libros”, pp. 179-182
N° 39-40, “Libros”, pp. 389-397
- Noia, Camiño N° 36-37, “Notas”, pp. 213-226
- Nogueira Pereira, María Xesús N° 24, “Libros”, pp. 198-201
N° 25, “Documentos”, pp. 167-177
N° 29, “Documentos”, pp. 139-145
N° 30, “Libros”, pp. 1157-159
N° 38, “Estudos”, pp. 53-75
N° 38, “Libros”, pp. 182-185
- Olaziregi Alustiza, Mari Jose N° 24, “Estudos”, pp. 7-22
N° 32, “Estudos”, pp. 121-139
N° 32, “Notas”, pp. 231-242
N° 36-37, “Encontros”, pp. 247-254
N° 38, “Estudos”, pp. 77-96
- Otero Blanco, Ángel N° 27, “Notas”, pp. 199-209
N° 27, “Libros”, pp. 280-287
- Otero Urtaza, Eugenio N° 39-40, “Documentos”, pp. 297-316
- Palacios González, Manuela “Monografías”, pp. 25-28
N° 33, “Estudos”, pp. 123-133
N° 38, “Encontros”, pp. 143-159
- Pardo de Neyra, Xulio N° 23, “Documentos”, pp. 189-203
N° 24, “Estudos”, pp. 23-56
N° 29, “Estudos”, pp. 21-43

Pascual Rodríguez, Roberto	Nº 33, “Notas”, pp. 269-280
Patiño Loira, Javier	Nº 36-37, “Estudos”, pp. 93-120
Pedrós Gascón, Antonio Francisco	Nº 24, “Notas”, pp. 111-123 Nº 28, “Encontros”, pp. 179-226
Pereira, Paulo Alexandre	Nº 36-37, “Estudos”, pp. 121-148 Nº 39-40, “Estudos”, pp. 91-117
Pereira, Maria de Lourdes	Nº 30, “Estudos”, pp. 47-68
Pérez Barcala, Gerardo	Nº 23, “Libros”, pp. 226-230
Pérez Pérez, Noemí	Nº 25, “Libros”, pp. 207-211
Pérez Pico, Susana	Nº 27, “Libros”, pp. 270-273
Pérez Rodríguez, Luís	Nº 31, “Notas”, pp. 135-148
Pérez Varela, Carlos	Nº 23, “Libros”, pp. 230-232 Nº 29, “Estudos”, pp. 45-59
Pires, Eduardo	Nº 33, “Libros”, pp. 308-317
Pociña López, Andrés Xosé	Nº 24, “Estudos”, pp. 57-71
Pons, Álvaro M.	Nº 35, “Estudos”, pp. 85-111
Rábade Villar, María do Cebreiro	Nº 24, “Notas”, pp. 83-98 Nº 33, “Estudos”, pp. 135-157
Ramil, Ana	Nº 33, “Libros”, pp. 299-302
Ramos, Ana Margarida	Nº 31, “Estudos”, pp. 49-80 Nº 32, “Libros”, pp. 273-275 Nº 36-37, “Estudos”, pp. 149-167 Nº 36-37, “Libros”, pp. 286-288

	Nº 39-40, "Notas", pp. 269-278
	Nº 39-40, "Encontros", pp. 329-349
Ramos, Rui	Nº 36-37, "Libros", pp. 288-290
Regueira, Mario	Nº 36-37, "Notas", pp. 227-238
Rei Lema, Xosé María	Nº 24, "Notas", pp. 125-132
Reis, Carlos	Nº 34, "Estudos", pp. 131-146
Reis da Silva, Sara	Nº 31, "Libros", pp. 174-179
	Nº 32, "Libros", pp. 299-302
	Nº 36-37, "Estudos", pp. 149-167
	Nº 36-37, "Encontros", pp. 255-267
	Nº 36-37, "Libros", pp. 282-286
	Nº 39-40, "Notas", pp. 279-295
358 Retolaza, Iratxe	Nº 33, "Estudos", pp. 65-92
	Nº 35, "Estudos", pp. 113-154
Ríos Carratalá, Juan A.	Nº 27, "Notas", pp. 211-222
	Nº 34, "Estudos", pp. 147-162
Robledo, Beatriz Helena	Nº 39-40, "Estudos", pp. 119-153
Roca Ricart, Rafael	Nº 36-37, "Libros", pp. 293-296
Rodiño Caramés, Ignacio	Nº 23, "Libros", pp. 219-225
Rodríguez, Luciano	Nº 25, "Notas", pp. 133-146
Rodríguez Fer, Claudio	Nº 23, "Notas", pp. 153-160
Rodríguez González, Olivia	Nº 36-37, "Libros", pp. 269-276
Rodríguez Posada, Adolfo	Nº 34, "Libros", pp. 288-293

Roig Rechou, Blanca-Ana	Nº 32, “Estudos”, pp. 141-167 Nº 32, “Libros”, pp. 297-298 Nº 36-37, “Encontros”, pp. 255-267 Nº 38, “Encontros”, pp. 161-178 Nº 39-40, “Encontros”, pp. 329-349
Romero Triñanes, Mario	Nº 23, “Notas”, pp. 161-181
Ruibal, Euloxio R.	Nº 29, “Documentos”, pp. 147-166 Nº 38, “Libros”, pp. 195-198
Rummo, Paul-Eerik	“Monografías”, pp. 79-91
Runnel, Hando	“Monografías”, pp. 35-47
Ruzicka Kenfel, Veljka	Nº 38, “Estudos”, pp. 97-121
Saavedra Carballido, Jesús	Nº 39-40, “Libros”, pp. 374-381
Salgado, Daniel	Nº 33, “Estudos”, pp. 233-251 Nº 33, “Libros”, pp. 302-307
Salgado, Lourdes	Nº 39-40, “Libros”, pp. 382-389
Salgado, Xosé M.	Nº 30, “Documentos”, pp. 117-126
Sánchez Llama, Íñigo	Nº 29, “Estudos”, pp. 61-74
Sánchez Moreiras, Miriam	Nº 25, “Libros”, pp. 203-206 Nº 28, “Libros”, pp. 247-250
Sánchez Noriega, José Luis	Nº 27, “Notas”, pp. 223-230
San Román, Gustavo	Nº 28, “Notas”, pp. 139-152
Seoane, Isabel	Nº 24, “Notas”, pp. 133-143
Serantes López, Arantxa	Nº 36-37, “Notas”, pp. 239-245 Nº 39-40, “Documentos”, pp. 317-328

	Sicart Vila, Miguel	Nº 27, “Libros”, pp. 273-277
	Silva, Marie Manuelle	Nº 35, “Estudos”, pp. 155-178
	Sinopoli, Franca	Nº 34, “Estudos”, pp. 163-189
	Sobrino, Iria	Nº 31, “Libros”, pp. 183-185
	Sodaro, Giorgia	Nº 30, “Notas”, pp. 83-109
	Soomets, Triin	“Monografías”, pp. 163-169
	Soto, Isabel	Nº 38, “Encontros”, pp. 161-178
	Sotomayor Sáez, María Victoria	Nº 32, “Estudos”, pp. 169-187 Nº 32, “Notas”, pp. 243-250 Nº 32, “Libros”, pp. 306-310
360	Stoch, Ewa	Nº 33, “Estudos”, pp. 65-92
	Suárez Díaz, Vitor	Nº 33, “Estudos”, pp. 65-92
	Talvet, Jüri	“Monografías”, pp. 11-23 “Monografías”, pp. 121-133 Nº 29, “Notas”, pp. 123-130
	Tarrío Varela, Anxo	Nº 26, “Introducción”, pp. 5-6 Nº 27, “Presentación”, pp. 9-10 Nº 27, “Encontros”, pp. 237-261 Nº 33, “Encontros”, pp. 281-298 Nº 35, “Presentación”, pp. 7-11 Nº 36-37, “Estudos”, pp. 169-198 Nº 39-40, “O porco...”, pp. 239-256
	Tavares Maleval, Maria do Amparo	Nº 28, “Notas”, pp. 153-163
	Teixeira da Silva, Carlos	Nº 36-37, “Libros”, pp. 290-293

Tlostanova, Madina	Nº 34, “Estudos”, pp. 191-220
Torreiro, Henrique	Nº 35, “Estudos”, pp. 179-189
Tötösy de Zepetnek, Steven	Nº 34, “Estudos”, pp. 221-242
Vallisoo, Mari	“Monografías”, pp. 137-149
Varela Tembra, Juan José	Nº 38, “Libros”, pp. 190-192
Varillas, Rubén	Nº 35, “Estudos”, pp. 191-225
Vázquez García, Celia	Nº 32, “Estudos”, pp. 189-210
Vázquez-Monxardín Fernández, Afonso	Nº 29, “Documentos”, pp. 167-220
Vieites, Manuel F.	Nº 25, “Estudos”, pp. 51-90 Nº 29, “Estudos”, pp. 75-108
Viiding, Juhan	“Monografías”, pp. 95-105
Vilariño Picos, M ^a Teresa	Nº 27, “Limiar”, pp. 11-12 Nº 27, “Estudos”, pp. 121-136 Nº 34, “Estudos”, pp. 243-275
Villanueva, Darío	Nº 31, “Notas”, pp. 149-157
Walshe, Eibhear	Nº 30, “Estudos”, pp. 69-82
Zilberman, Regina	Nº 36-37, “Estudos”, pp. 199-212
Zima, Pierre V.	Nº 28, “Estudos”, pp. 95-115

Asensi, Xaime	Nº 35, pp. 265-273 [257-265]
Blanco Valdés, Juan L.	Nº 31, pp. 197-205 [187-195]
Caride, Ramón	Nº 29, pp. 147-158 [237-248]
Carro, Xavier	Nº 23, pp. 11-20 [245-254]
Castaño, Yolanda	Nº 28, pp. 115-126 [251-262]
Cráneo, Manel	Nº 35, pp. 275-277 [267-269]
Da Silva, Kiko	Nº 35, pp. 285-286 [277-278]
De Toro, Suso	Nº 27, pp. 95-108 [295-308] Nº 32, pp. 237-245 [329-337]
Docampo, Xabier P.	Nº 32, pp. 227-235 [319-327]
Durán, Juan	Nº 24, pp. 216-218 [44-46]
Fernán-Vello, Miguel Anxo	Nº 24, pp. 39-46 [211-218]
Fernández, José Carlos	Nº 35, pp. 279-284 [271-276]
Fernández Freixanes, Víctor	Nº 23, pp. 21-32 [255-266]
Fernández Paz, Agustín	Nº 31, pp. 207-214 [197-204] Nº 32, pp. 219-226 [311-318]
García Teijeiro, Antonio	Nº 39-40, pp. 329-342 [415-428]
González Tosar, Luís	Nº 30, pp. 181-192 [179-190]
Martínez Conde, Ricardo	Nº 36-37, pp. 291-303 [297-309]

Penas, Ángeles	Nº 25, pp. 61-73 [217-229]
Perozo, Xosé Antonio	Nº 25, pp. 75-83 [231-239]
Queipo, Xavier	Nº 28, pp. 127-135 [263-271]
Rábade Villar, María do Cebreiro	Nº 30, pp. 173-180 [171-178]
Raña Lama, Román	Nº 24, pp. 47-54 [219-226]
Salgado, Daniel	Nº 38, pp. 311-322 [209-220]
Villalta, Luísa	Nº 29, pp. 159-167 [249-257]

Asensi, Xaime	Nº 31 [195]
Blanco Mosquera, Vicente	Nº 38 [309]
Bouzas, José Manuel	Nº 30 [171]
Capdevila, Roser	Nº 32 [217]
Casas, Víctor	Nº 26 [89]
Cidrás, Salvador	Nº 39-40 [327]
Díaz, Ana	Nº 33 [251]
Díaz, Ramón	Nº 34 [257]
Díaz Villarías, Mercedes	Nº 28 [113]
Luís, Gémeo	Nº 36-37 [289]
Mene, Alex	Nº 23 [9]
Míguez de la Sierra, Amabel	Nº 27 [93]
Prado, Miguelanxo	Nº 24 [37]
Pulido, Antón	Nº 25 [59]
Ramos, Baldo	Nº 29 [145]
Tolli, Vive	M-2 [141]
Vázquez Rico, Alberto	Nº 35 [263]

Dase en [corchetes] a paxinación correspondente a este volume

INSTRUCCIÓN AOS AUTORES

As persoas interesadas en enviar artigos, notas ou recensións de libros para a súa publicación no *Boletín Galego de Literatura* deberán aterse ás seguintes normas:

1ª) Os traballos serán inéditos e versarán sobre temas relacionados coa Literatura, en xeral, Teoría e Crítica literarias.

2ª) Aceptaránse traballos escritos en galego, castelán, portugués, catalán, francés, italiano, inglés ou alemán, aínda que todos, excepto os portugueses ou os que teñan por destino a sección “Documentos”, aparecerán en galego co permiso dos/as autores/as.

3ª) Os traballos orixinais provenientes do alumnado universitario deberán vir avalados polo titor e mais o profesor/a que os dirixiu, á parte de ser sometidos aos criterios que se explicitan nestas instrucións.

4ª) De cada traballo presentaranse dúas copias impresas e unha copia electrónica. Nesta última rotularase o nome do/a(s) autor/a(es/as) e o título completo do seu traballo. Rogamos que, antes de remitírnola, cada autor se asegure de que a copia electrónica que nos envía non vén infectada con ningún virus. Os traballos dirixiranse ao enderezo electrónico: bgl@usc.es.

5ª) A extensión máxima dos traballos será de 30 páxinas para os artigos, 12 para as notas e 6 para as recensións. O texto xeral do traballo e a bibliografía final, caso de habela, escribíranse con letra de corpo 12; as notas a pé de páxina, as citas con parágrafo á parte e sangrado e os superíndices e subíndices escribíranse con letra de corpo 10; o título do traballo aparecerá con letra de corpo 12.

6ª) Os orixinais estarán debidamente redactados e puntuados.

7ª) Os artigos e as notas deberán ir encabezados da seguinte maneira:

Título do artigo ou da nota: centrado con minúscula negra de corpo 12.

Nome e apelidos do/a autor/a: debaixo do título, centrado, con minúscula redonda de corpo 12.

Universidade (ou centro de traballo) á que pertence o/a autor/a: debaixo do nome, centrado, con minúscula redonda de corpo 12.

Breve resumo/abstract do artigo ou nota para traducilo ao inglés, caso de que non veña redactado nesta lingua. Esta tradución correrá a cargo do equipo da revista.

8ª) As recensións encabezaránse coa ficha bibliográfica completa do traballo comentado, seguindo o modelo seguinte:

Gemma Lluch. 2003. *Análisis de narrativas infantiles y juveniles*. Cuenca: Ediciones de la Universidad de Castilla-La Mancha. Col. Arcadia, 7. 253 pp.

O nome do/a autor/a da recensión poñeráse ao final do traballo sen indicar a universidade (ou centro) á que pertence.

9ª) As citas curtas que non superen as tres liñas situaranse entre aspas dobres no texto principal e levarán letra redonda (nunca cursiva) de corpo 12. As citas máis longas colocaranse en parágrafo á parte, con sangría pola esquerda, con letra de corpo 10. Unha cita dentro doutra cita marcarase con aspas simples.

10ª) Cando se propoñan exemplos, estes poderan situarse fóra do texto ou incorporados a el. Se se opta pola primeira posibilidade, a primeira letra do exemplo será maiúscula e a letra empregada a redonda.

Se se opta por incorporar os exemplos ao texto do traballo, deberase comezar con minúscula e utilizarase a cursiva.

11ª) Aínda que na revista aparecerán sempre a pé de páxina, nos traballos que se envíen ao *Boletín Galego de Literatura* as notas presentaranse ao final do texto, numeradas correlativamente e dentro dun único arquivo electrónico. As chamadas das notas dentro do texto deberan compoñerse en superíndice e con caracteres de corpo 10. Nestes casos o punto, coma ou punto e coma poñeranse sempre despois do número en superíndice, nunca antes. Se hai comiñas, situaranse sempre antes do número da nota ou, de ser o caso, antes do punto, coma ou punto e coma.

12ª) Se se pon a bibliografía citada ao final do traballo, recoméndase que sempre que sexa posíbel se eviten as notas a pé de páxina, de tal maneira que as referencias se introduzan entre parénteses dentro do propio texto e de acordo con algún dos seguintes dous sistemas:

368

A) (Bobes Naves, 1989, p. 47).

B) (Bobes Naves, 1989: 47).

Ás veces os nomes dos autores citados poderán ir dentro do propio texto, e non entre parénteses. Véxanse estes exemplos:

A) Como xa sinalou Bobes Naves (1990, p. 50), a literatura...

B) Como xa sinalou Bobes Naves (1990: 50), a literatura...

13ª) Se non se pon a bibliografía citada ao final do artigo ou da nota, darase sempre a referencia bibliográfica completa na primeira ocorrencia de cada traballo que se cite. Isto farase en nota a pé de páxina e seguindo o sistema que se contempla na norma 14ª, salvo no tocante á orde de colocación do(s) nome(s) e apelido(s): a inversión nome(s) + apelido(s) > apelido(s), nome(s) só se realizará nas fichas bibliográficas que, de ser o caso, se presenten ao final do texto. Velaquí, pois, un exemplo da fórmula de referencia bibliográfica a pé de páxina que se propón:

R. Cacho Casal. 2003. *La poesía burlesca de Quevedo*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, p. 48.

En lugar de poñer unicamente a inicial ou iniciais do nome ou nomes do autor ou autores, poderase tamén poñelo(s) por enteiro:

Rodrigo Cacho Casal. 2003. *La poesía burlesca de Quevedo*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, p. 48.

Logo da súa primeira aparición, os traballos que se volvan citar indicaranse en nota a pé de páxina, usando fórmulas do tipo *op. cit.*, *Ibidem*, etc.

14ª) En todo caso, sexa cal sexa o sistema de notas que se empregue, procédase sempre de maneira clara, coherente e sistemática. Por outra banda, recomendamos que non se abuse delas, de tal maneira que vaia no propio corpo do traballo todo aquilo que poida aparecer nel. Así mesmo, aconsellamos que as notas non sobrepassen as dez liñas de extensión.

15ª) Aínda que non é necesario, recomendamos que as obras citadas no texto se relacionen ao final do traballo seguindo a orde alfabética. Esta sección irá encabezada pola palabra **Bibliografía** en letra negra.

As fichas bibliográficas de libros, artigos de revista ou colaboracións integradas en obras colectivas compoñeranse seguindo o seguinte sistema:

Cacho Casal, R. 2003. *La poesía burlesca de Quevedo*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.

Ramos, Ana Margarida. 2005. “Paz e Guerra: os conflitos bélicos na literatura portuguesa para a infancia”, en *Boletín galego de literatura*, nº 31, pp. 49-80.

Casas, Arturo. 2004. “Catro modelos para a nova Historia literaria comparada. Unha aproximación epistemolóxica”, en *Bases metodolóxicas para unha historia comparada das literaturas da península Ibérica* (coords. A. Abuín e A. Tarrío). Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, pp. 45-72.

Recórdese que poderase poñer só a inicial ou iniciais do nome ou nomes do autor ou autores ou ben escribilos por enteiro. Os apelidos e nome/s dos autores escribiranse inescusablemente con letra minúscula.

16ª) Os editores reservamos o dereito de facermos leves alteracións nos traballos recibidos coa única finalidade de corrixirmos erros mecánicos ou lingüísticos. Se as modificacións necesarias fosen considerábeis, consultarase co autor ou autores para lle(s) pedir a súa aprobación para facelas.

17ª) Os traballos recibidos que se axusten a estas normas técnicas serán avaliados por dous especialistas, pero será a dirección da revista e o Consello científico quen decida sobre a súa publicación.